

XUNTA DE GOBERNO
Sesión do día 26 de xuño de 2026
-----o0o-----

En Pontevedra, na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, sendo as dez horas e corenta e nove minutos do día vinte e seis de xuño do ano dous mil vinte e seis, baixo a Presidencia de *Luis López Diéguez*, Presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, reuníronse as/os señoras/es deputadas/os, *Rafael Domínguez Artime, Luisa Sánchez Méndez, Roberto José Álvarez Carrero, Juan Pablo Castillo Amigo, Jorge Cubela López, Ricardo Martínez Chantada, Manuel Alejandro Lorenzo Alonso, María Pilar Ramallo Vázquez e Jesús Vázquez Almuíña*, co obxecto de celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno, con carácter executivo, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Da fe do acto María Beatriz del Cerro del Río, Secretaria, e está presente a Viceinterventora, *Susana Escaloni Varela*.

Así mesmo, están presentes as deputadas *Paula Bouzós Barros e Belén Cachafeiro Anta* e o deputado *Javier Tourís Romero*.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

1.37311.- ACTA ANTERIOR

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade a aprobación do borrador da acta da sesión ordinaria do día 19 de xuño de 2026.

2.37312.- CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, PARA O FINANCIAMENTO DOS CUSTOS DA PRESTACIÓN DE SERVIZOS DE INFORMACIÓN E ATENCIÓN AO PÚBLICO EN OFICINAS DE TURISMO ADHERIDAS Á REDE DE OFICINAS DE TURISMO INFO RÍAS BAIXAS CORRESPONDENTES AO ANO 2026. (EXPTE.2025067180)

I. ANTECEDENTES

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, na súa sesión ordinaria do día 23 de xaneiro de 2026 acordou aprobar as bases reguladoras das subvencións en réxime de concorrência competitiva para o financiamento dos custos da prestación de servizos de información e atención ao público en oficinas de turismo adheridas á rede de oficinas "INFO RIASBAIXAS" correspondentes ao ano 2026.



As bases reguladoras das subvencións e o extracto das mesmas foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) nº 19 de 29 de xaneiro de 2026 e no portal da Base de Datos Nacional de Subvencións.

O prazo de presentación de solicitudes era dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria e do extracto no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO). En consecuencia, o prazo de presentación de solicitudes comezou o 30 de xaneiro de 2026 e rematou o 02 de marzo de 2026.

Durante o prazo establecido para a presentación de solicitudes, presentáronse as seguintes:

Nº	Código do rexistro	Data de rexistro	NIF	SOLICITANTE	
				CONCELLO	Oficina e/ou Punto de información tca.
1	WEB2026006879	03/02/2026 14:05	P3605500B	CONCELLO DE TUI	Oficina de Turismo de Tui
2	WEB2026007290	04/02/2026 14:34	P3605300G	CONCELLO DE SOUTOMAIOR	Punto de información turística de Soutomaior
3	WEB2026007882	06/02/2026 11:06	P3605200I	CONCELLO DE SILLEDA	Punto de información turística Mosteiro de Carboeiro
4	WEB2026007999	06/02/2026 14:16	P3602300J	CONCELLO DE A GUARDA	Oficina de Turismo de A Guarda
5	WEB2026008051	06/02/2026 20:45	P8600004I	CONCELLO DE A ILLA DE AROUSA	Punto de información turística de A Illa de Arousa – Museo da Conserva
6	WEB2026008513	10/02/2026 10:44	P3605000C	CONCELLO DE SALVATERRA DO MIÑO	Punto de información turística de Salvaterra – Museo da Ciencia do Viño
7	WEB2026008793	11/02/2026 09:30	P3606000B	CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA	Punto de información turística do Museo do Ferrocarril
8	WEB2026008803	11/02/2026 09:49	P3606000B	CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA	Oficina de Turismo de Vilagarcía de Arousa
9	WEB2026009077	12/02/2026 09:34	P3602700A	CONCELLO DE MEAÑO	Punto de información turística de Dena



10	WEB2026009202	12/02/2026 12:09	P3604500C	CONCELLO DE REDONDELA	Oficina de Turismo de Redondela
11	WEB2026009224	12/02/2026 12:49	P3603400G	CONCELLO DE AS NEVES	Oficina de Turismo de As Neves
12	WEB2026009440	13/02/2026 10:37	P3601700B	CONCELLO DE A ESTRADA	Oficina de Turismo de A Estrada
13	WEB2026009869	16/02/2026 13:24	P3600800A	CONCELLO DE CANGAS	Punto de información turística de Cangas – O Peirao
14	WEB2026010042	17/02/2026 09:32	P3604200J	CONCELLO DE PONTEAREAS	Punto de información turística de Pontearreas
15	WEB2026010271	18/02/2026 09:08	P3602400H	CONCELLO DE LALÍN	Punto de información turística de Lalín – Museo Ramón M ^a Aller
16	WEB2026010534	19/02/2026 08:13	P3604100B	CONCELLO DE POIO	Oficina de Turismo O Casal de Ferreirós
17	WEB2026010694	19/02/2026 12:58	P3603100C	CONCELLO DE MONDARIZ BALNEARIO	Oficina de Turismo de Mondariz Balneario
18	WEB2026010753	19/02/2026 14:48	P3604600A	CONCELLO DE RIBADUMIA	Punto de información turística de Ribadumia
19	WEB2026010928	20/02/2026 08:42	P3600021D	ORGANISMO AUTÓNOMO TERRA DE SANXENXO	Oficina de Turismo de Sanxenxo
20	WEB2026011089	20/02/2026 12:46	P3603600B	CONCELLO DE OIA	Oficina de Turismo de Oia
21	WEB2026011119	20/02/2026 13:56	P3603500D	CONCELLO DE NIGRÁN	Oficina de Turismo Dunas de Gaifar – Nigrán
22	WEB2026011121	20/02/2026 14:01	P3603500D	CONCELLO DE NIGRÁN	Punto de información turística de A Ramallosa
23	WEB2026011464	23/02/2026 12:39	P3602600C	CONCELLO DE MARÍN	Punto de información turística de Marín
24	WEB2026011827	24/02/2026 11:49	P3601000G	CONCELLO DE CATOIRA	Oficina de Turismo de Catoira – Torres do Oeste
25	WEB2026011984	24/02/2026 16:29	P3600300B	CONCELLO DE BAIONA	Oficina de Turismo de Baiona
26	WEB2026012144	25/02/2026 09:25	P3600600E	CONCELLO DE CAMBADOS	Oficina de Turismo de Cambados



27	WEB2026012145	25/02/2026 09:34	P3602200B	CONCELLO DE O GROVE	Oficina de Turismo de O Grove
28	WEB2026012274	25/02/2026 12:53	P3606100J	CONCELLO DE VILANOVA DE AROUSA	Oficina de Turismo Mar de Santiago
29	WEB2026012691	26/02/2026 12:47	P3602100D	CONCELLO DE GONDOMAR	Oficina de Turismo de Gondomar
30	WEB2026013871	02/03/2026 10:41	P3603900F	CONCELLO DE O PORRIÑO	Oficina de Turismo de O Porriño
31	WEB2026014102	02/03/2026 13:23	P3606100J	CONCELLO DE VILANOVA DE AROUSA	Punto de información turística de la Casa-Museo Valle-Inclán
32	WEB2026014538	02/03/2026 22:47	P3600400J	CONCELLO DE BUEU	Oficina de Turismo de Bueu

O 16 de xuño de 2026 o órgano instrutor emite informe sobre o procedemento.

O 16 de xuño de 2026 o Servizo de Fiscalización emite informe sobre o procedemento.

O 17 de xuño de 2026 a comisión de valoración emite informe de avaliación das solicitudes.

II. FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA E TÉCNICA

I. NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS).
- R.D. 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).
- Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF).
- Bases de execución do orzamento da Deputación de Pontevedra para o ano en curso.
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada polo Pleno da Deputación de Pontevedra na súa sesión ordinaria do 28 de outubro de 2016.



- Bases reguladoras das subvencións en réxime de concorrencia competitiva para o financiamento dos custos da prestación de servizos de información e atención ao público en oficinas de turismo adheridas á Rede de oficinas INFO RIASBAIXAS correspondentes ao ano 2026, publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) nº 19 de 29 de xaneiro de 2026.

2. CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS E TÉCNICAS

Constan no expediente o informe do órgano instrutor do expediente sobre a valoración das solicitudes, informe favorable de Intervención sobre a mesma e informe da comisión de valoración.

3. COMPETENCIA

O órgano competente para a concesión das subvencións e desestimación das solicitudes é a Xunta de Goberno, conforme ao establecido no artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais en concordancia coa base 16ª das de execución do orzamento da Deputación de Pontevedra para o ano en curso.

III. PROPOSTA DE ACORDO

En consecuencia, visto o que antecede e a normativa de pertinente aplicación a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Estimar as seguintes solicitudes, dispoñer o gasto e conceder a subvención co importe referido a continuación:

EXPEDIENTE	NIF	SOLICITANTE		ORZAMENTO	IMPORTE SOLICITUDE	VALORACIÓN (PUNTOS)	IMPORTE ASIGNADO SUBVENCIÓN	PORCENTAXE SUBVENCIÓN SOBRE O ORZAMENTO
		CONCELLO	Oficina e/ou Punto de información turística					
2026010248	P3600300B	CONCELLO DE BAIONA	Oficina de Turismo de Baiona	89.661,72 €	14.000,00 €	98	14.000,00 €	15,61%
2026007103	P3606000B	CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA	Oficina de Turismo de Vilagarcía de Arousa	84.354,23 €	14.000,00 €	86	14.000,00 €	16,60%
2026010250	P3600600E	CONCELLO DE CAMBADOS	Oficina de Turismo de Cambados	18.100,00 €	13.575,00 €	84	13.575,00 €	75%
2026010252	P3602200B	CONCELLO DE O GROVE	Oficina de Turismo de O Grove	30.000,00 €	14.000,00 €	84	14.000,00 €	46,67%



2026005486	P3605500B	CONCELLO DE TUI	Oficina de Turismo de Tui	67.850,00 €	14.000,00 €	82	14.000,00 €	20,63%
2026009059	P3600021D	ORGANISMO AUTÓNOMO DE SANXENXO	Oficina de Turismo de Sanxenxo	24.518,55 €	14.000,00 €	76	14.000,00 €	57,10%
2026008816	P3603100C	CONCELLO DE MONDARIZ BALNEARIO	Oficina de Turismo de Mondariz Balneario	26.085,38 €	7.000,00 €	74	7.000,00 €	26,83%
2026008663	P3604100B	CONCELLO DE POIO	Oficina de Turismo O Casal de Ferreirós	12.048,36 €	7.000,00 €	74	7.000,00 €	58,10%
2026008154	P3600800A	CONCELLO DE CANGAS DE MORRAZO	Punto de información turística de Cangas – O Peirao	21.095,38 €	14.000,00 €	62	14.000,00 €	66,37%
2026006581	P3602300J	CONCELLO DE A GUARDA	Oficina de Turismo de A Guarda	13.000,00 €	7.000,00 €	58	7.000,00 €	53,85%
2026008658	P3602400H	CONCELLO DE LALÍN	Punto de información turística de Lalín – Museo Ramón M ^a Aller	10.000,00 €	7.000,00 €	58	7.000,00 €	70%
2026006580	P8600004I	CONCELLO DE A ILLA DE AROUSA	Punto de información turística de A Illa de Arousa – Museo da Conserva	19.443,60 €	7.000,00 €	56	7.000,00 €	36%
2026009456	P3603500D	CONCELLO DE NIGRÁN	Oficina de Turismo Dunas de Gaifar – Nigrán	5.655,33 €	4.241,49 €	52	4.241,49 €	75%
2026008324	P3604200J	CONCELLO DE PONTEAREAS	Punto de información turística de Pontearreas	9.075,00 €	7.000,00 €	52	6.806,25 €	75%
2026006336	P3605200I	CONCELLO DE SILLEDA	Punto de información turística Mosteiro de Carboeiro	16.488,91 €	7.000,00 €	52	7.000,00 €	42,45%
2026010773	P3602100D	CONCELLO DE GONDOMAR	Oficina de Turismo de Gondomar	43.000,00 €	7.000,00 €	48	7.000,00 €	16,28%
2026006866	P3605000C	CONCELLO DE SALVATERRA DO MIÑO	Punto de información turística de Salvaterra – Museo da Ciencia do Viño	10.877,74 €	7.000,00 €	48	7.000,00 €	64,35%
2026007099	P3606000B	CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA	Punto de información turística do Museo do Ferrocarril	35.000,00 €	14.000,00 €	48	14.000,00 €	40%
2026010724	P3606100J	CONCELLO DE VILANOVA DE AROUSA	Oficina de Turismo Mar de Santiago	9.500,00 €	7.000,00 €	46	7.000,00 €	73,68%
2026009457	P3603500D	CONCELLO DE NIGRÁN	Punto de información turística de A Ramallosa	5.655,33 €	4.241,49 €	42	4.241,49 €	74,87%



2026007730	P3601700B	CONCELLO DE A ESTRADA	Oficina de Turismo de A Estrada	10.000,00 €	7.000,00 €	38	7.000,00 €	70%
2026007464	P3604500C	CONCELLO DE REDONDELA	Oficina de Turismo de Redondela	10.725,00 €	7.000,00 €	38	7.000,00 €	65,27%
2026012810	P3606100J	CONCELLO DE VILANOVA DE AROUSA	Punto de información turística de la Casa-Museo Valle-Inclán	9.500,00 €	7.000,00 €	36	7.000,00 €	73,68%
2026012807	P3603900F	CONCELLO DE O PORRIÑO	Oficina de Turismo de O Porriño	9.333,00 €	7.000,00 €	34	6.999,75 €	75%
2026005960	P3605300G	CONCELLO DE SOUTOMAIOR	Punto de información turística de Soutomaior	12.763,43 €	7.000,00 €	32	7.000,00 €	54,84%
2026012811	P3600400J	CONCELLO DE BUEU	Oficina de Turismo de Bueu	11.347,00 €	7.000,00 €	26	7.000,00 €	61,69%
2026009935	P3601000G	CONCELLO DE CATOIRA	Oficina de Turismo de Catoira – Torres do Oeste	8.901,12 €	6.675,84 €	26	6.675,84 €	75%
2026007467	P3603400G	CONCELLO DE AS NEVES	Oficina de Turismo de As Neves	9.559,00 €	7.000,00 €	26	7.000,00 €	73,23%
2026009455	P3603600B	CONCELLO DE OIA	Oficina de Turismo de Oia	8.651,50 €	6.488,63 €	22	6.488,63 €	75%
2026009060	P3604600A	CONCELLO DE RIBADUMIA	Punto de información turística de Ribadumia	9.800,00 €	7.000,00 €	20	7.000,00 €	71,43%
2026009528	P3602600C	CONCELLO DE MARIN	Punto de información turística de Marín	12.221,00 €	7.000,00 €	14	7.000,00 €	57,28%
2026007461	P3602700A	CONCELLO DE MEAÑO	Punto de información turística de Dena	10.091,36 €	5.515,64 €	12	5.515,64 €	54,66%
TOTAL: 271.544,09 €								

3.37313.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE BARRO, AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA 2026-2027 LIÑA 1-INVESTIMENTOS (ANUALIDADE 2026), CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “RENOVACIÓN DO PARQUE INFANTIL DE SAN ANTONIÑO.” (EXPTE.2026018896)

ANTECEDENTES

- O Pleno da Deputación, na sesión do día 26/12/2025, mediante acordo núm. 4.8555, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan + Provincia 2026-2027), en adiante Plan + Provincia 2026-2027, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1 do 02/01/2026.
- Mediante resolución presidencial núm. 2026000127 de data 14/01/2026 aprobouse a repartición total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por



cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.

- En data 13/03/2026, mediante rexistro WEB2026019540, formalmente e en prazo, consta entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan + Provincia 2026-2027, dunha petición do Concello de BARRO na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu na repartición unha subvención, por importe de 105.893,53 euros, co obxecto do financiamento do investimento "RENOVACION DO PARQUE INFANTIL DE SAN ANTONIÑO. CONCELLO DE BARRO" (exp.: 2026018896), cuxo orzamento ascende ao 105.893,53 euros.

Deste modo, a petición do Concello de BARRO queda configurada tal é como se reflicte na seguinte táboa:

Anualidade/s	Orzamento- €	Subvención -Plan + Provincia 2026-2027- €	Achegas doutros Plans ou programas-€	Fondos propios do Concello -€
2026	105.893,53	105.893,53	0,00	0,00

- O orzamento de 105.893,53 euros inclúe 99.783,03 euros de execución de obra, 3.146,00 euros de honorarios de redacción de proxecto, 2.420,00 euros de honorarios de dirección de obra e 544,50 euros de honorarios de coordinación de seguridade e saúde.
- Consta no expediente o certificado da secretaría xeral do concello relativo á titularidade dos bens sobre os que se pretende actuar e informe relativo á normativa sectorial.
- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 e achega a documentación que se recolle na base 29ª, contando co informe favorable do persoal facultativo técnico do servizo de Cooperación.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.



- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2026-2027 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.



- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª, 19ª, 20ª, 21ª, 22ª e 23ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan. A referida base 19ª establece que nos investimentos de carácter anual, o importe mínimo do orzamento e da solicitude de subvención será igual ou superior a 20.000,00 euros, agás no caso dos investimentos co-financiados onde o importe da subvención solicitada pode ser inferior.
- Base 25ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027, que establece que os Concellos poderán destinar a cantidade asignada na liña 1 a financiar as achegas municipais de investimentos incluídos en plans, programas ou convenios desta Deputación ou doutras Administracións Públicas. Así mesmo, cando un Concello destine crédito do Plan + Provincia 2026-2027 a financiar a súa achega económica a investimentos integrados en plans financiados maioritariamente por outras Administracións Públicas, a subvención que se conceda rexeráse polas normas do Plan + Provincia 2026-2027, con independencia de que a outra Administración asuma a contratación e execución do investimento.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2026, así como os criterios obxectivos de repartición.
- Bases 10ª e 29ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 21/05/2026, e do xefe do servizo de Cooperación, de data 21/05/2026, que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 17/06/2026, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao Concello de BARRO, CIF: P3600200D, ao abeiro do Plan +Provincia 2026-2027 (anualidade 2026), unha subvención por importe de 105.893,53 euros, co obxecto do financiamento da actuación "RENOVACION DO PARQUE INFANTIL DE SAN ANTONIÑO. CONCELLO DE



BARRO" (Exp.:2026018896), cuxo orzamento ascende a 105.893,53 euros quedando a concesión configurada tal e como se reflicte na seguinte táboa:

ANUALIDADE	ORZAMENTO	SUBVENCIÓN-PLAN + PROVINCIA 2026-2027	ACHEGAS DOUTRAS ADMINISTRACIÓNS	FONDOS PROPIOS CONCELLO
2026	105.893,53 €	105.893,53 €	- €	-€

O orzamento de 105.893,53 euros inclúe 99.783,03 euros de execución de obra, 3.146,00 euros de honorarios de redacción de proxecto, 2.420,00 euros de honorarios de dirección de obra e 544,50 euros de honorarios de coordinación de seguridade e saúde.

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2026/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo.
- Convén lembrar que o concello deberá posuír tódalas autorizacións sectoriais necesarias así como as licenzas e permisos preceptivos para a execución do investimento ao abeiro do establecido nas bases reguladoras do presente plan.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 4.8555 de 26/12/2025 e publicadas no BOPPO núm. 1 do 02/01/2026 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Así mesmo, conforme a base 36ª reguladora do Plan +Provincia 2026-2027, o investimento subvencionado (anualidade 2026) deberá estar executado o 31/12/2027 e xustificado na súa totalidade o 31/05/2028. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao concello de BARRO, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

4.37314.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE BUEU, NO MARCO DO III PLAN EXTRAORDINARIO DE INFRAESTRUTURAS DEPORTIVAS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO "ACONDICIONAMENTO PISTAS E MELLORA DA EFICIENCIA NO COMPLEXO DEPORTIVO DO XISTRO" (EXPTE. 2026000270).

ANTECEDENTES

- O Pleno da Deputación Provincial na súa sesión extraordinaria do 30 de setembro de 2025081226, mediante o acordo número 5.8494, aprobou as bases reguladoras e a convocatoria do III Plan extraordinario de infraestruturas deportivas, publicadas no BOPPO núm. 189, de 3 de outubro de 2025081226.



- O financiamento deste plan ascende a oito millóns (8.000.000,00) de euros, financiados con fondos propios da Deputación con cargo ao orzamento provincial, imputable á aplicación orzamentaria 2026/942.3420.762.95.2025.
- As subvencións outorgaranse polo procedemento de concorrencia non competitiva entre todos os concellos da provincia de Pontevedra de ata cincuenta mil (50.000) habitantes, segundo a correspondente certificación expedida polo Instituto Galego de Estatística (IGE) referida á última actualización do censo (ano 2024).
- Mediante a Resolución Presidencial núm. 2025008123 de data 07/10/2025 aprobouse o repartimento do crédito que lle corresponde a cada concello e que se corresponde co importe máximo de subvención ao que pode optar cada entidade local. No caso do Concello de Bueu o importe que lle corresponde é de 149.430,83 €.
- En data 02/01/2026, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no Rexistro da Deputación (núm. Rexistro WEB2026000235) dunha petición do Concello, para unha subvención por importe de 66.123,34 € ao abeiro do III PEID, con destino ao financiamento do investimento denominado "Acondicionamento pistas e mellora da eficiencia no complexo deportivo do Xistro", cun orzamento polo mesmo importe.
- A presente subvención queda condicionada a presentación da aprobación do proxecto, acta de trazado previo (Anexo I), así como a declaración responsable de Costas (autorízase con posterioridade a presentación), sendo imprescindible que a achegue xunto coa primeira xustificación da axuda económica.
- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases reguladoras do III PEID.
- As actuacións contan co informe de supervisión favorable do técnico facultativo do Servizo de Cooperación de data 25/05/2026.
- Así mesmo, o 18/06/2026 o xefe de Cooperación informa favorablemente a concesión da subvención e a Intervención provincial emite informe favorable o 18/06/2026.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

RÉXIME XURÍDICO

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).



- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL).
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Pontevedra (OXSDPPO).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do III Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas (III PEID).

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 7ª do III PEID, que indica que lle corresponde o xefe do Servizo de Cooperación a instrución do procedemento de concesión. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe dos servizos técnicos provinciais, no caso de ser necesario, e da fiscalización de Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Reguladora 7ª do III PEID, que indica que as propostas de resolución definitivas se elevarán ao órgano competente para a súa aprobación.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 da LXS, que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedinte a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 da LXS, polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivárase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 da RLXS, que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL, que regula as competencias en materia de xestión de gasto.



- Artigo 17 e seguintes da OXSDPPO, que regulan o procedemento de concesión.
- Base 1ª das reguladoras do III PEID que definen o obxecto e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do III PEID que consignan o crédito orzamentario, o procedemento de concesión, así como os criterios obxectivos de repartimento.
- Bases 8ª e 10ª das reguladoras do III PEID que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

RÉXIME COMPETENCIAL

- En virtude do reparto de competencias recollido nos artigos 35 da LRBRL e 63 do ROFRXEL, e de acordo coas bases específicas de execución do vixente orzamento da Deputación, a competencia para resolver correspóndelle á Xunta de Goberno.

CONCLUSIÓNS

A solicitude do Concello de Bueu relativa ao financiamento do investimento denominado “Acondicionamento pistas e mellora da eficiencia no complexo deportivo do Xistro” presentouse dentro do prazo recollido na convocatoria do III PEID, adáptase ás consideracións xurídicas expostas e xunta a documentación precisa para a válida concesión dunha subvención por importe de 66.123,34 €, cun orzamento polo mesmo importe.

O obxecto do investimento adecúase dentro da tipoloxía das finalidades subvencionables reguladas na Base reguladora 1ª denominada “Obxecto”.

Á vista dos antecedentes, fundamentos de dereito e conclusións, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- **CONCEDER** ao Concello de Bueu, CIF P3600400J, a cantidade de 66.123,34 € con destino ao financiamento do investimento “Acondicionamento pistas e mellora da eficiencia no complexo deportivo do Xistro” ao abeiro do III Plan extraordinario de infraestruturas deportivas, cun orzamento polo mesmo importe. A presente subvención queda condicionada a presentación da aprobación do proxecto, acta de trazado previo (Anexo I), así como a declaración responsable de Costas (autorízase con posterioridade a presentación), sendo imprescindible que a achegue xunto coa primeira xustificación da axuda económica.
- A execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do PEID III (BOPPO núm. 189, de 3/10/2025) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- **AUTORIZAR E COMPROMETER** o gasto na aplicación 2026/942.3420.762.95.2025 do vixente orzamento provincial no que existe crédito suficiente para facer fronte ao gasto, e sobre o cal se procederá á fase de orde de pagamento polo órgano competente.
- **DAR TRASLADO** do presente acordo ao Concello do Bueu, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete de Presidencia.



5.37315.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE CERDEDO COTOBADE, AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA 2026-2027 LIÑA 1-INVESTIMENTOS (ANUALIDADE 2026), CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO "REPARACIÓN DE CAMIÑOS MUNICIPAIS EN LOURIDO, VIDUÍDO E REVOLTA" (EXPTE.2026014751)

ANTECEDENTES

- O Pleno da Deputación, na súa sesión do 26/12/2025, mediante acordo núm. 4.8555, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de Competencia Municipal 2026-2027, (en adiante Plan +Provincia 2026-2027) que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1 do 02/01/2026.
- Mediante resolución presidencial núm. 2026000127 de data 14/01/2026 aprobouse a repartición total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.
- En data 05/03/2026, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no rexistro da Deputación (WEB2026016027), ao abeiro do Plan +Provincia 2026-2027, petición do Concello de Cerdedo Cotobade na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu na repartición, unha subvención, con destino ao financiamento "*Reparación de camiños municipais en Lourido, Viduído e Revolta*" (Expte.:2026014751), en base a un orzamento de 126.442,95 euros.
- Non obstante, os honorarios de redacción de proxecto, por importe 3.034,63 euros, non son subvencionables posto que o proxecto foi redactado no ano 2025 e a base reguladora 20ª do Plan +Provincia 2026-2027 establece que as adxudicacións das asistencias técnicas de redacción de proxecto deben producirse no exercicio orzamentario 2026 ou 2027. Por tanto, o orzamento elixible ascende a 123.408,32 euros.
- En data posteriore o Concello subsana a documentación presentada inicialmente quedando a súa petición tal e como queda reflectido na seguinte táboa:

ORZAMENTO	ORZAMENTO ELIXIBLE	Subvención Plan +Provincia 2026-2027 (anualidade 2026)	Fondos propios
126.442,95 €	123.408,32 €	113.735,60 €	12.707,35 €

O importe do orzamento contempla 120.373,69 euros de execución de obra e 6.069,26 euros de honorarios técnicos (3.034,63 euros redacción de proxecto e 3.034,63 euros de dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde). O orzamento elixible comprende os conceptos de execución de obra e honorarios de dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde.



- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027 e achega a documentación que se recolle na base 29ª, contando co informe de supervisión favorable do persoal facultativo técnico do servizo de Cooperación.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base reguladora 15ª do Plan +Provincia 2026-2027 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma
- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.



RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª, 19ª, 20ª, 21ª, 22ª e 23ª das reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2026, así como os criterios obxectivos de repartición.
- Bases 10ª e 29ª das reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do Servizo de Cooperación, de data 30/04/2026, e do xefe do Servizo de Cooperación, de data 12/06/2026, que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 15/06/2026, a XUNTA DE GOBERNO acorda por unanimidade:

- Conceder ao Concello de Cerdedo Cotobade (P3600048G), ao abeiro do Plan +Provincia 2026-2027 liña 1 – investimentos, unha subvención por importe de 113.735,60 euros, co obxecto do financiamento do investimento *"Reparación de camiños municipais en Lourido, Víduído e Revolta"* (Expte.2026014751), cun orzamento elixible por importe de 123.408,32 euros, quedando a concesión configurada tal e como se reflicte na seguinte táboa:

ANUALIDADE	ORZAMENTO	ORZAMENTO ELIXIBLE	SUBVENCIÓN PLAN +PROVINCIA 2026-2027	FONDOS PROPIOS
2026	126.442,95 €	123.408,32 €	113.735,60 €	12.707,35 €



- A diferenza entre o orzamento e o orzamento elixible son os 3.034,63 euros de honorarios de redacción de proxecto que non son subvencionables xa que o proxecto non foi adxudicado no exercicio orzamentario 2026 ou 2027, tal e como establece a base 20ª das reguladoras do plan.
- A presente concesión de subvención queda condicionada á resolución favorable da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, así como a aportación do acordo de aprobación do proxecto presentado e a acta de trazado previo (anexo III) debidamente cumprimentada, sendo imprescindible que se remitan á Deputación xunto coa primeira xustificación da axuda económica.
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2026/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 4.8555 de 26/12/2025 e publicadas no BOPPO núm. 1 do 02/01/2026 (disponibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións
- Así mesmo, conforme a base 36ª reguladora do Plan +Provincia 2026-2027, o investimento subvencionado deberá estar executado o 31/12/2027 e xustificado na súa totalidade o 31/05/2028. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao Concello de Cerdedo Cotobade, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

6.37316.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE DOZÓN, NO MARCO DA LIÑA 2 DO PLAN +PROVINCIA 2026-2027, CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DE "GASTO CORRENTE PRESTACIÓN DE SERVIZOS MUNICIPAIS" (EXpte. 2026027985)

ANTECEDENTES:

- O Pleno da Deputación, na súa sesión ordinaria do 26 de decembro de 2025, mediante acordo núm.4.8555, acordou a aprobación das bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2026-2027, en adiante Plan +Provincia 2026-2027, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1 do 2 de xaneiro de 2026.
- Mediante Resolución Presidencial núm. 2026000127 de data 14/01/2026 aprobáronse as cantidades totais asignadas a cada concello e as que lle correspondían por cada liña.
- En data 06/04/2026, con rexistro núm.WEB2026029032 e WEB2026029130, dentro do prazo fixado na convocatoria (documentación subsanada en data 24/04/2026, WEB2026035960), consta a



entrada no rexistro da Deputación, ao abeiro da liña 2 do Plan +Provincia 2026-2027, petición do Concello de Dozón na que solicita unha subvención por importe de 105.078,71 euros con destino ao financiamento de "*Gasto corrente prestación de servizos municipais*" (Expte.:2026027985), cun orzamento polo mesmo importe.

- O concello solicita o traspaso de 93.947,20 euros da liña 1-investmentos á liña 2. Así mesmo, remite certificado do secretario-interventor no que se indica que o concello non conta con gastos ou investmentos de exercicios pechados para os que non exista crédito.
- Xunto coa solicitude de subvención a entidade municipal remite proposta orientativa coas actuacións que pretende levar a cabo ao longo do ano 2026 e son as seguintes:

	Orzamento	Subvención solicitada
Recollida lixo SOGAMA	21.000,00 €	21.000,00 €
Recollida papel e cartón	2.078,71 €	2.078,71 €
Recollida voluminosos e plásticos agrícolas	6.000,00 €	6.000,00 €
Vestuario persoal	2.000,00 €	2.000,00 €
Mantemento e conservación rede viaria municipal, instalacións e infraestruturas públicas	46.000,00 €	46.000,00 €
Servizos de comunicación, protección de datos, prevención de riscos	4.000,00 €	4.000,00 €
Servicios xurídicos	5.000,00 €	5.000,00 €
Mantemento alumado público	4.000,00 €	4.000,00 €
Enerxía eléctrica	5.000,00 €	5.000,00 €
Combustible	5.000,00 €	5.000,00 €
Mantemento vehículos	5.000,00 €	5.000,00 €
TOTAL	105.078,71 €	105.078,71 €

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).



- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Instrución do expediente

- Base 15ª do Plan +Provincia 2026-2027 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes.

Petición e evacuación de informes

- Artigos 79 e 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e emisión de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.

Resolución do expediente

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 14 e seguintes da Ordenanza xeral da Deputación de Pontevedra que regulan o procedemento de concesión.
- Base 15ª das reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027, que sinala que unha vez efectuado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do gasto, e da fiscalización da intervención.



De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes do xefe do Servizo de Cooperación, de data 11/05/2026, que conclúe favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 09/06/2026, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- CONCEDER ao Concello de Dozón, NIF: P3601600D, a cantidade de 105.078,71 euros, con destino ao financiamento de "*Gasto corrente prestación de servizos municipais*" (Expte.: 2026027985), cun orzamento polo mesmo importe para o financiamento das seguintes actuacións:

	Orzamento	Subvención
Recollida lixo SOGAMA	21.000,00 €	21.000,00 €
Recollida papel e cartón	2.078,71 €	2.078,71 €
Recollida voluminosos e plásticos agrícolas	6.000,00 €	6.000,00 €
Vestuario persoal	2.000,00 €	2.000,00 €
Mantemento e conservación rede viaria municipal, instalacións e infraestruturas públicas	46.000,00 €	46.000,00 €
Servizos de comunicación, protección de datos, prevención de riscos	4.000,00 €	4.000,00 €
Servicios xurídicos	5.000,00 €	5.000,00 €
Mantemento alumeadado público	4.000,00 €	4.000,00 €
Enerxía eléctrica	5.000,00 €	5.000,00 €
Combustible	5.000,00 €	5.000,00 €
Mantemento vehículos	5.000,00 €	5.000,00 €
TOTAL	105.078,71 €	105.078,71 €

- Autorizar e comprometer o gasto na vinculación xurídica da aplicación 2026/942.9425.462.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ó gasto.
- A xustificación desta actuación realizarase conforme ó previsto nas bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2026-2027, aprobadas por acordo núm.4.8555 do Pleno da Deputación de Pontevedra de data 26 de decembro de 2025 e publicadas no BOPPO núm. 1 de 2 de xaneiro de 2026 (dispoñibles tamén na sede



electrónica <https://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións. A base cuadrexésima das citadas bases establece que o Concello terá de prazo para xustificar a axuda concedida ata o 31 de marzo de 2027. O incumprimento desta obriga determinará a revogación da subvención e, no seu caso, o reintegro das cantidades percibidas de acordo co disposto no artigo 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

- Darlle traslado do presente acordo ao Concello de Dozón, á Intervención, ao servizo de Cooperación e ao gabinete da Presidencia.

7.37317.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE MONDARIZ BALNEARIO, AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA 2026-2027 LIÑA 1-INVESTIMENTOS (ANUALIDADE 2026), CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO "ACHEGA PLAN EXTRA 2025 RECUPERACIÓN DO ESPAZO PÚBLICO NA CONTORNA DOS HOTEIS MONDARIZ BALNEARIO" (EXPTE.2026027411)

ANTECEDENTES

- O Pleno da Deputación, na sesión do día 26/12/2025, mediante acordo núm. 4.8555, aprobou as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan + Provincia 2026-2027), en adiante Plan + Provincia 2026-2027, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1 do 02/01/2026.
- Mediante resolución presidencial RP 2026001127 do 14/01/2026, procedeuse a aprobación do cadro de repartición de fondos por liña e municipio; sen prexuízo de que a disposición efectiva do crédito quede supeditada á presentación de cada solicitude, á revisión da documentación preceptiva e á oportuna instrución do procedemento conforme o establecido no Capítulo I (Liña 1-Investmentos).
- Con data 27/03/2026, o Pleno Provincial mediante acordo núm. 5.8616 outorgou ao Concello de Mondariz Balneario unha subvención por importe de 492.016,78 euros, ao abeiro do Plan Extra 2025. O destino desta axuda é o financiamento do investimento "RECUPERACIÓN DO ESPAZO PÚBLICO NA CONTORNA DOS HOTEIS MONDARIZ BALNEARIO"(expediente 2025071816), cuxo orzamento total ascende á contía de 578.843,27 euros. A achega municipal fíxase en 86.826,49 euros.
- Con data 01/04/2026, con núm. de rexistro WEB2026027199, en prazo e forma, o Concello de Mondariz Balneario solicitou con cargo a cantidade que lle correspondeu na repartición do Plan + Provincia 2026-2027, unha subvención, por importe de 86.826,49 euros. O obxecto de dita petición é o financiamento da achega municipal ao Plan Extra 2025 do investimento



**“RECUPERACIÓN DO ESPAZO PÚBLICO NA CONTORNA DOS HOTEIS MONDARIZ BALNERARIO”
(expediente 2025071816).**

Deste modo, o financiamento da petición do Concello de Mondariz Balneario queda configurado tal é como se reflicte na seguinte táboa:

ORZAMENTO	SUBVENCIÓN PLAN + PROVINCIA 2026-2027 (anualidade 2026)	SUBVENCIÓN CONCEDIDA PLAN EXTRA 2025
578.843,27€	86.826,49€	492.016,78€ (expediente: 2025071816)

- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027, constando incorporada a documentación sinalada na base 29ª.
- A integridade do expediente administrativo queda garantida mediante a vinculación dos seguintes rexistros no Servizo de Cooperación:
 - o 2025071816 do Plan Provincia Extraordinaria- Plan Extra 2025
 - o 2025061321 Convocatoria de subvencións de concorrencia competitiva Plan Extra 2025.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.



CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS**INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE**

- Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2026-2027 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª, 19ª, 20ª, 21ª, 22ª e 23ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan. Así mesmo, a referida base 19ª no seu apartado 2º faculta a inclusión no Plan, de investimentos en obras de carácter bienal, plurianual ou que, sen ter este carácter, a súa execución ou financiamento poida comprender máis dun exercicio, nos que a fonte principal de financiamento son as subvencións concedidas pola Deputación a través doutros plans ou os fondos concedidos por outras Administracións Públicas, de modo que a subvención solicitada mediante o Plan + Provincia 2026-2027 é empregada polo Concello para financiar a súa achega económica.



- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2026, así como os criterios obxectivos de repartición.
- Bases 10ª e 29ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención. A devandita base 29ª dispón que no caso de se solicitar subvencións para financiar a achega municipal para investimentos integrados noutros plans (Plan Extra...), o Concello non estará obrigado a presentar aquela documentación que xa conste no servizo de Cooperación, sempre que indique o día, o número de rexistro de entrada na Sede electrónica da Deputación e o procedemento no que se presentou.

PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 17/04/2026 (subsanoado en data 20/04/2026), do xefe do servizo de Cooperación, de data 20/04/2026, que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 17/06/2026, a XUNTA DE GOBERNO acorda por unanimidade:

- Conceder ao Concello de Mondariz Balneario (P3603100C), ao abeiro do Plan +Provincia 2026-2027 liña 1-investimentos (anualidade 2026), unha subvención por importe de 86.826,49 euros, co obxecto do financiamento do investimento "*Achega Plan Extra 2025_Recuperación do espazo público na contorna dos hoteis Mondariz Balneario*" (Expte.:2026027411), cun orzamento por importe de 578.843,27 euros, quedando a concesión configurada tal e como se reflicte na seguinte táboa:

ANUALIDADE	ORZAMENTO	SUBVENCIÓN	SUBVENCIÓN PLAN EXTRA 2025	FONDOS PROPIOS CONCELLO
2026	578.843,27 €	86.826,49 €	492.016,78 €	0,00 €

O orzamento contempla execución de obra por importe de 566.743,27 euros e honorarios técnicos por importe de 12.100,00 euros (6.050,00 euros de dirección de obra e 6.050,00 euros de coordinación de seguridade e saúde).



- A presente concesión de subvención queda condicionada á resolución favorable da Confederación Hidrográfica Miño-Sil, así como a aportación do acordo de aprobación do proxecto presentado e a acta de trazado previo debidamente cumprimentada, sendo imprescindible que se remitan á Deputación xunto coa primeira xustificación da axuda económica.
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2026/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo.
- A execución e xustificación deste investimento rexerase polas normas do plan que se co-financia, Plan provincia extraordinaria 2025 - Plan extra 2025, aprobado por acordo plenario núm. 4.8493 de 30/09/2025 (BOPPO nº 189 do 03/10/2025), agás no referido ós prazos de execución e xustificación, que se rexerán polo plan que contemple o prazo máis restritivo.
- Darlle traslado do presente acordo ao Concello de Mondariz Balneario, á Intervención Provincial, ao servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

8.37318.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE MOS, AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA 2026-2027 LIÑA 1-INVESTIMENTOS (ANUALIDADE 2026), CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO "SENDA PEONIL EN DORNELAS DO IES DE MOS ATA ASO.DI.FI.SI" (EXPTE.2026017695)

ANTECEDENTES

- O Pleno da Corporación, en sesión ordinaria de 26/12/2025 (acordo núm. 4.8555), aprobou as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan + Provincia 2026-2027), publicadas no BOPPO núm. 1, de 02/01/2026.
- Mediante resolución presidencial núm. 2026000127, de 14/01/2026, determinouse a repartición de fondos por concello e liña de actuación. A disposición efectiva do crédito queda supeditada á presentación da solicitude, fiscalización da documentación e instrución do procedemento regulado no Capítulo I (Liña 1 - Investimentos).
- Por acordo da Xunta de Goberno da Deputación núm. 18.35664, de 03/10/2025, concedéuselle ao Concello de Mos unha subvención de 107.188,80 € ao abeiro do Plan +Provincia 2025, para a actuación "*Senda peonil en Dornelas do IES de Mos ata ASO.DI.FI.SI*" (Expte.:2025021347). O orzamento da actuación cífrase en 701.556,67 euros, debendo achegar a entidade municipal 594.367,87 euros.



- Con data 11/03/2026, o Concello de Mos, mediante rexistro WEB2026018606 (documentación completada en datas posteriores), presentou en prazo e forma, unha solicitude ao abeiro do Plan +Provincia 2026-2027. Nela solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu na repartición, unha subvención por importe de 252.115,80 euros co obxecto do financiamento do investimento arriba referenciado. Deste xeito, consonte o estipulado no cadro aprobado mediante decreto de alcaldía núm. 2026-0678, do 18/06/2026, o financiamento da obra queda configurado do seguinte modo:

ORZAMENTO	SUBVENCIÓN	FONDOS PROPIOS
701.556,67 €	107.188,80 € (Plan +Provincia 2025)	342.252,07 €
	252.115,80 € (Plan +Provincia 2026-2027, anualidade 2026)	

- Tras a revisión da solicitude, verifícase que cumpre cos requisitos formais esixidos nas bases reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027, constando a documentación preceptiva sinalada na base 29ª.
- A documentación técnica e administrativa relativa á obra se atopa debidamente integrada e consultable no seguinte expediente:
 - o 2025021347 do Plan + Provincia 2025; código SIA 2249895; núm. rexistro entrada inicial na Deputación WEB2025025093 de 02/04/2025.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.



II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan +Provincia 2026-2027 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivárase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª, 19ª, 20ª, 21ª, 22ª e 23ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan. Así mesmo, a referida base 19ª no seu punto 2ª establece que se poderán incluír no Plan



investimentos en obras de carácter bienal, plurianual onde os fondos do Plan + Provincia constitúen a súa principal fonte de financiamento.

- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2026, así como os criterios obxectivos de repartición.
- Bases 10ª e 29ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do xefe do Servizo de Cooperación, de data 18/06/2026, que conclúe favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 19/06/2026, a XUNTA DE GOBERNO acorda por unanimidade:

- Conceder ao Concello de Mos (P36033001), ao abeiro do Plan +Provincia 2026-2027 liña 1- investimentos (anualidade 2026) unha subvención por importe de 252.115,80 euros, co obxecto do financiamento do investimento "*Senda peonil en Dornelas do IES de Mos ata ASO.DI.FI.SI'*" (Expte.:2026017695), cun orzamento por importe de 701.556,67 euros, quedando a concesión configurada tal e como se reflicte na seguinte táboa:

ORZAMENTO	SUBVENCIÓN	FONDOS PROPIOS
701.556,67 €	107.188,80€ (Plan +Provincia 2025)	342.252,07 €
	252.115,80€ (Plan +Provincia 2026-2027, anualidade 2026)	

- Non obstante, a presente concesión de subvención queda condicionada á resolución favorable da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, así como a aportación da acta de trazado previo debidamente cumprimentada, sendo imprescindible que se remitan á Deputación xunto coa primeira xustificación da axuda económica.
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2026/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo.
- Convén lembrar que o concello deberá posuír tódalas autorizacións sectoriais necesarias así como as licenzas e permisos preceptivos para a execución do investimento ao abeiro do establecido nas bases reguladoras do presente plan.



- Así mesmo, conforme a base 36ª reguladora do Plan +Provincia 2026-2027, o investimento subvencionado (anualidade 2026) deberá estar executado o 31/12/2027 e xustificado na súa totalidade o 31/05/2028. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- O investimento para o que solicitan a presente subvención está co-financiado con fondos do Plan +Provincia 2025, polo que compre facer constar que o prazo de execución de dito plan é o 31/12/2026 e o de xustificación e o 31/03/2027.
- Darlle traslado do presente acordo ao Concello de Mos, á Intervención Provincial, ao servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

9.37319.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE PONTEAREAS, NO MARCO DO III PLAN EXTRAORDINARIO DE INFRAESTRUTURAS DEPORTIVAS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO "PROYECTO BÁSICO Y DE EJECUCIÓN. CAMPO DE FÚTBOL DO RABEL – SANTIAGO DE OLIVEIRA" (EXPTE. 2026000550)

ANTECEDENTES

- O Pleno da Deputación Provincial na súa sesión extraordinaria do 30 de setembro de 2025, mediante o acordo número 5.8494, aprobou as bases reguladoras e a convocatoria do III Plan extraordinario de infraestruturas deportivas, publicadas no BOPPO núm. 189, de 3 de outubro de 2025.
- O financiamento deste plan ascende a oito millóns (8.000.000,00) de euros, financiados con fondos propios da Deputación con cargo ao orzamento provincial, imputable á aplicación orzamentaria 2026/942.3420.762.95.2025.
- As subvencións outorgáranse polo procedemento de concorrencia non competitiva entre todos os concellos da provincia de Pontevedra de ata cincuenta mil (50.000) habitantes, segundo a correspondente certificación expedida polo Instituto Galego de Estatística (IGE) referida á última actualización do censo (ano 2024).
- Mediante a Resolución Presidencial núm. 2025008123 de data 07/10/2025 aprobouse o repartimento do crédito que lle corresponde a cada concello e que se corresponde co importe máximo de subvención ao que pode optar cada entidade local. No caso do Concello de Ponteareas o importe que lle corresponde é de 220.856,00 €.



- En data 05/01/2025, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no Rexistro da Deputación (núm. Rexistro WEB2026000484) dunha petición do Concello, na que solicita, con cargo á cantidade que lle corresponde no reparto, unha subvención por importe de 185.000,00€ ao abeiro do III PEID, con destino ao financiamento do investimento denominado “Proyecto básico y de ejecución. Campo de fútbol do Rabel – Santiago de Oliveira”, cun orzamento de 409.998,57 €, dos cales 185.000,00€ son subvencionables e 224.998,57€ son financiados polo concello cunha achega municipal. A presente subvención queda condicionada a presentación da aprobación do proxecto, acta de trazado previo (Anexo I), así como a autorización sectorial desta Deputación Provincial do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais sendo imprescindible que a achegue xunto coa primeira xustificación da axuda económica.
- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases reguladoras do III PEID.
- As actuacións contan co informe de supervisión favorable do técnico facultativo do Servizo de Cooperación de data 16/06/2026.
- Así mesmo, o 17/06/2026 o xefe de Cooperación informa favorablemente a concesión da subvención e a Intervención provincial emite informe favorable o 18/06/2026.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

RÉXIME XURÍDICO

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP).
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL).
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Pontevedra (OXSDPPO).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do III Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas (III PEID).



CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 7ª do III PEID, que indica que lle corresponde o xefe do Servizo de Cooperación a instrución do procedemento de concesión. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe dos servizos técnicos provinciais, no caso de ser necesario, e da fiscalización de Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Reguladora 7ª do III PEID, que indica que as propostas de resolución definitivas se elevarán ao órgano competente para a súa aprobación.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 da LXS, que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedinte a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 da LXS, polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivárase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 da RLXS, que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL, que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da OXSDPPO, que regulan o procedemento de concesión.
- Base 1ª das reguladoras do III PEID que definen o obxecto e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.



- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do III PEID que consignan o crédito orzamentario, o procedemento de concesión, así como os criterios obxectivos de repartimento.
- Bases 8ª e 10ª das reguladoras do III PEID que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

RÉXIME COMPETENCIAL

- En virtude do reparto de competencias recollido nos artigos 35 da LRBRL e 63 do ROFRXEL, e de acordo coas bases específicas de execución do vixente orzamento da Deputación, a competencia para resolver correspóndelle á Xunta de Goberno.

CONCLUSIÓNS

A solicitude do Concello de Pontearreas relativa ao financiamento do investimento denominado “Proyecto básico y de ejecución. Campo de fútbol do Rabel – Santiago de Oliveira” presentouse dentro do prazo recollido na convocatoria do III PEID, adáptase ás consideracións xurídicas expostas e xunta a documentación precisa para a válida concesión dunha subvención por importe de 185.000,00 €.

O obxecto do investimento adecúase dentro da tipoloxía das finalidades subvencionables reguladas na Base reguladora 1ª denominada “Obxecto”.

Á vista dos antecedentes, fundamentos de dereito e conclusións, a Xunta de Goberno de acorda por unanimidade:

- CONCEDER ao Concello de Pontearreas, CIF P3604200J a cantidade de 185.000,00€ con destino ao financiamento do investimento “Proyecto básico y de ejecución. Campo de fútbol do Rabel – Santiago de Oliveira” ao abeiro do III Plan extraordinario de infraestruturas deportivas, cun orzamento de 409.998,57 €, dos cales 185.000,00€ son subvencionables e 224.998,57€ son financiados polo concello cunha achega municipal. A presente subvención queda condicionada a presentación da aprobación do proxecto, acta de trazado previo (Anexo I), así como a autorización sectorial desta Deputación Provincial do servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais sendo imprescindible que a achegue xunto coa primeira xustificación da axuda económica.
- A execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do PEID III (BOPPO núm. 189, de 3/10/2025) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.



- AUTORIZAR E COMPROMETER o gasto na aplicación 2026/942.3420.762.95.2025 do vixente orzamento provincial no que existe crédito suficiente para facer fronte ao gasto, e sobre o cal se procederá á fase de orde de pagamento polo órgano competente.

DAR TRASLADO do presente acordo ao Concello do Pontearreas, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete de Presidencia.

10.37320.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE O ROSAL, AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA 2026-2027 LIÑA 1-INVESTIMENTOS (ANUALIDADE 2026), CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DA ACHEGA MUNICIPAL AO PLAN EXTRA 2025 DO INVESTIMENTO "RECUPERACIÓN DE ESPAZO PEONIL DA RÚA DA ESTRADA EN PÍAS" (EXPTE.2026021796)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 26/12/2025, mediante acordo núm. 4.8555, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de Competencia Municipal 2026-2027, (en adiante Plan +Provincia 2026-2027) que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1 do 02/01/2026.

Mediante Resolución Presidencial núm. 2026000127 de data 14/01/2026 aprobouse a repartición total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.

En data 27/03/2026 o Pleno da Corporación Provincial, por acordo número 5.8616, aproba a concesión dunha subvención ao concello de O ROSAL que importa 378.394,85 euros co obxecto de financiar a actuación denominada "RECUPERACIÓN DE ESPAZO PEONIL DA RÚA DA ESTRADA EN PÍAS" (exp.2025072574) encadrado dentro do Plan Provincia Extraordinaria-Plan extra 2025, quedando configurada a súa financiación tal é como se indica na seguinte táboa:

Orzamento	SUBVENCIÓN- PLAN EXTRA 2025	ACHEGAS DOUTRAS ADMINISTRACIÓNS €	ACHEGA MUNICIPAL
472.993,56€	378.394,85€	0,00€	94.598,71€

A base quinta do Plan Extra 2025 establece que o concello, atendendo a súa solvencia económica, poderá financiar a súa achega nas anualidades de 2026 e 2027 do Plan +Provincia, ou do plan de obra de servizos que, no seu caso, o substitúa.



En data 23/03/2026, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no rexistro da Deputación (WEB2026022423), ao abeiro do Plan +Provincia 2026-2027, petición do Concello de O ROSAL na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu na repartición, unha subvención por importe de 94.598,71 euros, co obxecto do financiamento da achega municipal ao Plan Extra 2025 do investimento "RECUPERACIÓN DE ESPAZO PEONIL DA RÚA DA ESTRADA EN PÍAS", cuxo orzamento ascende a 472.993,56 euros, quedando configurada a súa petición tal é como reflicte a seguinte táboa:

ANUALIDADE	ORZAMENTO	SUBVENCIÓN	PLAN EXTRA 2025	FONDOS PROPIOS
2026	472.993,56€	94.598,71€	378.394,85€	0,00€
2027		0,00€		0,00€
TOTAL		94.598,71€		0,00€

O orzamento total contempla execución obra por importe de 454.964,56 euros, e as asistencias técnicas á dirección de obra por importe de 15.246,00 euros e coordinación de seguridade e saúde por importe de 2.783,00 euros.

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027 e achega a documentación que se recolle na base 29ª.

Toda a documentación relativa a este investimento consta no servizo de Cooperación no seguinte expediente:

- Exp.2025071544 do Plan Provincia Extraordinaria- Plan Extra 2025.
- Exp.2025061321 Convocatoria subvencións de concorrencia competitiva Plan Extra 2025.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).



- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

2.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base reguladora 15ª do Plan +Provincia 2026-2027 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma
- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.



RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE:

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª, 19ª, 20ª, 21ª, 22ª e 23ª das reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan. Así mesmo a referida base 19ª no seu punto 2ª establece que se poderán incluír no Plan, investimentos en obras de carácter bienal, plurianual ou que, sen ter este carácter a súa execución ou financiamento poida comprender máis dun exercicio, nos que a fonte principal de financiamento son as subvencións concedidas pola Deputación a través doutros plans ou os fondos concedidos por outras Administracións Públicas, de modo que a subvención solicitada mediante o Plan +Provincia 2026-2027 é empregada polo Concello para financiar a súa achega económica
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2026 e 2027, así como os criterios obxectivos de repartición.
- Bases 10ª e 29ª das reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención. A devandita base 29ª dispón que no caso de se solicitar subvencións para financiar a achega municipal para investimentos integrados noutros plans (Plan Extra...), o Concello non estará obrigado a presentar aquela documentación que xa conste no Servizo de Cooperación.

PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto



2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e visto o do xefe do servizo de Cooperación, de data 13/04/2026, que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 17/06/2026, a XUNTA DE GOBERNO acorda por unanimidade:

- Conceder ao Concello de O ROSAL (P3604800G), ao abeiro do plan +Provincia 2026-2027 liña1-investimentos (anualidade 2026) unha subvención por importe de 94.598,71 euros, co obxecto do financiamento da achega municipal ao PLAN EXTRA 2025 do investimento "RECUPERACIÓN DE ESPAZO PEONIL DA RÚA DA ESTRADA EN PÍAS" (exp.2026021796), cuxo orzamento ascende a 472.993,56 euros, quedando a concesión configurada tal e como se reflicte na seguinte táboa:

ANUALIDADE	ORZAMENTO	SUBVENCIÓN	PLAN EXTRA 2025	FONDOS PROPIOS
2026	472.993,56€	94.598,71€	378.394,85€	0,00€
2027		0,00€		0,00€
TOTAL		94.598,71€		0,00€

O orzamento total contempla execución obra por importe de 454.964,56 euros, e as asistencias técnicas á dirección de obra por importe de 15.246,00 euros e coordinación de seguridade e saúde por importe de 2.783,00 euros.

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2026/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo.
- A execución e xustificación deste investimento rexerase polas normas do plan que se co-financia, Plan provincia extraordinaria 2025 - Plan extra 2025, aprobado por acordo plenario núm. 4.8493 de 30/09/2025 (BOPPO nº 189 do 03/10/2025), agás no referido ós prazos de execución e xustificación, que se rexerán polo plan que contemple o prazo máis restritivo.
- Darlle traslado do presente acordo ao Concello de O ROSAL, á Intervención Provincial, ao servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.



11.37321.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE SALVATERRA DE MIÑO, AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA 2026-2027 LIÑA 1-INVESTIMENTOS (ANUALIDADE 2026), CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO "MELLORA DE ACCESO AO POLÍGONO INDUSTRIAL CHAN DA PONTE POR O CASAL" (EXPTE.2026021102)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 26/12/2025, mediante acordo núm. 4.8555, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de Competencia Municipal 2026-2027, (en adiante Plan +Provincia 2026-2027) que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1 do 2 de xaneiro de 2026.

Mediante Resolución Presidencial núm. 2026000127 de data 14/01/2026 aprobouse a repartición total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.

En data 18/03/2026, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no rexistro da Deputación (WEB2026021291), ao abeiro do Plan +Provincia 2026-2027, petición do concello de SALVATERRA DE MIÑO na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu na repartición, unha subvención por importe de 218.197,17 euros, con destino ao financiamento "MELLORA DE ACCESO AO POLÍGONO INDUSTRIAL CHAN DA PONTE POR O CASAL", cun orzamento por importe de 218.197,17 euros, quedando configurada a súa petición tal é como reflicte a seguinte táboa:

ANUALIDADE	ORZAMENTO €	SUBVENCIÓN €	ACHEGAS DOUTRAS ADMINISTRACIÓNS €	FONDOS PROPIOS €
2026	218.197,17	218.197,17	0,00	0,00

O orzamento total contempla execución obra por importe de 202.864,05 euros, e as asistencias técnicas á redacción do proxecto por importe de 6.819,56 euros, dirección de obra por importe de 6.819,56 euros e coordinación de seguridade e saúde por importe de 1.694,00 euros.

Consta no expediente documento relativo a titularidade dos bens sobre os que se vai actuar; o concello achega informe do técnico municipal sobre a normativa sectorial, indicando que é preciso contar con autorización sectorial da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade (AXI) e informe da compañía eléctrica distribuidora (EAM).



Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027 e achega a documentación que se recolle na base 29ª, contando co informe de supervisión favorable do persoal facultativo técnico do servizo de Cooperación.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

2.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base reguladora 15ª do Plan +Provincia 2026-2027 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes



- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma
- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE:

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª, 19ª, 20ª, 21ª, 22ª e 23ª das reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2026, así como os criterios obxectivos de repartición.
- Bases 10ª e 29ª das reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 11/05/2026, e do xefe



do servizo de Cooperación, de data 12/05/2026, que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 12/06/2027, a XUNTA DE GOBERNO acorda por unanimidade:

- Conceder ao Concello de SALVATERRA DE MIÑO (P3605000C), ao abeiro do plan +Provincia 2026-2027 liñal-investimentos (anualidade 2026) unha subvención por importe de 218.197,17 euros, co obxecto do financiamento do investimento “MELLORA DE ACCESO AO POLÍGONO INDUSTRIAL CHAN DA PONTE POR O CASAL” (exp.2026021102), cuxo orzamento ascende a 218.197,17 euros, quedando a concesión configurada tal e como se reflicte na seguinte táboa:

ANUALIDADE	ORZAMENTO	SUBVENCIÓN	ACHEGAS DOUTRAS ADMINISTRACIÓNS	FONDOS PROPIOS CONCELLO
2026	218.197,17€	218.197,17€	0,00€	0,00€

O orzamento total contempla execución obra por importe de 202.864,05 euros, e as asistencias técnicas á redacción do proxecto por importe de 6.819,56 euros, dirección de obra por importe de 6.819,56 euros e coordinación de seguridade e saúde por importe de 1.694,00 euros.

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2026/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo.
- Non obstante, a presente concesión de subvención queda condicionada a que o Concello achegue coa primeira xustificación do gasto realizado a autorización sectorial da Axencia Galega de Infraestruturas (AXI).
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 4.8555 de 26/12/2025 e publicadas no BOPPO núm. 1 do 02/01/2026 (disponibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Así mesmo, conforme a base 36ª reguladora do Plan +Provincia 2026-2027, o investimento subvencionado (anualidade 2026) deberá estar executado o 31/12/2027 e xustificado na súa totalidade o 31/05/2028. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao Concello de SALVATERRA DE MIÑO, á Intervención Provincial, ao servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.



12.37322.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE TOMIÑO, AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA 2026-2027 LIÑA 1-INVESTIMENTOS (ANUALIDADE 2026), CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO "SUBMINISTRACIÓN EQUIPAMENTO AUDIOVISUAL NA CASA DA CULTURA DE TOMIÑO" (EXPTE.2026027312)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 26/12/2025, mediante acordo núm. 4.8555, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de Competencia Municipal 2026-2027, (en adiante Plan +Provincia 2026-2027) que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1 do 2 de xaneiro de 2026.

Mediante resolución presidencial núm. 2026000127 de data 14/01/2026 aprobouse a repartición total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.

En data 01/04/2026, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no rexistro da Deputación (WEB2026027122), ao abeiro do Plan +Provincia 2026-2027, petición do concello de TOMIÑO na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu na repartición, unha subvención por importe de 64.054,97 euros, con destino ao financiamento "SUBMINISTRACIÓN EQUIPAMENTO AUDIOVISUAL NA CASA DA CULTURA DE TOMIÑO", cun orzamento por importe de 64.054,97 euros, quedando configurada a súa petición tal é como reflicte a seguinte táboa:

ANUALIDADE	ORZAMENTO €	SUBVENCIÓN €	ACHEGAS DOUTRAS ADMINISTRACIÓNS €	FONDOS PROPIOS €
2026	64.054,97	64.054,97	0,00	0,00

Consta no expediente documento relativo a titularidade dos bens sobre os que se vai actuar así como que na Casa da Cultura, xestionada polo Concello , se realizan actividades e servizos de competencia municipal.

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027 e achega a documentación que se recolle na base 29ª, contando co informe de supervisión favorable do persoal facultativo técnico do servizo de Novas Tecnoloxías.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).



- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

2.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base reguladora 15ª do Plan +Provincia 2026-2027 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudio de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma
- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE:

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.



- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª, 19ª, 20ª, 21ª, 22ª e 23ª das reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2026, así como os criterios obxectivos de repartición.
- Bases 10ª e 29ª das reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Novas Tecnoloxías, de data 14/05/2026, e do xefe do servizo de Cooperación, de data 14/05/2026, que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 16/06/2026 a XUNTA DE GOBERNO acorda por unanimidade:

- Conceder ao Concello de TOMIÑO (P3605400E), ao abeiro do plan +Provincia 2026-2027 liña1- investimentos (anualidade 2026) unha subvención por importe de 64.054,97 euros, co obxecto do financiamento do investimento "SUBMINISTRACIÓN EQUIPAMENTO AUDIOVISUAL NA CASA DA CULTURA DE TOMIÑO" (exp.2026027312), cuxo orzamento ascende a 64.054,97 euros, quedando a concesión configurada tal e como se reflicte na seguinte táboa:

ANUALIDADE	ORZAMENTO	SUBVENCIÓN	ACHEGAS DOUTRAS ADMINISTRACIÓNS	FONDOS PROPIOS CONCELLO
2026	64.054,97€	64.054,97€	0,00€	0,00€

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2026/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 4.8555 de 26/12/2025 e publicadas no BOPPO núm. 1 do 02/01/2026 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.



- Así mesmo, conforme a base 36ª reguladora do Plan +Provincia 2026-2027, o investimento subvencionado (anualidade 2026) deberá estar executado o 31/12/2027 e xustificado na súa totalidade o 31/05/2028. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao Concello de TOMIÑO, á Intervención Provincial, ao servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

13.37323.- CONCESIÓN DE AXUDAS A COOPERATIVAS AGROGANDEIRAS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA INVESTIMENTOS DURANTE O EXERCICIO DE 2026 (EXPTE. 2026006023)

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na sesión ordinaria do día 27 de marzo de 2026, a través do acordo número 6.36297, aprobou as Bases reguladoras das axudas dirixidas a cooperativas agrogandeiras da provincia de Pontevedra durante o exercicio 2026, publicadas no BOPPO número 62 do 01.04.2026, cun orzamento total de trescentos cincuenta mil euros (350.000,00€) con cargo á aplicación orzamentaria 26/410.4120.789.00.

Finalizado o prazo de recepción de solicitudes o 04.05.2026, formuláronse un total de dezaioito (18) solicitudes.

A base reguladora décimo terceira indica que correspóndelle á xefa do Servizo de Medio Ambiente a instrución do procedemento, quen realizará de oficio todas as actuacións que estime necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes.

Despois da revisión das solicitudes, compróbase que algúns expedientes inclúen elementos non subvencionables, polo que, procedese o axuste dos importes para adecualos os requisitos esixidos na convocatoria das citadas axudas. Ademais, de acordo cos criterios de valoración establecidos na base décimo segunda, procedeuse a valorar cada unha das solicitudes.

Realizado o estudo de cada solicitude recibida, e tras levar a cabo a fiscalización previa por parte do servizo de Intervención, aplícase o algoritmo da plataforma de subvencións facilitado polo servizo de Novas Tecnoloxías, obtendo unha proposta de reparto, por cada liña de subvención, que será sometida á aprobación do órgano competente, quedando tal e como figura no listado que se achegan a este informe, cuxo código seguro de verificación (CSV) é FN5CY1BW0MLV8ZBT, repartíndose a totalidade do orzamento dispoñible, é dicir, trescentos cincuenta mil euros (350.000,00 €) con cargo á aplicación orzamentaria 26/410.4120.789.00.



Vistos os informes emitidos, o 19.06.2026, pola xefa do Servizo de Medio Ambiente e a Intervención en relación o reparto das axudas, a restante documentación que figura no expediente, e considerando o disposto nas bases de execución do vixente orzamento da Deputación de Pontevedra.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

-Aprobar o reparto das axudas dirixidas a cooperativas agrogandeiras da provincia de Pontevedra durante o exercicio 2026, por importe total de trescentos cincuenta mil euros (350.000,00 €), con cargo á aplicación orzamentaria 26/410.4120.789.00, resultante do listado co reparto o cal se aproba no presente acto:

		
Denominación:	INVERSIÓN PARA COOPERATIVAS AGROGANADERAS	
Referencia:	MN_A/26	
Relación:	RELAC/2026000037 DE DATA 19/06/2026	
Importe relación:	350.000,00 €	
Importe concedido:	350.000,00 €	
Expedientes relación:	18	
Finanzamento:		
Aplicación	Descripción	Importe
26/410.4120.789.00	OUTRAS TRANSFERENCIAS (A COOPERATIVAS E OUTRAS)	350.000,00 €



Deputación
Pontevedra

INVERSIONES PARA COOPERATIVAS AGROGANADERAS

RELAC/2026000037 DE DATA 19/06/2026

MN_A/26

CIF / ASOCIACIÓN / CONCEPTO	ORZAMENTO	SOLICITADO	PROPUESTO	PUNTOS	CONCESIÓN
CONCELLO DE CAMBADOS (PONTEVEDRA)					
(1) F36045532 ADEGA CONDES DE ALBAREI S. COOP. GALEGA 2026034671 - Adquisición de caixas e paletes de vendima	70.000,00 €	45.500,00 €	14.983,09 €	40,00	21,41 % Concurrencia competitiva
(2) F36033132 HORSAL S. COOP. GALEGA 2026034665 - Adquisición dunha carretilla (toro) e unha apladora eléctrica	35.600,11 €	23.198,57 €	23.198,57 €	78,00	65,00 % Concurrencia competitiva
TOTAL CAMBADOS (2)			38.182,26 €		
CONCELLO DE CANGAS DE MORRAZO (PONTEVEDRA)					
(3) F94143641 POUSO DA SERRA S COOP GALEGA 2026038863 - Adquisición dun corta césped	11.157,03 €	7.252,07 €	1.872,96 €	5,00	16,79 % Concurrencia competitiva
TOTAL CANGAS DE MORRAZO (1)			1.872,96 €		
CONCELLO DE FORCAREI (PONTEVEDRA)					
(4) F36173599 COOP AGRICOLA DE FORCAREI S.COOP. GALEGA 2026036222 - Adquisición de maquinaria agrícola, dun furgón, material informático e un portalón	58.359,51 €	36.633,86 €	31.840,33 €	85,00	56,50 % Concurrencia competitiva
TOTAL FORCAREI (1)			31.840,33 €		
CONCELLO DE LALÍN (PONTEVEDRA)					
(5) F36188829 APRODEZA SOCIEDAD COOPERATIVA GALEGA 2026034664 - Acceso finca, cobertizo, luminaria y varios	52.753,82 €	34.289,88 €	28.843,60 €	77,00	54,68 % Concurrencia competitiva
(6) F36047008 CAMPODEZA S.COOP.LTDA 2026036223 - Adquisición dun vehículo, material informático, un cabezal e un surtidor combustible	48.488,34 €	31.517,42 €	31.517,42 €	88,00	65,00 % Concurrencia competitiva
(7) F36257558 COOP GANDEIRA DE BOTOS SDAD COOP GALEGA 2026034672 - Adquisición diversa maquinaria agrícola	36.000,00 €	23.400,00 €	23.400,00 €	85,00	65,00 % Concurrencia competitiva
(8) F36362775 SCDAD COOPERATIVA GANDEIROS DO DEZA 2026035293 - Adquisición dunha segadora	37.000,00 €	24.050,00 €	24.050,00 €	80,00	65,00 % Concurrencia competitiva
(9) F36165082 VALLE DEL DEZA SDAD COOP AGRARIA LIMITADA 2026034673 - Adquisición dun arado de catro palas	14.600,00 €	9.490,00 €	6.368,07 €	17,00	43,82 % Concurrencia competitiva
(10) F36334062 XUNCOGA S.COOP.LTDA 2026036225 - Adquisición de diversa maquinaria industrial para a fábrica de pienso	66.780,00 €	43.407,00 €	28.094,42 €	75,00	42,07 % Concurrencia competitiva
TOTAL LALÍN (6)			142.273,51 €		



Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:FNCY1BWGMV8ZBT

19/06/2026 06:52:42

Página 1 de 3



Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación(FNDCYIBWMLV6ZBT)

19/06/2026 09:52:42
Páxina 1 de 3



 Deputación Pontevedra		INVERSIONES PARA COOPERATIVAS AGROGANADERAS RELAC/2026000037 DE DATA 19/06/2026 MN_A/26				
CF / ASOCIACIÓN / CONCEPTO	ORZAMENTO	SOLICITADO	PROPOSTO	PUNTOS	CONCESIÓN	
CONCELLO DE MEAÑO (PONTEVEDRA)						
(11) F36477354 COOP VITIVINICOLA AROUSANA S COOP GALEGA 2026036226 - Adquisición de maquinaria agrícola, material informático e mobiliario	70.000,00 €	45.500,00 €	29.967,38 €	80,00	42,81 %	Concurrencia competitiva
TOTAL MEAÑO (1)			29.967,38 €			
CONCELLO DE MOAÑA (PONTEVEDRA)						
(12) F04098860 A MEIXOEIRA S COOP GALEGA 2026036228 - Adquisición dunha cargadora e de diversa ferramenta de taller	29.282,18 €	19.033,42 €	12.736,14 €	34,00	43,49 %	Concurrencia competitiva
TOTAL MOAÑA (1)			12.736,14 €			
CONCELLO DE PONTEVEDRA (PONTEVEDRA)						
(13) F36211019 COBIDEZA SDAD COOP 2026035513 - Adquisición de maquinaria agrícola e unha caldeira para a queixería	70.000,00 €	45.500,00 €	31.091,15 €	83,00	44,42 %	Concurrencia competitiva
TOTAL PONTEVEDRA (1)			31.091,15 €			
CONCELLO DE PORTAS (PONTEVEDRA)						
(14) F36373587 VIÑA ALMIRANTE SDAD COOP GALEGA 2026036227 - Adquisición dunha carretilla transportadora, equipos varios e melloras na adega	24.745,50 €	10.084,64 €	16.084,64 €	63,00	65,00 %	Concurrencia competitiva
TOTAL PORTAS (1)			16.084,64 €			
CONCELLO DE RIBADUMIA (PONTEVEDRA)						
(15) F36008563 SAT N 4035 2026034677 - Desenvolpo e implementación de páxina e plataforma dixital	6.000,00 €	3.900,00 €	3.900,00 €	61,00	65,00 %	Concurrencia competitiva
TOTAL RIBADUMIA (1)			3.900,00 €			
CONCELLO DE RODEIRO (PONTEVEDRA)						
(16) F36100782 COOP O RODO 2026036224 - Adquisición dun terreo, diversa maquinaria agrícola e un vehículo	70.000,00 €	45.500,00 €	29.967,38 €	80,00	42,81 %	Concurrencia competitiva
TOTAL RODEIRO (1)			29.967,38 €			
CONCELLO DE ROSAL, O (PONTEVEDRA)						
(17) F36014835 C.C.A. PORTA RIO MIÑO SCG 2026035264 - Adquisición dun Transpaleta e un apilador fixador	7.408,00 €	4.815,20 €	4.815,20 €	76,00	65,00 %	Concurrencia competitiva
		Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo: https://sede.depo.gal Código seguro de verificación:FN5CY1BWQMLV8ZBT				
		19/06/2026 09:52:42 Páxina 2 de 3				

Deputación
Pontevedra

INVERSIONES PARA COOPERATIVAS AGROGANADERAS

RELAC/2026000037 DE DATA 19/06/2026

MN_A/26

CF / ASOCIACIÓN / CONCEPTO	ORZAMENTO	SOLICITADO	PROPOSTO	PUNTOS	CONCESIÓN
CONCELLO DE ROSAL, O (PONTEVEDRA)					
(18) F04203262 O ALCOUVE DA MOURA S. COOP. GALEGA 2026034668 - Adquisición de vehículo e de elementos de equipamentos varios	11.183,16 €	7.269,05 €	7.269,05 €	49,00	65,00 % Concurrencia competitiva
TOTAL ROSAL, O (2)			12.084,25 €		

Pontevedra, 19 de xuño de 2026

O/A Xefe/a do Servizo

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:FN5CY1BWQMLV8ZBT

19/06/2026 09:52:42
Páxina 3 de 3



14.37324.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN, MEDIANTE PROCEDEMENTO RESTRINXIDO, DO SERVIZO DE CREATIVIDADE E LANZAMENTO DA CAMPAÑA DE COMUNICACIÓN E PROMOCIÓN TURÍSTICA DO DESTINO RÍAS BAIXAS. (EXPTE.2025073287)

Resultando.- Que as actividades da Deputación de Pontevedra, e esta en concreto, levada a cabo polo servizo de Turismo Rías Baixas, baséanse na cooperación e no fomento do desenvolvemento económico do territorio provincial tal e como sinala o art. 36.1.d da Lei de Bases de Réxime local, en tanto que contará coa participación dos axentes turísticos (públicos e privados) e a poboación local da provincia de Pontevedra, así como no 109 e seguintes da Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia.

Resultando.- Que a Deputación de Pontevedra desenvolve, a través de marca Turismo Rías Baixas, accións promocionais anuais co fin de consolidar a provincia como destino turístico sostible, de calidade e con capacidade de desestacionalización. Neste marco, a estratexia Rías Baixas Turismo 61 constitúe o plan reitor de actuación turística, fixando liñas de acción orientadas á innovación, a internacionalización e a posta en valor do patrimonio e dos recursos e servizos turísticos do territorio, debendo a campaña promocional de 2027 aliñarse coa mesma resultando, deste xeito, xustificada a idoneidade e necesidade do contrato.

Resultando.- Que o servizo de Turismo non conta cos medios materiais e humanos necesarios para realizar as prestacións obxecto do contrato como é a realización das creatividade e da campaña do destino Rías Baixas, xa que se tratan de traballos que con levan un grao de cualificación e dedicación imposibles de garantir ao non contar cos medios necesarios e onde interveñen diversos profesionais, que en ocasións, dedícanse en exclusiva a estes servizos, esixindo un grao de especialización singular.

Resultando.- Que, con data 17 de marzo de 2026, a xefa do servizo de Turismo Rías Baixas, co visto e prace do deputado delegado, ditou providencia pola que se propón o inicio do expediente para a contratación da “servizo de creatividade e lanzamento da campaña de comunicación e promoción turística do Destino Rías Baixas”. Xunto coa proposta, remítese o prego de prescricións técnicas que rexerá neste procedemento.

Resultando.- Que o servizo de Contratación elabora o borrador de prego de cláusulas económico-administrativas particulares e solicita o preceptivo informe á Secretaría.

Resultando.- Que visto o informe favorable da Secretaría Xeral, de data 21 de maio de 2026 (CSV: 1IRBTTQEUXCXWBY).

Resultando.- Que dado que o servizo de Contratación solicita o preceptivo informe de fiscalización á Intervención, nos termos previstos na Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria.



Resultando.- Que, con data 12 de xuño de 2026, o servizo xestor emitiu informe complementario, polo que se introducen correccións na providencia de inicio (CSV: GEKRG8SZQMM85B4Q).

Resultando.- Que, con data 12 de xuño de 2026, pola Intervención xerouse, con cargo á aplicación orzamentaria 26/433.4320.227.75, o documento contable de retención de crédito nº 12026000126196, polo importe total de 225.038,59 €.

Resultando.- Que, con data 16 de xuño de 2026, emitíuse informe favorable da Intervención, coas seguintes observacións e recomendacións (CSV: 22CQ68MQP7D7DJ4X):

“1. A xuízo desta Intervención, tódolos criterios de adxudicación susceptibles de valoración económica e que por tanto, puideran supoñer un coste adicional para os licitadores, deberían terse en conta a efectos de determinar se unha oferta incorre en presunción de anormalidade (baixa temeraria).

2. Na cláusula 10.1 do apartado I. “Cláusulas particulares” do prego de cláusulas económico-administrativas particulares recóllense varios criterios avaliábeis mediante un xuízo de valor. A este respecto sinalar que, con carácter xeral deben, sempre e cando sexa posible, primar os criterios obxectivos e dar preponderancia a aqueles que fagan referencia a características do obxecto do contrato que se poidan valorar mediante cifras ou porcentaxes obtidos mediante a mera aplicación das fórmulas establecidas nos pregos, de acordo co recollido no artigo 146.2 da LCSP.

Ademais, no informe técnico de valoración das ofertas, deben recollese de forma clara as razóns nas que se fundamentan as puntuacións acadadas por cada licitador, sen que se poidan incluír aspectos que non figuren recollidos previamente no prego de cláusulas económico-administrativas particulares dentro de cada criterio”.

Resultando.- Que visto que, con 16 de xuño de 2026, o xefe do servizo de Contratación emitiu memoria xustificativa para a pretendida contratación, na que informa que o réxime xurídico aplicable é o propio dun contrato administrativo de servizos. O procedemento a aplicar é o procedemento restrinxido, de conformidade co artigo 131.2 LCSP.

Considerando.- O sinalado no artigo 17 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo o cal cualifícanse como contratos de servizos aqueles que teñen por obxecto prestacións de facer consistentes no desenvolvemento dunha actividade ou dirixidas á obtención dun resultado distinto dunha obra ou subministración.

Considerando.- O contido nos artigos 160 e seguintes LCSP, reguladores do procedemento restrinxido.

Considerando.- Os artigos 116 e 117 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establecen que a celebración de contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a



previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade y que deberá ser publicado no perfil do contratante. Completado o expediente de contratación, ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto.

Considerando.- O contido no artigo 122.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establece que os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente coa mesma, e sempre antes da licitación do contrato, ou, de non existir esta, antes da súa adxudicación.

Considerando.- Todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta o Presidente para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª. 2 a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de subministracións cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento restrinxido, do *“servizo de creatividade e lanzamento da campaña de comunicación e promoción turística do Destino Rías Baixas”*, cun orzamento base de licitación de 225.038,59€ (185.982,30€ máis 39.056,29€, correspondente ao 21 % de IVE), considerando os seguintes prezos unitarios de licitación:

CONCEPTO	UNIDADES	PREZO LICITACIÓN (sen IVE)
CREATIVIDADE, DESEÑO E COORDINACIÓN DA CAMPAÑA DE PROMOCIÓN DE TURISMO RÍAS BAIXAS		
Preproducción, investigación e estudo de localizacións	1	3.895,50 €
Desenvolvemento do concepto creativo	1	4.452,00 €
Manual de identidade gráfica	1	3.339,00 €
Textos e copias	1	2.226,00 €
Traducións	4	389,55 €
CREATIVIDADE, DESEÑO E PRODUCCIÓN DE PEZAS AUDIOVISUAIS PRINCIPAIS		
Vídeo principal da campaña Rías Baixas	1	36.172,50 €
Trailer do vídeo principal da campaña	1	1.335,60 €
Teaser do vídeo principal da campaña	1	1.113,00 €



Versión dobrada do vídeo principal para presentación no CIFFT	1	1.335,60 €
Versión corta do vídeo principal (90 segundos) para o seu emprego nas RRSS e tótems multimedia do servizo	1	1.669,50 €
Versión adaptada do vídeo principal ás características do videowall de Turismo Rías Baixas	1	389,55 €
Spots de TV	1	2.226,00 €
CREATIVIDADE, DESEÑO E PRODUCCIÓN DE PEZAS AUDIOVISUAIS COMPLEMENTARIAS E VERSIÓNS ADAPTADAS		
Vídeo complementario da campaña Rías Baixas	1	13.912,50 €
Spots publicitarios en formato vertical	4	556,50 €
Cuñas de radio	1	667,80 €
CREATIVIDADE, DESEÑO E PRODUCCIÓN DE ELEMENTOS FOTOGRÁFICOS, CON E SEN FIGURANTES		
Reportaxes fotográficas de experiencias con figurantes	6	3.339,00 €
Reportaxes fotográficas de experiencias sen figurantes	6	1.113,00 €
Imaxes de localizacións contempladas no plan de rodaxe	20	55,65 €
CREATIVIDADE, DESEÑO GRÁFICO E PRODUCCIÓN DE ELEMENTOS PROMOCIONAIS E ADAPTACIÓNS		
Adaptacións en campaña de lanzamento	20	100,17 €
Adaptación para prensa física e dixital	20	100,17 €
Adaptacións para a campaña de medios	30	100,17 €
Adaptacións para stands nas feiras turísticas	5	100,17 €
Adaptacións para soportes	10	100,17 €
Creatividades especiais contempladas na campaña de medios	4	1.113,00 €
Regalo institucional	400	31,16 €
CREATIVIDADE, DESEÑO, PRODUCCIÓN E EXECUCIÓN DOS EVENTOS DE PRESENTACIÓN DA CAMPAÑA		
Creatividade e deseño do acto de presentación	2	2.226,00 €
Producción e xestión dos traballos de presentación (guión, escaleta persoa que presenta e outras persoas a intervir)	2	8.347,50 €
Producción de elementos promocionais	2	1.113,00 €
Reproducción do acto de presentación en streaming TV	2	3.339,00 €
Reproducción , coordinación e dirección de produción do acto	2	8.347,50 €
Vídeo promocional do proxecto SICTED	1	6.678,00 €
Fondos audiovisuais para a pantalla de proxección durante a Gala de Turismo	1	2.782,50 €

O valor estimado é de 743.929,20 €.



O prazo de duración do contrato será de un (1) ano, a contar desde a data de formalización do contrato, tendo en consideración os prazos límite sinalados nos pregos respecto ao programa de traballo.

Prevenise 3 prórrogas de un (1) de duración cada unha, resultando o seu prazo de execución fixado polo servizo de Turismo Rías Baixas, seguindo os prazos considerados no contrato inicial.

2.- Autorizar o gasto por importe de 225.038,59 € con cargo á seguinte aplicación orzamentaria:

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe total (co IVE)
2026	26/433.4320.227.75	225.038,59 €

3.- Aprobar o prego de cláusulas económico-administrativas particulares (CSV: D5FHBJAA3LKKGEMA) e os pregos de prescricións técnicas (CSV: WLU59PUR5746MUR1), que rexerá dita contratación.

4.- Nomear responsable do contrato á responsable do servizo de Turismo Rías Baixas ou persoa en quen delegue.

5.- Iniciar o procedemento de adxudicación do presente contrato, concedendo un prazo para a presentación de proposicións, que rematará ás 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 30 días naturais, contados a partir da data de envío do anuncio de licitación á Oficina de Publicacións da Unión Europea.

15.37325.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN, MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO, DO SERVIZO DE PRODUCCIÓN E MONTAXE DO PROGRAMA +CONVIVIR 2026-2027. (EXPTE. 2026029061)

Resultando.- Que a Deputación de Pontevedra, de acordo coas competencias atribuídas entre outros nos artigos 31.2 e 36.1.d) da Lei /1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, pretende desenvolver e promocionar a través da área de Acción Comunitaria un conxunto de iniciativas e proxectos dirixidos ás comunidades e colectivos veciñais que conforman o tecido asociativo do territorio provincial para abordar de maneira conxunta os retos sociais da nosa provincia, buscando mellorar e satisfacer as relacións e condicións de vida da veciñanza a través da realización de actividades lúdico-formativas que promovan a adquisición de competencias, habilidades e destrezas que faciliten a dinamización e a convivencia veciñais.

No marco das competencias da área de Acción Comunitaria e atendendo á necesidade de levar a cabo actividades para fomentar o dinamismo asociativo da provincia, co obxectivo de redundar



nunha mellora efectiva da calidade de vida veciñal, propónse levar a cabo unhas xornadas de convivencia con actividades destinadas ós veciños de todos os concellos da provincia de Pontevedra, co obxecto de permitir a interacción entre persoas do ámbito preferentemente rural, normalmente de idade avanzada e que soen vivir illados.

Estas xornadas concíbense como instrumento para dinamizar a interrelación entre as comunidades veciñais e fortalecer o dinamismo do tecido asociativo, que amosou un alto grao de interese en participar nas iniciativas comunitarias levadas a cabo ata o momento. Este alto grao de interese amosado e contrastado coa alta participación nos plans e programas de Acción Comunitaria levados a cabo ata o momento estímase que repercuta positivamente na ampla difusión das iniciativas de Acción Comunitaria da Deputación de Pontevedra, á par que xustifica a utilidade e o impacto positivo no territorio deste tipo de iniciativas.

Resultando.- Que para a realización das accións concretas que se desenvolverán nas xornadas, requírese dispoñer de cadeiras para acomodar ós participantes, dispoñer dun escenario adecuado para impartir as conferencias, mobiliario adecuado para acomodar o espazo (tarimas, separadores, etc.), equipamento de luz e son axeitados, así como prestar o servizo de produción, coordinación e montaxe necesario para o normal desenvolvemento das xornadas.

Resultando.- Que con data 17 de abril de 2026, o xefe do servizo de Cooperación cos municipios, co visto e praxe do Deputado Delegado de Acción Comunitaria, Equipamentos Públicos, Fondos Europeos e Estación Fitopatolóxica de Areiro, dita providencia de inicio de expediente para a contratación do servizo de produción e montaxe do programa +CONVIVIR 2026-2027. Xunto coa proposta, remítese o prego de prescricións técnicas que rexerá neste procedemento.

Resultando.- Que, con data 19 de febreiro de 2026, a Intervención emitiu documento de retención de crédito para facer fronte ao proxecto de gastos do programa +CONVIVIR 2026 con número de operación 12026000038609, polo importe de 794.212,25 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 942.4590.227.99 do vixente orzamento provincial. Así mesmo, emitíuse documento de retención de crédito para exercicios futuros con número de operación 12026000058463, polo importe de 379.625,17 euros, con cargo a mesma aplicación orzamentaria.

Resultando.- Que o servizo de Contratación elabora o borrador de prego de cláusulas económico-administrativas particulares, e, con data 17 de abril de 2026, solicita o preceptivo informe á Secretaría.

Resultando.- Que, con data 21/04/2026, emítese informe complementario por parte do servizo de Cooperación (CSV: 085TMU71QL9O639H).



Resultando.- Que tendo en conta o informe favorable da Secretaría Xeral, de data 22 de abril de 2026 (CSV: BNUHPZMU3JOKQIKZ).

Resultando.- Que, con data 23 de abril de 2026, o servizo de Contratación solicita o preceptivo informe de fiscalización á Intervención, nos termos previstos na Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria.

Resultando.- Que, con data 17 de xuño de 2026, o servizo de Cooperación cos municipios emite unha nova providencia, con CSV: YQAWYXLQEAVOVYB9, para a corrección de erros.

Resultando.- Que, con data 16 de xuño de 2026, o xefe do servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio emite dilixencia para a xustificación do cambio de CPV, deixando o contrato de estar calificado como servizo dos definidos no Anexo IV (art. 17 da LCSP).

Resultando.- Que tendo en conta o informe favorable da Intervención, de data 18 de xuño de 2026 (CSV: SXHYGY5STIMOBGFU).

Resultando.- Que, con data 19 de xuño de 2026, o xefe do servizo de Contratación emite memoria xustificativa para a pretendida contratación, na que informa que o réxime xurídico aplicable é o propio dun contrato de servizos. O procedemento a aplicar é o procedemento aberto simplificado, por concorrer as circunstancias do artigo 159.1 LCSP.

Considerando.- Que tendo en conta o artigo 17 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, califícanse como contratos de servizos os contratos cuxo obxecto son prestacións de facer consistentes no desenvolvemento dunha actividade ou dirixidas á obtención dun resultado distinto dunha obra ou subministración, incluíndo aqueles no que o adxudicatario se obrigue a executar o servizo de forma sucesiva e por prezo unitario.

Considerando.- Que tendo en conta os artigos 116 e 117 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establecen que a celebración de contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade y que deberá ser publicado no perfil do contratante. Completado o expediente de contratación, ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto.

Considerando.- Que tendo en conta o artigo 122.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establece que os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente coa mesma, e sempre antes da licitación do contrato, ou, de non existir esta, antes da súa adxudicación.



Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta o Presidente para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2 a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de subministracións cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda unanimidade:

1.-Aprobar o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto, da *“Servizo de produción e montaxe do programa +CONVIVIR 2026”*, cun orzamento base de licitación co IVE de 201.900,60 € e un valor estimado de 166.860,00 €.

2.-Autorizar o gasto polo importe máximo de 201.900,60 € (IVE engadido), que se financiará con cargo as seguintes aplicacións orzamentarias:

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe total (co IVE)
2026	942.4590.227.99*	106.558,65 €
2027	942.4590.227.99*	95.341,95 €

*Proxecto de gasto 26_0008 (Programa +CONVIVIR 2026).

En todo caso, o importe do gasto correspondente á anualidade 2027 quedará condicionado á aprobación do orzamento do respectivo exercicio e á existencia de crédito adecuado e suficiente nas correspondentes aplicacións orzamentarias.

3.-Aprobar os pregos de cláusulas económico-administrativas particulares (CSV: Y7F9IL2IEGRG89FM) e o prego de prescricións técnicas (CSV: ZF6NN67AFFROQ5HD) que rexerá dita contratación.

4.- Nomear responsable do contrato a Marcos Areán González, xefe do Servizo de Cooperación; ou persoa en quen delegue.



5.- Iniciar o procedemento de adxudicación do presente contrato, concedendo un prazo para a presentación de proposicións, que rematará ás 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 15 días naturais, contados desde o día seguinte a publicación do anuncio de licitación no Perfil do contratante.

16.37326.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN, MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO, DO ACORDO MARCO QUE REXERÁ O SERVIZO DUN SOFTWARE INTEGRAL DE XESTIÓN DE POLICÍA LOCAL PARA AS ENTIDADES LOCAIS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA. (EXPTE. 2025077418)

Vista a providencia de inicio da xefa do servizo de Novas tecnoloxías e asinado polo deputado delegado (CSV:5D617AHC5AO5RTO7) para a contratación mediante Acordo marco dun software integral de xestión de policía local para as entidades locais da provincia de Pontevedra, co obxectivo de homoxeneizar o máximo posible as ferramentas utilizadas polas distintas xefaturas da policía local, que xustifica a necesidade, idoneidade e ausencia de medios propios suficientes e de programas de titularidade doutras administracións que puideran satisfacer estas necesidades, segundo o previsto no artigo 157.3 da Lei 40/2015. Xunto coa proposta, o servizo achega o correspondente prego de prescricións técnicas.

Resultando que, o presente Acordo Marco non supón obriga económica ningunha para a Deputación de Pontevedra, xa que as obrigas económicas serán as que resulten dos contratos derivados que se adxudiquen ao abeiro deste Acordo marco, que se axustarán aos prezos máximos previstos no prego, axustados, no seu caso, á oferta da empresa parte do Acordo Marco, non obstante, a efectos informativos, establécese un orzamento máximo estimado para o conxunto de contratos derivados que se poidan adxudicar durante a súa vixencia, que se adecúa aos prezos do mercado, e que supón un importe para os catro anos de duración de 2.533.425,40 € 21% do IVE engadido.

Resultando que o servizo de Contratación elabora o borrador do prego de cláusulas económico administrativas particulares e da memoria xustificativa, e con data 22-04-2026 solicita informe á Secretaría Xeral.

Resultando que a Secretaría Xeral, con data 27-05-2026 informa favorablemente o expediente, co CSV: TQ35YITGF9W5WADK.

Resultando que a Intervención, con data 16-07-2026, emite informe favorable co CSV: DIIELMRG5WK7KY5F, coas seguintes observacións ou recomendacións:



“Na cláusula 9.1 do apartado I. “Cláusulas particulares” do prego de cláusulas económico administrativas particulares recóllense criterios avaliábles mediante xuízo de valor. A este respecto sinalar que, con carácter xeral deben, sempre e cando sexa posible, primar os criterios obxectivos e dar preponderancia a aqueles que fagan referencia a características do obxecto do contrato que se poidan valorar mediante cifras ou porcentaxes obtidos mediante a mera aplicación das fórmulas establecidas nos pregos, de acordo co recollido no artigo 146.2 da LCSP.

Nos criterios avaliábles mediante un xuízo de valor en xeral, debe estar perfectamente definido que é o que se vai a valorar coa maior concreción posible, de xeito que se facilite o seu coñecemento ás empresas licitadoras e que estas poidan presentar así a súa mellor oferta e ó mesmo tempo, reducir unha posible discrecionalidade na súa valoración. No informe técnico de valoración das mesmas, deben recollerse de forma clara as razóns nas que se fundamentan as puntuacións acadadas por cada licitador, sen que se poidan incluír aspectos que non figuren recollidos previamente no prego de cláusulas económico-administrativas particulares dentro de cada criterio/subcriterio.”

Resultando que o xefe do servizo de Contratación, unha vez informado o expediente pola Secretaría e a Intervención, emite memoria xustificativa definitiva (CSV: YODGP74V54ZFUWEC) na que informa que o réxime xurídico aplicable é o propio dun acordo marco de servizos o procedemento a aplicar é aberto, sendo este procedemento ordinario segundo o artigo 131.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (en diante, LCSP).

Considerando o artigo 17 da LCSP, que tipifica como contratos de servizos os que teñen por obxecto prestacións de facer consistentes no desenvolvemento dunha actividade ou dirixidas á obtención dun resultado distinto dunha obra ou subministro.

Considerando os artigos 116 e 117 da LCSP, que establecen que a celebración de contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade y que deberá ser publicado no perfil do contratante. Completado o expediente de contratación, ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto.

Considerando o artigo 100.3 da LCSP, segundo o cal con carácter previo á tramitación dun acordo marco non é necesario aprobar un orzamento base de licitación.

Considerando o artigo 122.1 da LCSP, que establece que os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente coa mesma, e sempre antes da licitación do contrato, ou, de non existir esta, antes da súa adxudicación.



Considerando os artigos 219 a 222 e en concreto o artigo 221.3 da LCSP , cando o acordo marco se houbera concluído con unha única empresa, os contratos basados en aquel se adxudicarán con arreglo aos términos nel establecidos.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á Presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.-Aprobar o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto do Acordo marco dun software integral de xestión de policía local para as entidades locais da provincia de Pontevedra.

O Acordo Marco concluirase cunha única empresa, e fixará todos os termos, condicións e prezos que rexerán os contratos derivados que se podan adxudicar durante a súa vixencia, sen nova licitación. A contía total dos servizos que se vaian a realizar ao abeiro deste Acordo Marco non se pode definir con exactitude ao tempo de celebralo, por estar subordinada ás necesidades de cada entidade local.

Os contratos derivados poderán celebrarse entre a empresa coa que se subscriba o Acordo Marco e as entidades locais da provincia de Pontevedra que ostenten esta condición segundo o disposto no artigo 3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, ou que estén adheridas ou soliciten a súa adhesión á Oficina tecnolóxica de asistencia aos concellos (OTAC), que serán as encargadas de adxudicalos.

O prazo de duración do Acordo Marco será de 4 anos contados desde a data da súa formalización. Non hai prórrogas.

O prazo de duración dos contratos derivados: os contratos derivados, que poderán adxudicarse polas entidades locais da provincia interesadas durante a vixencia do Acordo Marco, fixarán o prazo concreto de duración, sen que poda ser inferior meses 12 meses, nin superar o período de vixencia do acordo marco (48 meses). Admítense prórrogas ata a finalización do Acordo marco.

O Acordo Marco non supón obriga económica ningunha para a Deputación de Pontevedra, xa que as obrigas económicas serán as que resulten dos contratos derivados que se adxudiquen ao abeiro



deste Acordo marco, que se axustarán aos prezos máximos previstos no prego, axustados, no seu caso, á oferta da empresa parte do Acordo Marco.

Non obstante, a efectos informativos, establécese un orzamento máximo estimado para o conxunto de contratos derivados que se poidan adxudicar durante a vixencia do Acordo Marco, que ascende a 2.533.425,40 euros (IVE engadido). O valor estimado é de 2.093.740,00 euros.

2.-Aprobar os pregos de cláusulas económico-administrativas particulares (CSV: PJGENN7IIM9IERVN) e de prescricións técnicas (CSV: 3KJ6503KP79KQGMM) que rexerán dita contratación.

3.-Nomear responsable do contrato a xefa do servizo de Novas tecnoloxías da Deputación de Pontevedra.

4.-Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación, concedendo un prazo para a presentación de proposicións que rematará ás 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 30 días naturais, desde a data de envío do anuncio de licitación á Oficina de Publicacións da Unión Europea.

17.37327.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO CONVOCADO PARA A CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE SOPORTE E MANTEMENTO DAS INFRAESTRUTURAS DE VIRTUALIZACIÓN XERAL (CISCO UCS) E HIPERCONVERXENTE (CISCO HYPERFLEX) DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA. (EXPTE. 2026004324)

Resultando.- Que a Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do 10 de abril de 2026, aprobou o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto, dos *“Servizos de soporte e mantemento das infraestruturas de virtualización xeral (Cisco UCS) e hiperconverxente (Cisco Hyperflex) da Deputación de Pontevedra”*.

Resultando.- Que o anuncio de licitación deste contrato enviouse para a súa publicación ao Diario Oficial da Unión Europea, con data 16 de abril de 2026, resultando publicado no perfil do contratante da Deputación de Pontevedra, aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público, con data 17 de abril de 2026. Así mesmo, publicáronse os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas que rexen este procedemento aberto.

Resultando.- Que rematado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 21 de maio de 2026, procedeu á apertura electrónica e cualificación dos sobres “A”, correspondentes á documentación administrativa, presentados polas empresas licitadoras, resultando admitida a única empresa que participa no procedemento:

- Sistemas Avanzados de Tecnología, S.A. (NIF: A33117995)



Resultando.- Que a continuación, a Mesa de Contratación acordou trasladar a documentación técnica descargada dos sobres "B", presentada pola referida empresa, ao persoal técnico do Servizo de Novas Tecnoloxías ao obxecto de que avalíase e ponderase a proposta ofertada, seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto.

Resultando.- Que a xefa do servizo de Novas Tecnoloxías, con data 22 de maio de 2026, emitiu informe de valoración dos criterios avaliábles mediante xuízos de valor, con CSV: KSG2YYHTTYLNYOY5.

Resultando.- Que a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 28 de maio de 2026, prestou conformidade ás puntuacións acadadas, e procedeu á apertura electrónica dos sobres "C", correspondentes á documentación avaliáble mediante criterios automáticos, das empresas que resultan admitidas e que acadan unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable en función dos criterios non avaliábles mediante fórmulas. Os valores ofertados constan no certificado da Mesa de Contratación con CSV: NYOAYVS9NUVCR3A9.

Resultando.- Que as puntuacións finais acadadas no procedemento constan no informe de puntuacións, con CSV: U095EJPVCKA0DX8Q.

Resultando.- Que, en base ao exposto, a Mesa de Contratación na sesión do día 04 de xuño de 2026, procedeu a aprobar a clasificación das ofertas por orde decrecente de puntuación; e, en base á dita clasificación, propór ao órgano de contratación que, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecido no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, procedese á adxudicación do contrato a favor da empresa Sistemas Avanzados de Tecnología, S.A. (NIF: A33117995) polos prezos e valores ofertados.

Resultando.- Que visto que o persoal técnico do servizo de Contratación, con data 04 de xuño de 2026, comprobou que a empresa Sistemas Avanzados de Tecnología, S.A. (NIF: A33117995) atópase inscrita no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público e no Rexistro Xeral de Contratistas de Galicia, co número de inscrición 2140. Ditos certificados acreditan, a tenor do neles reflectido e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación, clasificación e demais circunstancias inscritas, así como a non concorrencia de prohibicións de contratar.

Resultando.- Que mediante Resolución Presidencial número RP2026004594, de 05 de xuño de 2026, o órgano de contratación aceptou a proposta da Mesa de Contratación e requiriu á empresa Sistemas Avanzados de Tecnología, S.A. (NIF: A33117995), que presentou a mellor oferta, cumprindo co establecido nos pregos reguladores do procedemento, para que, dentro do prazo de dez días



hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, presentase a documentación exixida de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP.

Resultando.- Que a empresa Sistemas Avanzados de Tecnología, S.A. (NIF: A33117995) presentou a documentación correspondente ao requirimento a través da sede electrónica da Deputación de Pontevedra (registro entrada nº WEB2026050813, de data 16 de xuño de 2026), cumprindo cos requisitos establecidos nos pregos e no requirimento e quedando, polo tanto, debidamente acreditados os requisitos de capacidade e solvencia. Asemade, consta no expediente a constitución da garantía definitiva polo importe de 14.900,00 € (carta de pago núm. operación 12026000127351, do 17 de xuño de 2026).

Considerando.- O disposto nos artigos 150 e 151 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo os cales, recibida a documentación á que se refire o apartado 2 de artigo 150, o órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes. A resolución de adxudicación deberá ser motivada e notificarase aos candidatos e licitadores, debendo ser publicada no perfil do contratante no prazo de 15 días naturais. Na notificación indicarse o prazo no que debe procederse á formalización do contrato.

Considerando.- Todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á Presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Adxudicar o contrato do servizo para a *“servizos de soporte e mantemento das infraestruturas de virtualización xeral (Cisco UCS) e hiperconverxente (Cisco Hyperflex) da Deputación de Pontevedra”* á empresa Sistemas Avanzados de Tecnología, S.A. (NIF: A33117995) polos prezos e valores ofertados, conforme ao seguinte:

o **Prezo ofertado:**

Prezo total ofertado, sen IVE	IVE (21%)	Prezo total ofertado, IVE engadido
298.000,00 €	62.580,00 €	360.580,00 €

O prazo de duración do contrato é de (3) tres anos, a contar desde a data de formalización do contrato, con efectos desde o día 4 de xuño de 2026, sempre que o contrato se formalice con anterioridade a dita data; en caso contrario, os efectos produciranse desde a data de formalización do contrato.



Non se prevén prórrogas para esta contratación.

Financiamento: As obrigas derivadas do presente contrato financiaranse con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias:

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe total, co IVE
2026	26/926.9260.227.23	70.112,78 €
2027	27/926.9260.227.23	120.193,33 €
2028	28/926.9260.227.23	120.193,33 €
2029 (5 meses)	29/926.9260.227.23	50.080,56 €
TOTAL		360.580,00 €

En todo caso, os gastos que se deriven do presente contrato para os anos 2027, 2028 e 2029 quedarán condicionados á existencia de crédito axeitado e suficiente na correspondente aplicación orzamentaria así como á aprobación do respectivo orzamento provincial.

O cadro de financiación previsto para este contrato poderá sufrir variacións en función da data na que se formalice e inicie o contrato.

Forma de pagamento: PARCIAL

Os pagos á empresa adxudicataria realizaranse trimestralmente, contra a presentación da correspondente factura, polos servizos efectivamente prestados no período, previa conformidade por parte do servizo de Novas Tecnoloxías.

O prezo aboarase dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade dos servizos prestados co disposto no contrato, nos termos establecidos nos artigos 198.4 e 210.4 da LCSP.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse pola adxudicataria ou adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse desde a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, para os efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.es>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e número de expediente que se relacionan a continuación:

Administración:	L02000036 (CIF: P3600000H)		Núm. de exp.:	2026004324	
Órgano xestor:	LA0006132	Unidade tramitadora:	LA0006135	Oficina contable:	LA0006135



Se, xunto coa factura, a ou o adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, farao achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.

Responsable do contrato: xefa do servizo de Novas Tecnoloxías ou persoa en quen delegue.

2.- A empresa adxudicataria deberá formalizar o contrato en documento administrativo, que se porá a súa disposición na sede electrónica da Deputación de Pontevedra unha vez transcorrido o prazo de quince días hábiles, contados desde que se remita a notificación deste acordo ás empresas licitadoras.

Os servizos dependentes do órgano de Contratación requiriranlle á empresa seleccionada para que formalice o contrato nun prazo non superior a cinco días contando desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, unha vez transcorrido o prazo previsto no parágrafo anterior sen que se interpuxese recurso que comporte a suspensión da formalización do contrato. De igual forma procederán cando o órgano competente para a resolución do recurso levántase a suspensión.

18.37328.- APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN Nº 1 DO CONTRATO DO SERVIZO DE XESTIÓN, DESENVOLVEMENTO E EXECUCIÓN DO PROGRAMA "LECER EN FAMILIA 2026" PARA A AMPLIACIÓN DO NUMERO DE PRAZAS OFERTADAS. (EXPTE. 2025009308)

Resultando.- Que a Xunta de Goberno, en sesión celebrada o día 31 de xullo de 2025, acordou a aprobación do expediente para a contratación, mediante procedemento aberto, do *servizo de xestión, desenvolvemento e execución do programa LECER EN FAMILIA 2026*, cun orzamento base de licitación total de 304.097,88 €, para un total de 2.957 prazas.

O programa sería cofinanciado pola Deputación de Pontevedra e polas persoas usuarias de acordo coa seguinte distribución:

- Por un importe máximo de 174.420,00 euros, 2.907 prazas de réxime xeral con:
 - 60 euros do custo total da praza para as persoas maiores de 12 anos,
 - 30 euros do custo total da praza para as persoas de 3 a 12 anos,
 - e de balde no caso dos menores de 3 anos.
- Por un importe máximo de 5.142,00 euros, 50 prazas de réxime especial polo custo total da praza.
- As persoas usuarias pagarán a cantidade resultante de descontar do importe de adxudicación o importe que subvenciona a Deputación de Pontevedra.



Resultando.- Que a Xunta de Goberno, en sesión celebrada o día 19 de decembro de 2025, acordou a adxudicación do contrato do *Servizo de xestión, desenvolvemento e execución do programa LECER EN FAMILIA 2026* á empresa Viajes Halcon, S.A.U. (NIF: A10005510) polos seguintes prezos unitarios por persoa participante para cada un dos 12 establecementos:

NOME DO ESTABLECEMENTO		Categoría do establecemento	PREZO UNITARIO POR PRAZA*
1	Nuevo Astur Complejo & Spa	3*	102,80 €
2	Hotel Carlos I Silgar Sanxenxo	4*	102,80 €
3	Gran Talaso Hotel Sanxenxo	4*	102,80 €
4	Hotel Spa Nanin Playa	3*	102,80 €
5	Hotel Spa Bosquemar	3*	102,80 €
6	Termas de Cuntis – Hotel Castro do Balneario	4*	102,80 €
7	Hotel Bienestar Moaña	4*	102,80 €
8	Hotel Coia	4*	102,80 €
9	Hotel Sercotel Tres Luces	3*	102,80 €
10	Hotel Pazo o Rial	4*	102,80 €
11	Hotel Val Convention	3*	102,80 €
12	Hotel Pontiñas	3*	102,80 €

*De acordo co artigo 141 da Lei 37/1992, de 28 de decembro, do Imposto sobre o Valor Engadido, ao obxecto desta contratación resulta aplicable o réxime especial das axencias de viaxes.

Resultando.- Que, con data 28 de xaneiro de 2026, formalizouse o contrato coa empresa Viajes Halcon, S.A.U. (NIF: A10005510) cunha duración inicial de (1) un ano e posibilidade de tres prórrogas de un (1) ano de duración cada unha.

Resultando.- Que, con data 3 de xuño de 2026, a Xefa do Servizo de Benestar Social emitiu informe (CSV: G5084PANM2T2TSL) no que fai constar que, unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes de participación no devandito programa, o número total de persoas solicitantes



ascendeu a contía de 9.654 persoas, das cales 9.167 corresponden ao réxime xeral e 487 ao réxime especial. En consecuencia, solicita a modificación do contrato á alza por un importe total de 35.860,00 €, de acordo coa seguinte distribución:

- Ampliación de 255 prazas do réxime xeral, subvencionadas con 60,00 €, o que resulta un importe de 15.300,00 €.
- Ampliación de 200 prazas do réxime especial, subvencionadas con 102,80 €, o que resulta un importe de 20.560,00 €

Resultando.- Que, con data 9 de xuño de 2026, a Intervención emitiu o documento contable de retención de crédito (RC) nº I2026000115944, por importe de 35.860,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 26/231.2311.227.07 do vixente orzamento provincial.

Resultando.- Que a empresa Viajes Halcon, S.A.U. (NIF: A10005510), mediante escrito con entrada no rexistro da Deputación co número WEB2026047177, manifestou a súa conformidade coa modificación proposta e acreditou a viabilidade e capacidade operativa suficiente para dar cobertura a un incremento de 255 prazas de réxime xeral e 200 prazas de réxime especial, totalizando un incremento de 455 prazas distribuídas entres os 12 establecementos hoteleiros participantes no programa.

Resultando.- Que con data 22 de xuño de 2026, polos servizos de Contratación, Secretaría e Intervención emitiuse informe conxunto no que se conclúe a súa viabilidade, coas seguintes consideracións (CSV: S0X3XIJ5TU08737B):

“(…)

Primeiro.- A modificación proposta atópase expresamente prevista no prego de cláusulas económico-administrativas que rexe o contrato, concorrendo a causa habilitante prevista para a súa aplicación, consistente na necesidade de incrementar o número de persoas beneficiarias do programa ao existir un número de solicitantes (9.654 solicitudes) superior ao número máximo de prazas previstas no programa (2.957 prazas).

Segundo.- O importe da modificación ascende a 35.860,00 €, IVE engadido, e non supera o límite máximo do 20 % do prezo inicial do contrato, establecido na cláusula 18 do prego administrativo, en base ao previsto no artigo 204 da LCSP, ao representar unha porcentaxe inferior sobre dito prezo inicial (179.560,00 €).

Terceiro.- Con carácter previo á formalización da modificación, a empresa Viajes Halcon, S.A.U. (NIF: A10005510) deberá proceder ao reaxuste da garantía definitiva por importe de 1.793,00 €.



Cuarto.- A modificación producirá efectos dende a adopción do acordo polo correspondente órgano de contratación.”

Considerando.- Que de conformidade co artigo 190 da LCSP, dentro dos límites e con suxeición aos requisitos e efectos sinalados na Lei, o órgano de contratación ostenta, entre outras, a prerrogativa de modificar os contratos administrativos por razóns de interese público.

Considerando.- Que segundo o artigo 203 da LCSP, os contratos administrativos celebrados polos órganos de contratación só poderán modificarse durante a súa vixencia cando se dea algún dos seguintes supostos:

- a) Cando así se previu no prego de cláusulas administrativas particulares, nos termos e condicións establecidos no artigo 204.
- b) Excepcionalmente, cando sexa necesario realizar unha modificación que non estea prevista no prego de cláusulas administrativas particulares, a condición de que se cumpran as condicións que establece o artigo 205.

Considerando.- O artigo 204 LCSP, o cal establece que os contratos das Administracións Públicas poderán modificarse durante a súa vixencia ata un máximo do vinte por cento do prezo inicial cando nos pregos de cláusulas económico-administrativas particulares se tivese advertido desa posibilidade, na forma e co contido seguinte:

- a) A cláusula de modificación deberá esta formulada de forma clara, precisa e inequívoca.
- b) Asimesmo, con respecto ao seu contido a cláusula de modificación deberá precisar con detalle suficiente: o seu alcance, límites e natureza, as condicións en que poderá facerse uso da mesma por referencia a circunstancias cuxa concurrencia poida verificarse de forma obxetiva, e o procedemento que haxa de seguirse para realizar a modificación. A cláusula de modificación establecerá, asimesmo, que a modificación non poderá supoñer o establecemento de novos prezos unitarios non previstos no contrato.

Considerando.- As previsións contidas na cláusula 18 do prego de cláusulas económico-administrativas reguladoras do devandito programa, relativas á modificación do contrato, que versa como segue:

“De acordo co disposto no artigo 204 da LCSP os contratos poderán ser modificados durante a súa vixencia ata un máximo dun 20% do prezo inicial, cando no prego se indique expresamente esa posibilidade. Ditas modificacións solo poderá introducirse por razóns de interese público, limitándose ás estritamente indispensables para conseguir a satisfacción pretendida co obxecto do contrato.



De acordo co disposto no artigo 204 da LCSP, poderá modificarse o contrato, sendo estas modificacións obrigatorias para a empresa contratista cando por razón de interese público sexa necesario incrementar o número de prazas.

A modificación do contrato non poderá supoñer o establecemento de novos prezos unitarios non previstos no contrato, debendo de tramitarse nos termos previstos no artigo 203 e seguintes da LCSP. Asemade, formalizárase e publicárase de conformidade co previsto nos artigos 153, 63 e 207 desta lei.

As posibles modificacións non crearán ningún dereito nin expectativa de negocio a favor da empresa adxudicataria.

As causas obxectivas que poderían dar lugar a tramitación dun modificado son as seguintes:

- *A necesidade de aumentar o número de beneficiarios en función da demanda de prazas.*

Se poderá alcanzar o modificado cando:

- *Cando exista unha baixa de adxudicación con respecto ao orzamento de licitación previsto.*
- *Se autorice o gasto para facer fronte á modificación. (...)"*

Considerando.- A finalidade de garantir os principios de publicidade e transparencia que deben rexer a contratación pública, de conformidade cos artigos 191 e 207 LCSP, deberá darse audiencia á empresa contratista e publicarse o anuncio de modificación no perfil do contratante, no prazo de 5 días dende a aprobación da mesma.

Considerando.- O previsto no artigo 109.3 LCSP, polo que se deberá de reaxustar a garantía para que garde a debida proporción co novo prezo modificado, no prazo de quince días dende a data en que se lle notifique o acordo de modificación.

Considerando.- Que de acordo co previsto na Disposición adicional terceira da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, en relación cos artigos 3 e 4 do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, resultan preceptivos os informes da Secretaría e da Intervención.

Considerando.- Todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á Presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2 a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación



de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobación da modificación nº 1 do contrato de *xestión, desenvolvemento e execución do programa Lecer en familia 2026*, adxudicado á empresa Viajes Halcon, S.A.U, para a ampliación do número total de prazas ofertadas, de acordo coa seguinte distribución:

- Ampliación de 255 prazas do réxime xeral, subvencionadas con 60,00 €, o que resulta un importe de 15.300,00 €.
- Ampliación de 200 prazas do réxime especial, subvencionadas con 102,80 €, o que resulta un importe de 20.560,00 €

A modificación do contrato, en ningún caso, poderá supoñer o establecemento de novos prezos unitarios non previstos no contrato.

2.- Autorizar o gasto por importe de 35.860,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 26/231.2311.227.07 do vixente orzamento provincial.

3.- Requerir á empresa *Viajes Halcon, S.A.U. (NIF: A10005510)* para que, no prazo de quince días naturais dende o día seguinte á notificación do presente acordo, proceda ao reaxuste da garantía definitiva, por importe de 1.793,00 €.

19.37329.- AUTORIZACIÓN DO APRAZAMENTO DO INICIO DA EXECUCIÓN DO CONTRATO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE DESENVOLVEMENTO, IMPLANTACIÓN, MANTEMENTO E SOPORTE DUN AXENTE CONVERSACIONAL BASEADO EN INTELIXENCIA ARTIFICIAL PARA A PÁXINA WEB DO BOPPO DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA. (EXPTE.2025054380)

A Xunta de Goberno, en sesión celebrada o día 22 de maio de 2026, acordou a adxudicación do contrato para a prestación do servizo de desenvolvemento, implantación, mantemento e soporte dun axente conversacional baseado en intelixencia artificial para a páxina web do BOPPO da Deputación de Pontevedra, a UTE integrada polas empresas TICSMART S.L (CIF B-93275675) e MAINJOBS INTERNACIONAL EDUCATIVA Y TECNOLÓGICA, SAU (CIF A92909068).

O prego de cláusulas económico-administrativas na súa cláusula 6 establece que o prazo de duración do contrato será de 2 anos contados desde a formalización do contrato. O prazo de execución do desenvolvemento e implantación é de 4 meses contados desde a formalización do contrato. Unha vez desenvolvida e implantada a solución iniciarase o prazo de soporte e mantemento ata a finalización do contrato, estimándose a duración desta fase en 20 meses.

Con data 16/06/2026 tivo entrada no rexistro web da Deputación de Pontevedra con número de entrada 2026050780 escrito da UTE integrada polas empresas TICSMART S.L (CIF B-93275675) e



MAINJOBS INTERNACIONAL EDUCATIVA Y TECNOLÓGICA, SAU (CIF A92909068), escrito mediante o que solicita o aplazamento do inicio efectivo dos traballos do contrato para a prestación do servizo de desenvolvemento, implantación, mantemento e soporte dun axente conversacional baseado en intelixencia artificial para a páxina web do BOPPO da Deputación de Pontevedra ata o día 1 de setembro de 2026 fixando dita data como referencia para a celebración da reunión de arranque e para o inicio da fase de desenvolvemento e implantación. A empresa motiva a súa petición indicando o seguinte:

“Segundo. Que, de conformidade coa planificación establecida nos pregos que rexen a contratación, a fase de desenvolvemento e implantación presenta unha duración especialmente reducida e esixente de catro meses, período durante o cal deben executarse actuacións críticas de análise, configuración, desenvolvemento, integración, probas, validación, documentación, coordinación técnica e posta en produción da solución.

Terceiro. Que o inicio previsto dos traballos durante o mes de xuño coincide co período estival e coa planificación ordinaria de vacacións dos equipos técnicos das entidades integrantes da UTE, así como dos perfís especializados cuxa participación resulta necesaria para garantir unha execución continuada, coordinada e de calidade ao longo da fase inicial do proxecto.

Cuarto. Que, tendo en conta a natureza tecnolóxica do contrato e a elevada concentración temporal das actividades de desenvolvemento e implantación, o inicio dos traballos nun período de menor dispoñibilidade operativa podería comprometer a adecuada continuidade dos equipos de traballo, dificultar a coordinación cos servizos técnicos implicados e afectar á correcta preparación da reunión de arranque, á definición dos fitos, ao establecemento do calendario de seguimento e ao despregamento inicial da solución.”

Resultando que con data 19/06/2025 pola Xefa do Servizo de Novas Tecnoloxías, emítese informe indicando o seguinte:

“Considerando a situación actual existente no Servizo de Novas Tecnoloxías, caracterizada pola necesidade de encomendar a unha parte do persoal integrante do departamento os traballos relativos ao servizo do Centro de Atención a persoas Usuarias (CAU) debido á finalización do contrato que daba cobertura a este (o novo contrato ten previsto o comezo da súa execución antes do 1 de setembro), así como o comezo do período estival e, a maior abastanza, vista a solicitude presentada pola entidade adxudicataria, considérase necesario acordar a suspensión temporal do comezo da execución da prestación do contrato.

Os pregos de prescricións de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexen o presente contrato prevén un prazo de execución de 4 meses para o desenvolvemento e implantación da



ferramenta. A situación descrita anteriormente imposibilita a adscrición de persoal integrante do servizo de Novas Tecnoloxías ao seguimento e supervisión da correcta implantación ata, como mínimo, o día 1 de setembro de 2026."

Considerando o artigo 208 da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público que establece que a Administración pode suspender o contrato estendendo un acta onde se consignarán as circunstancias que a motivaron a suspensión e a situación de feito na execución daquel.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Autorizar a suspensión do inicio da execución do contrato para a prestación do servizo desenvolvemento, implantación, mantemento e soporte dun axente conversacional baseado en intelixencia artificial para a páxina web do BOPPO da Deputación de Pontevedra ata o día 1 de setembro de 2026 fixando dita data como referencia para a celebración da reunión de arranque e para o inicio da fase de desenvolvemento e implantación, de tal forma que o prazo de execución do desenvolvemento e implantación será de 4 meses contados desde o 1 de setembro de 2026 sendo o prazo de duración total do contrato de 2 anos contados desde dita data.

20.37330.- APROBACIÓN DA ACTUALIZACIÓN DA RENDA DO CONTRATO DE "ARRENDAMENTO DO LOCAL ONDE SE EMPRAZA A OFICINA PERIFÉRICA DO ORAL NO CONCELLO DE O PORRIÑO". (EXPTE.2021032265)

Resultando a Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 12 de novembro de 2021, adxudicou, mediante adxudicación directa, o contrato de "*Arrendamento dun local destinado á oficina periférica do ORAL no Concello de O Porriño (Rúa O Pinar nº 5, baixo)*" á entidade Bargiela Ucha, S.L. (CIF: B-36.334.613), conforme ao seguinte detalle:

Prezo mensual ofertado (renda):

Prezo sen IVE:	1.050,00 euros
IVE (21%):	220,50 euros
Prezo total co IVE:	1.270,50 euros



O contrato entrou en vigor o día 1 de decembro de 2021, adxudicándose cun prazo de duración de cinco anos, contado desde a formalización do contrato, e a posibilidade de cinco prórrogas anuais.

Resultando que, mediante escrito presentado con Rexistro de entrada núm. WEB2026039622, de 6 de maio de 2026, o contratista solicita a actualización da renda co índice xeral de prezos ao consumo, conforme ao previsto no acordo de adxudicación.

Resultando que, con data 19 de maio de 2026, o xefe de servizo do ORAL, xunto co deputado delegado da Área, emite informe (CSV: 055898IUY30VEV67), manifestando a súa conformidade coa actualización da renda, que deberá materializarse a partir do mes de xuño de 2026 co incremento ou diminución que supón a variación publicada polo Instituto Nacional de Estatística na súa páxina web (<https://www.ine.es>) na data da solicitude.

Resultando que, con data 20 de maio de 2026, o xefe do servizo de Contratación emite informe, considerando procedente, se así o decide o órgano de contratación, actualizar a renda do presente contrato de arrendamento conforme ao índice xeral de prezos ao consumo estimado polo INE, tomando como mes de referencia o correspondente ao derradeiro índice publicado polo INE, con efectos desde o mes de xuño de 2026.

Resultando que, con data 20 de maio de 2026, a Intervención emite documento de retención de crédito núm. 12026000104323 por importe de 259,20 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 26/932.9320.20200 do vixente orzamento provincial, acreditando a existencia de crédito axeitado e suficiente para os gastos derivados da presente actualización para o ano 2026.

Resultando que, con data 8 de xuño do 2026, Secretaría presta conformidade ao informe do xefe de Contratación do 20 de maio.

Resultando que, con data 15 de xuño do 2026, a Intervención informa favorablemente a actualización da renda.

Considerando o establecido respecto á actualización de renda no artigo 18 da Lei 29/1994, de 24 de novembro, de Arrendamentos Urbanos.

Considerando que a Xunta de Goberno, no punto 2 do acordo de adxudicación do presente contrato, previu que a renda podería ser obxecto de revisión anual sempre que fora solicitada expresamente polo propietario, elevándose ou reducíndose segundo aumentase ou diminuíse o índice xeral de prezos ao consumo, ou o que lle substituíse, estimado polo Instituto Nacional de Estatística ou, no seu defecto, polo organismo que estime tal variación.

Considerando que o contratista solicitou a actualización da renda co índice xeral de prezos ao consumo, conforme ao previsto no acordo de adxudicación e na LAU.



Considerando que a actualización da renda co índice xeral de prezos ao consumo estimado polo Instituto Nacional de Estatística, tomando como mes de referencia para a actualización o correspondente ao derradeiro índice publicado polo INE (<https://ine.es/calcula/calcula.do>), obtería o seguinte resultado:

Actualización de importes co IPC Xeral. Sistema IPC base 2025 para períodos anuais completos.		
Importe actualizado co IPC Xeral (sistema IPC base 2025) entre Marzo de 2025 e Marzo de 2026		
Importe inicial	Importe actualizado	Tasa de variación
1.050,00 €	1.085,70 €	3,4 %

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á Presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e das bases de execución do orzamento, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Estimar a solicitude presentada pola entidade Bargiela Ucha, S.L. (CIF: B-36.334.613) con Rexistro de entrada núm. WEB2026039622, de 6 de maio de 2026, e, en resposta á mesma, aprobar a actualización da renda do contrato de "*Arrendamento dun local destinado á oficina periférica do ORAL no Concello de O Porriño (Rúa O Pinar nº 5, baixo)*", con efectos desde o mes de xuño de 2026, conforme ao seguinte:

Renda mensual actualizada co índice xeral de prezos ao consumo estimado polo Instituto Nacional de Estatística:

Prezo sen IVE:	1.085,70 €
IVE (21%):	228,00 €
Prezo total co IVE:	1.313,70 €

2. Autorizar o gasto por importe de 259,20 euros con cargo á aplicación 26/932.9320.20200 do vixente orzamento provincial para facer fronte a dita actualización.



21.37331.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO CONVOCADO PARA A CONTRATACIÓN DO "SERVIZO DE MANTEMENTO E SOPORTE TÉCNICO PARA O EQUIPAMENTO INFORMÁTICO ASOCIADO AO PROXECTO "TOURIST INSIDE RÍAS BAIXAS" DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA". (EXPTE. 2026007856)

Vista a proposta de adxudicación acordada pola Mesa de Contratación, na súa sesión do día 04/06/2026, respecto ao procedemento aberto seguido para a contratación do "Servizo de mantemento e soporte técnico para o equipamento informático asociado ao proxecto "TOURIST INSIDE RÍAS BAIXAS" da Deputación de Pontevedra".

No mesmo acto, propón ao órgano de contratación que, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecido no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, (en diante, LCSP) proceda á adxudicación do contrato a favor da empresa SUMINISTROS IMPORTACIONES Y MANTENIMIENTOS ELECTRÓNICOS, S.A.U. (A78032315), polos prezos e valores ofertados.

Resultando.- Que por acordo da Xunta de Goberno nº26.36977, de data 24 de abril de 2026, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto, do "Servizo de implantación dun produto museográfico ó aire libre, ao redor da festa do Corpus Christi de Ponteareas, e soporte e mantemento do mesmo, no marco do PRTR compoñente 14 - Plan de sustentabilidade turística en destino".

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 28/04/2026. Así mesmo, publicouse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

Resultando.- Que finalizado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación, na súa reunión de data 14/05/2026, procedeu á apertura dos sobres A, correspondentes coa documentación administrativa (Certificado da mesa co CSV nº 6F1695AH7V92M88Z).

Resultando.- Que na mesma sesión, a Mesa de Contratación procedeu á apertura dos sobres "B", correspondentes coa documentación técnica, remitíndose dita documentación ó servizo de Novas Tecnoloxías (Certificado da mesa co CSV nº 12W6EFHIX5OCT4MP).



Resultando.- Que con data 21/05/2026, a Xefa servizo de Novas Tecnoloxías da Deputación de Pontevedra emitíu o correspondente informe relativo á valoración da documentación técnica presentada polos licitadores (CSV: 7W16RTVD3GX6JU4W).

Resultando.- Que a Mesa de Contratación, na sesión que tivo lugar o día 28/05/2026, e á vista do mencionado informe, acordou prestar a súa conformidade ás puntuacións recollidas no mesmo e, na mesma sesión, proceder coa apertura dos sobres C, correspondentes coas ofertas avaliadas mediante criterios automáticos, facultando ó secretario da mesma para que, de resultar algunha oferta incurso en presunción de desproporcionalidade no momento de efectuar as valoracións por aplicación da fórmula prevista, realice o correspondente requirimento (Certificados da mesa cos CSV nº UEOZK2IIMVNPYBMK e T7XZLONFRO9RQJTN).

Resultando.- Que con data 29/05/2026 o servizo de Contratación emite o correspondente informe sobre as puntuacións totais acadadas no procedemento, alcanzando o licitador SUMINISTROS IMPORTACIONES Y MANTENIMIENTOS ELECTRÓNICOS, S.A.U. (A78032315) a máxima puntuación.

Resultando.- Que o persoal técnico do servizo de Contratación, con data 08/06/2026, comproba que a empresa SUMINISTROS IMPORTACIONES Y MANTENIMIENTOS ELECTRÓNICOS, S.A.U. (A78032315) atópase inscrita no ROLECE e no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, acreditando dito certificado a tenor do nel reflectido e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación, habilitación profesional ou empresarial, así como de estar ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade social, de alta no IAE, e a non concorrencia das prohibicións de contratar.

Resultando.- Que mediante Resolución Presidencial número 2026004709, de data 09/06/2026, o órgano de contratación acepta a proposta de adxudicación da Mesa de Contratación, e require á empresa SUMINISTROS IMPORTACIONES Y MANTENIMIENTOS ELECTRÓNICOS, S.A.U. (A78032315) para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, presente a documentación exixida de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP.

Resultando.- Que a empresa SUMINISTROS IMPORTACIONES Y MANTENIMIENTOS ELECTRÓNICOS, S.A.U. (A78032315) presentou a documentación correspondente ao requirimento a través da sede electrónica da Deputación de Pontevedra (Rexistro entrada WEB 2026051711, de data 19/06/2026), cumprindo cos requisitos establecidos nos pregos e no requirimento, quedando, polo tanto, debidamente acreditados os requisitos de capacidade e solvencia. Asemade, consta no expediente a constitución da garantía definitiva polo importe de 2.172,67 € (carta de pago núm. operación 12026000128727, de data 22/06/2026).



Considerando.- Os artigos 150 e 151 da LCSP, segundo os cales, recibida a documentación á que se refire o apartado 2 de artigo 150, o órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes. A resolución de adxudicación deberá ser motivada e notificarase aos candidatos e licitadores, debendo ser publicada no perfil do contratante no prazo de 15 días naturais. Na notificación indicarse o prazo no que debe procederse á formalización do contrato.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á Presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Adxudicar o contrato de “Servizo de mantemento e soporte técnico para o equipamento informático asociado ao proxecto “TOURIST INSIDE RÍAS BAIXAS” da Deputación de Pontevedra” á empresa SUMINISTROS IMPORTACIONES Y MANTENIMIENTOS ELECTRÓNICOS, S.A.U. (A78032315) polos prezos e valor es ofertados, e conforme ao seguinte:

Prezo:

Prezo sen IVE:	43.453,39 €
IVE (21%):	9.125,21 €
Prezo total:	52.578,60 €

Duración:

O contrato terá un prazo de duración dun (1) ano, a contar dende a data da súa formalización, prevéndose a posibilidade de dúas (2) prórrogas anuais.

Financiación: As obrigas derivadas do presente contrato para o ano 2026 financiaranse con cargo a aplicación orzamentaria 433.4320.227.99 do vixente orzamento provincial, e as do ano 2027 contabilizarase na correspondente aplicación, que será, no seu caso, a 433.4320.227.99 do orzamento provincial correspondente ó exercicio do ano 2027, quedando condicionado o gasto á aprobación do seu respectivo orzamento e á existencia de crédito adecuado e suficiente no mesmo. O cadro de financiamento previsto para este contrato poderá sufrir variacións en función da data da súa formalización.



Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe total (co IVE)
2026	433.4320.227.99	26.289,30 €
2027	433.4320.227.99	26.289,30 €

Forma de pagamento: PARCIAL

Fitos de facturación:

Os pagamentos á empresa adxudicataria pola efectiva prestación do servizo realizaranse contra a emisión das correspondentes facturas mensuais, previa conformidade por parte do servizo xestor.

O prezo aboarase dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade dos servizos prestados co disposto no contrato, nos termos establecidos nos artigos 198.4 e 210.4 da LCSP.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse pola adxudicataria ou adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse desde a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, para os efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.es>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e número de expediente que se relacionan a continuación:

Administración:	L02000036 (CIF: P3600000H)		Núm. de exp.:	2026007856	
Órgano xestor:	LA0006132	Unidade tramitadora:	LA0006135	Oficina contable:	LA0006135

Se, xunto coa factura, a ou o adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, farao achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.

Responsable do contrato: Marta Parada Lorenzo, xefa do servizo de Novas Tecnoloxías.



2. A empresa adxudicataria deberá formalizar o contrato en documento administrativo, que se porá a súa disposición na sede electrónica da Deputación de Pontevedra unha vez transcorrido o prazo de quince días hábiles, contados desde que se remita a notificación deste acordo ás empresas licitadoras.

Os servizos dependentes do órgano de Contratación requiriranlle á empresa seleccionada para que formalice o contrato nun prazo non superior a cinco días contando desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, unha vez transcorrido o prazo previsto no parágrafo anterior sen que se interpuxese recurso que comporte a suspensión da formalización do contrato. De igual forma procederán cando o órgano competente para a resolución do recurso levantase a suspensión.

22.37332.- APROBACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO DA OBRA "MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA EP-1002 A MAGDALENA-ALDÁN, DENDE O P.Q. 0+000 ATA O P.Q. 1+850 (CONCELLO DE CANGAS)". (EXPTE. 2024057093)

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 04/04/2025 acordou aprobar o proxecto de execución da obra "Mellora da mobilidade peonil na EP-1002 A Magdalena-Aldán, dende o P.Q. 0+000 ata o P.Q. 1+850 (Concello de Cangas)", redactado por D. Óscar Catoria Daquinta, técnico adscrito á empresa NOVOTEC, cun orzamento base de licitación de 1.334.076,05€. A este proxecto asignóuselle o CSV: XL5Q0Y6P8R6RWJ48.

Resultando.- Que o mesmo órgano na súa sesión ordinaria celebrada o día 8 de agosto de 2025, acordou adxudicar á empresa Construcciones Fечи, S.L.U., (CIF B-36258861) o contrato de obras "Mellora da mobilidade peonil na E.P.1002 A Magdalena-Aldán, dende o P.Q. 0+000 ata o P.Q. 1+850 (Concello de Cangas)" por un importe de 1.234.420,57 € IVE engadido e un prazo de execución de DEZ (10) MESES.

Resultando.- Que Construcciones Fечи, S.L.U, constituíu na Tesourería da Deputación de Pontevedra, garantía definitiva por importe de 51.009,11 €

Resultando.- Que con data 19/09/2025 formalízase entre o contratista e a directora de obra, acta de comprobación de replanteo, establecendo coma data para finalizar a obra o día 19/07/2026.

Resultando.- Que mediante informe emitido polo director de obra, que consta no expediente con CSV: NOPS7H5TDRRDJSP7, solicítase autorización de redacción de proxecto modificado da obra "Mellora da mobilidade peonil na EP-1002 A Magdalena-Aldán, dende o P.Q. 0+000 ata o P.Q. 1+850 (Concello de Cangas).



Resultando.- Que recolle no seu informe o director de obra o seguinte: “...que iniciados os traballos de movemento de terras para a execución dos muros e canalizacións nos últimos metros da zona de actuación, atopáronse as seguintes incidencias:

- Trala retirada da capa superficial no inicio da escavación para a execución dos muros, détéctase a nula capacidade portante do terreo e os grandes espesores de terra vexetal.
- Gran deterioro e roturas das cunetas de formigón, sendo indetectable o seu estado real mediante unha inspección visual ordinaria en fase de proxecto.
- Necesidade de axuste do trazado da estrada á realidade actual do ámbito da actuación e existencia de perfís e peraltes/bombeos moi irregular en toda a estrada. Este axuste deriva do replanteo do proxecto sobre antes dos movementos de terra, revelando discrepancias en contra entre a cartografía do proxecto e a realidade do entorno., descubríndose movementos verticais nos bordes da estrada por mor do tráfico pesado que afectan os peraltes e bombeos.
- Aparición de rocha en numerosos puntos da obra, aflorando esta a profundidades non previstas.
- Existencia de macádám bituminoso na base da estrada. A existencia deste material baixo as capas de firme descubriuse no momento da escavación de muros e gabias.
- Eliminación dos postes de iluminación sen alternativa de colocación de luminarias. A imposibilidade de manter o servizo apareceu como consecuencia directa do deseño final de soterramento das liñas,. Este deseño é potestade das empresas de subministros, non estando dispoñible previamente.
- Problemas no drenaxe da estrada. Os problemas de desbordamentos foron detectados en outubro de 2025. A comprobación da orixe das inundacións foi posible coa observación directa en episodios de choivas intensas tralo inicio dos traballos.
- Imposibilidade de adaptar as pendentes cos medios do proxecto. Esta circunstancia só foi evidente no momento do replanteo da ampliación da plataforma, comprobándose nese momento o impacto real sobre a rasante dos accesos á estrada.
- Roturas de capas de firme nas zonas onde se están a executar os muros do proxecto, derivados da mala calidade do terreo, sendo necesario o seu saneo.

Resultando.- Que sinala o director de obra que estas circunstancias non se puideron detectar durante a redacción do proxecto e que xurdiron unha vez iniciadas as escavacións das obras.

Resultando.- Que sinala tamén que non hai alteración da natureza do contrato e ausencia de alteración sustancial. Engade que o incremento total do proxecto modificado suporía unha porcentaxe do proxecto orixinal dun 40,92 %.



Resultando.- Que recolle que as circunstancias que motivan a proposta de modificación obxecto do expediente son alleas a erros, defectos ou insuficiencia de estudos ou comprobacións tendo en conta os medios dispoñibles e de acordo á tipoloxía do proxecto, supervisado este por técnicos do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais con data de 4 de maio de 2023 cumprindo tódolos requisitos establecidos no Art. 233 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Resultando.- Que consta no expediente con CSV: UXEC5VIHL81FCKZE, informe do xefe de Servizo de Contratación, onde se recolle o seguinte: *"...A subsección 4ª, da sección 3ª do capítulo I do título I da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, nos seus artigos 203 e seguintes regula as modificacións dous contratos. Esta regulación está baseada non principio de igualdade de trato entre vos licitadores, impondo que todos os licitadores dispoñan das mesmas oportunidades ao formular os termos das súas ofertas e implica, por tanto, que estas estean sometidas ás mesmas condicións para todos os competidores. Corolario do devandito principio contéplase unicamente dúas posibilidades para poder realizar a modificación do contrato: 1. que estean previstas de forma clara, precisa e inequívoca na documentación da licitación. 2. Ou, en caso contrario, que se dean algunha das circunstancias do artigo 205 LCSP e que a modificación non afecte a ningunha condición esencial/substancial da licitación. Na licitación non se contemplou ningunha circunstancia de modificación do contrato, co cal queda descartada dita posibilidade. A segunda posibilidade para modificar o contrato é unha facultade reservada para os supostos legais taxados e cuxa interpretación debe recibir un tratamento marcadamente restritivo, e require que se adecue a algunhas das circunstancias previstas no artigo 205 Lcsp. A modificación proposta baséase, no artigo 205.2.b) da LCSP debido a que a necesidade de modificar o contrato se deriva de circunstancias sobrevidas e que foran imprevisibles, segundo o informe do director de obra CSV:5NWS74TWNGO4GZ8L no momento en que tivo lugar a licitación do contrato. Asimesmo, o informe recolle que non hai alteración da natureza do contrato e ausencia de alteración sustancial. Engade que o incremento total do proxecto modificado suporía unha porcentaxe do proxecto orixinal dun 40,92 %. Tendo en consideración a limitación do coñecemento técnico en enxeñería civil e das cuestións técnicas na obra e no proxecto, nos apoiarnos nestas conclusións na competencia e afirmacións da directora de obra, non vendo inconvincente a unha posible autorización de redacción do proxecto modificado..."*

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 01/04/2026 acordou autorizar a redacción do proxecto modificado da obra "Mellora da mobilidade peonil na EP-1002 A Magdalena-Aldán, dende o P.Q. 0+000 ata o P.Q. 1+850 (Concello de Cangas)".

Resultando.-Que consta no expediente con CSV: 5ZI2Y8ZVL4AR633O informe do director de obra, co que xunta proxecto modificado da obra "Mellora da mobilidade peonil na EP-1002 A Magdalena-Aldán, dende o P.Q. 0+000 ata o P.Q. 1+850 (Concello de Cangas), por un importe de 1.879.948,84 € IVE Incluído. A este proxecto asignóuselle o código CSV: VO0TECTSUSXNHIFR.



Resultando.- Que no citado informe recóllese que non se alteran as condicións esenciais de licitación e adxudicación, non alterándose de forma sustancial o contrato.

Resultando.- Que recolle tamén que o proxecto modificado limítase a introducir as variacións estritamente indispensables para responder á causa obxectiva que as fai necesarias, contemplando a introdución de novas unidades de obra non previstas, que se se adecúan aos prezos actuais de mercado, e foron fixados de forma contraditoria coa empresa contratista das obras.

Resultando.- Que segundo se sinala na memoria do proxecto, o orzamento do presente proxecto modificado ascende á cantidade de 1.553.676,84 €, máis 326.272,14 € relativos ó IVE (21%), resultando un orzamento total de licitación de 1.879.948,98 €, que unha vez aplicada a baixa ofertada polo adxudicatario do 7,47 % resulta un orzamento de adxudicación do proxecto modificado de 1.739.516,79 €, IVE incluído, o que supón un orzamento adicional líquido do presente modificado nº 1 de 505.096,22 € que representa un incremento con respecto ao proxecto vixente do 40,92 %.

Resultando.- Que segundo se recolle no informe do director de obra, tralos cálculos realizados durante a redacción do proxecto modificado, estímase necesario un incremento do prazo de execución, de CENTO CUARENTA E CATRO (144) DÍAS, establecéndose coma data para finalizar a obra o día 10/12/2026.

Resultando.- En canto os excesos de medicións, o director de obra sinala en informe que consta no expediente con CSV: 69ZUN607TD5HEO4L, que no momento da redacción deste proxecto modificado, os excesos de medición existentes introdúcense no mesmo, non existindo na actualidade excesos de medición a maiores dos contemplados no proxecto modificado.

Resultando.- Que consta no expediente conformidade expresa do contratista co proxecto modificado.

Resultando.- Que pola Intervención emitíronse documentos RC números 12026000126737 e 12026000126738 por importes de 71.860,30 euros e 433.235,92 euros con cargo ás aplicacións orzamentarias 26/456.4530.612.02.2024 e 26/456.4530.612.02 do vixente orzamento provincial, certificando a existencia de crédito para facer fronte a este gasto.

Resultando.- Que de conformidade cos artigos 191 e 272 da LCSP, consta no expediente con CSV: 36U9N06BTEDYIUS, notificación do trámite de audiencia que se lle dou o redactor do proxecto inicial, dándolle traslado igualmente do proxecto modificado para que fixera as alegacións que



estimara oportunas, constando que se tivo por notificado o día 16/06/2026, sen que presentara alegación algunha dentro do prazo.

Resultando.- Que consta no expediente con CSV: 71HRQSVAEFBTWGO6, informe da Secretaria Xeral da Deputación, no que se recolle o seguinte: *"...A modificación proposta non conta cos elementos para ser tramitada como tal ao non entenderse xustificadas as causas imprevisibles sinaladas no informe do Director da Obra e superarse os prazos de execución sinalados nos PCA. Ao entender desta Secretaría, procedería a resolución do contrato e unha nova licitación, non obstante, o órgano de contratación decidirá o que se resulte máis conveniente para a defensa do interese público..."*.

Resultando.- Que consta no expediente con CSV: 22Q0EY05LAMPR79T, informe de fiscalización do proxecto, no que se recolle o seguinte: *"...sen prexuízo do sinalado respecto da achega do Concello no apartado relativo ao financiamento, infórmase favorablemente o expediente, agás no que se refire á falta de audiencia á entidade redactora do proxecto, que deberá incorporarse ao expediente con carácter previo á aprobación da modificación do contrato..."*.

Considerando.- Que o órgano de Contratación ostenta, de acordo co previsto no artigo 190 da LCSP, a prerrogativa de modificar os contratos celebrados por razóns de interese público, dentro dos límites e con suxeición aos requisitos e efectos sinalados na LCSP e as súas disposicións de desenvolvemento.

A devandita prerrogativa supón unha excepción ao principio de inalterabilidade dos contratos sen o consentimento de ambas as partes, que rexe nos contratos sinalagmáticos, xa que outorga á Administración a posibilidade de modificar unilateralmente o contrato, impondo dita modificación á empresa contratista.

Considerando.- Que o papel do TXUE foi fundamental para determinar como e con que condicións son conformes ás regras da contratación pública as modificacións das condicións dun contrato.

Convén recordar a principal doutrina e as súas prácticas. Podemos afirmar como "leading case" a Sentenza de 29 de abril de 2004 (Socchi di frutta)F26F, onde o Tribunal de Xustiza,aborda en profundidade os límites e requisitos da modificación dun contrato público ó analizar a obriga dos poderes adxudicadores de cumprir cos documentos do contrato: " O principio de igualdade de trato entre os licitadores (...) impón que todos os licitadores dispoñan das mesmas oportunidades ó formular os termos das súas ofertas e implica, por tanto, que estean sometidas ás mesmas condicións para todos os competidores..." *as e implica, por tanto, que estean sometidas ás mesmas condicións para todos os competidores..."*.



O que se pretende coa doutrina desta sentenza, en palabras do propio Tribunal é que: *“todas as condicións e modalidades do procedemento de licitación estean formuladas de forma clara, precisa e inequívoca no anuncio de licitación ou no prego de condicións, co fin de que, por unha parte, todos os licitadores razoablemente e normalmente dilixentes podan comprender o seu alcance exacto e interpretalos da mesma forma e , por outra banda, a entidade adxudicadora poida comprobar efectivamente que as ofertas presentadas polos licitadores responden ós criterios aplicables ó contrato se que se trata”*.

Considerando.- O principio de igualdade de trato dos licitadores, que ten o obxecto de favorecer o desenvolvemento de unha competencia sana e efectiva entre as empresas que participen nunha licitación pública, exige que todos os licitadores dispoñan das mesmas oportunidades de formulación dos termos das súas ofertas e implica pois que estas se sometan ás mesmas condicións para todos os competidores (sentenza do Tribunal de Xustiza de 29 de abril de 2004, Comisión/CAS Succhi di Frutta, C-496/99 P, Rec. p.I-3801, apartados 109 e 110).

Considerando.- Que o profesor Gimeno Feliu no estudo da *“modificación dos contratos públicos: límites e dereito aplicable”* afirma que a excepcionalidade da prerrogativa foi confirmada sen quebra pola xurisprudencia do TS que configura a modificación contractual como unha facultade reservada para os supostos legais taxados e cuxa interpretación debe recibir un tratamento marcadamente restritivo, xa que, de non ser elo así, infrinxiríase un dos principios básicos do noso ordenamento xurídico recollido polo artigo 1256 do Código Civil, relativo a que o cumprimento dos contratos non pode quedar ó arbitrio dunha das partes. Nos contratos de obras deben concorrer razóns técnicas imprevisibles en el proxecto orixinario y no simplemente defectos o meras imprevisións en el proxecto (CEst Dict 50668/1987, 17-6-87; 79/1993, 1-4-93).

Considerando.- Que a Administración ten o ius variandi, que lle permite modificar o contrato unilateralmente cando concorran circunstancias de interese público, por excepción ao principio de inalterabilidade dos contratos sen o consentimento de ambas as partes. Trátase dunha potestade regrada que só pode exercerse nos casos e na forma prevista na LCSP, cando a modificación veña determinada por unha razón de interese público debida a causas novas e imprevistas.

Considerando.- Que a modificación acórdase polo órgano de contratación e é obrigatorio para o contratista. As modificacións non poden ser utilizadas como modo de alterar o obxecto do contrato despois da licitación, de modo que se lesione os principios de igualdade, non discriminación e libre concorrência. Só pode modificarse o contrato:

- a) Ben cando así se previu nos pregos. Limitase a previsión de modificación aos pregos tratándose de contratos administrativos (LCSP art.203.2.a), suprimindo a referencia ao anuncio de licitación.



b) Ben nos casos e cos límites establecidos na LCSP, sen prexuízo dos supostos de sucesión na persoa do contratista, cesión do contrato, revisión de prezos e ampliación do prazo de execución, que se rexen polas súas normas propias.

Considerando.- Que en particular non cabe a modificación para engadir prestacións complementarias ás contratadas, ampliar o obxecto do contrato para finalidades novas non contempladas nos pregos, e incorporar unha prestación susceptible de utilización ou aproveitamento independente.

Coa prerrogativa de modificación non se pode crear un contrato novo distinto do contrato primitivo, senón simplemente introducir alteracións ou variacións no proxecto orixinario, pois noutro caso estaríanse a burlar os principios de publicidade e concorrência (CEst Dict 50641/1987, 12-11-87; 51698/1988, 25-2-88; 4350/1997, 6-11-97).

Considerando.- Que consta no expediente con CSV: 5NWS74TWNGO4GZ8L informe no que se recolle a natureza do contrato non resulta alterada de ningún xeito manténdose a tipoloxía e os traballos da obra.

Considerando.- Que no prego de condicións administrativas que rexe o contrato non se contemplou circunstancias previas que permitisen realizar modificacións do contrato, polo que haberá que acudir ás modificacións non previstas que se recollen nos artigos 205 e seguintes.

Considerando.- Que o artigo 205.2.b), recolle os casos que determinan que modificación se derive de circunstancias sobrevenidas e que foran imprevisibles no momento que tivo lugar a licitación do contrato:

- a. Que a necesidade da modificación se derive de circunstancias que unha Administración dilixente non puideran prever.
- b. Que a modificación non altere a natureza global do contrato.
- c. Que a modificación do contrato implique unha alteración na súa contía que non exceda, illada ou conxuntamente con outras modificacións acordadas conforme ó artigo 205 da LCSP, do 50 por cento do seu prezo inicial IVE excluído.

Considerando.- Que convén salientar a Sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión Europea de 16 de outubro de 2025 (asunto C-282/24), ditada en relación coa interpretación do artigo 72.2 da Directiva 2014/24/UE, na que se precisa que a *«alteración da natureza global»* do contrato ou do



acordo marco constitúe un concepto distinto —e máis cualificado— que o de «*modificación substancial*».

Segundo a referida doutrina, mentres a modificación substancial se identifica coas variacións que, de ter estado incluídas na documentación reitora do procedemento, poderían ter influído no resultado da licitación, a alteración da natureza global queda reservada para supostos de maior envergadura, nos que a modificación comporte un cambio fundamental do obxecto ou do tipo de prestacións, ou ben unha transformación estrutural ou cualitativa do equilibrio económico que desvirtúe a esencia ou finalidade do contrato, ben pola introdución de obrigas novas alleas ao perímetro inicialmente contemplado, ben por situar o contratista nunha posición económica claramente máis vantaxosa respecto da licitación orixinal.

Que aplicando este criterio interpretativo ao presente expediente, e segundo o informe do director de obra ditas modificacións non alteran a natureza global do contrato, mantendo as características xerais das obras a executar e sen modificar o tipo de contrato nin o seu obxecto.

Que a maiores, non se pretenden engadir prestacións complementarias ás contratadas, ampliar o obxecto do contrato para finalidades novas non contempladas nos pregos, nin incorporar unha prestación susceptible de utilización ou aproveitamento independente.

Considerando.- Que a concorrencia do interese público no presente expediente debe apreciarse atendendo á finalidade do contrato, aumentar a seguridade viaria nun tramo da E.P. 1002 Magdalena-Aldán que transcorre por un núcleo rural, co fin de dar protección dos colectivos máis vulnerables: peóns, ciclistas e persoas con mobilidade reducida, fomentando a convivencia de todos os medios de transporte e sistemas de desprazamento, así como repartir de xeito equitativo o espazo público, e á situación material na que se atopa a obra, parcialmente executada, suspendida e afectada por danos sobrevidos, provocando unha grande situación de risco para os usuarios da vía.

Considerando.- Que, segundo resulta do informe da dirección facultativa que consta no expediente con CSV: 19JMML3PP0V15VE9, a obra atópase parcialmente executada e afectada por circunstancias sobrevidas que inciden en unidades tales como muros de contención, gabias, drenaxes, ampliación de plataforma, axustes de rasante e solucións construtivas necesarias para a estabilización e adaptación da vía. A paralización definitiva da actuación mediante a resolución do contrato e a posterior tramitación dunha nova licitación implicaría deixar incompletas unidades de obra sensibles desde o punto de vista da seguridade viaria, incrementando os riscos de caída a distinto nivel, saída de vía, deterioración das unidades xa executadas e agravamento das afeccións existentes, sen garantir, ademais, unha vixilancia continuada das medidas de protección e sinalización propias dunha obra en execución.



Considerando.- Que, fronte á alternativa de resolución contractual e nova licitación, a continuidade da execución mediante a aprobación do proxecto modificado constitúe a solución máis adecuada para a defensa do interese público, por resultar máis eficiente, proporcionada e segura. A dita continuidade permite preservar a unidade funcional da obra, protexer as unidades xa executadas, evitar unha paralización prolongada nunha estrada de uso relevante, minimizar riscos para os usuarios e reducir o impacto económico e temporal que derivaría dunha nova contratación.

Considerando.- Que para a redacción do modificado haberá que ter en conta o previsto nos artigos do Real Decreto 1098/2001 de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, que se transcriben de seguido:

Artigo 102: "...Cando sexa necesario introducir algunha modificación no contrato, redactarase a oportuna proposta integrada polos documentos que xustifique, describan e valoren aquela. A aprobación polo órgano de contratación requirirá a previa audiencia ó contratista e a fiscalización do gasto correspondente..."

Artigo 158: "...Cando se xulgue necesario empregar materiais ou executar unidades de obra que non figuren no proxecto, a proposta do director da obra sobre os novos prezos a fixar basearase en canto resulte de aplicación, nos custos elementais fixados na descomposición dos prezos unitarios integrados no contrato, e en calquera caso, nos custos que correspondesen á data na que tivo lugar a adxudicación..."

O artigo 160 do mesmo texto legal recolle que cando existan variacións sobre as unidades previstas no contrato, sexan diminucións ou excesos de medicións, as mesmas deberán contemplarse no caso que se redacte proxecto modificado.

Artigo 162.2: "Cando sexa necesaria a execución de unidades novas non previstas no proxecto, o directo de obra elevará ó órgano de contratación as propostas de prezos novos e a repercusión sobre o prazo de execución do contrato. A conformidade por parte do contratista dos novos prezos e a valoración do prazo total da obra será condición necesaria para poder comezar os traballos correspondentes ás unidades novas..."

Artigo 141.2: "...Se o órgano de contratación decide a modificación do proxecto, esta tramitarase con arranxo ás normas xerais da Lei e deste Regulamento acordando a suspensión temporal, total ou parcial da obra, ordenando neste último caso á iniciación dos traballos naquelas partes afectadas polas modificacións previstas no proxecto..."



Artigo 234.3: "...Cando o director facultativo da obra considere necesaria unha modificación do proxecto recabará do órgano de contratación autorización para iniciar o correspondente expediente, que se substanciará con carácter de urxencia coas seguintes actuacións: a) Redacción da modificación do proxecto e aprobación técnica da mesma. b) Audiencia do contratista e redactor do proxecto por prazo mínimo de tres días..."

Considerando.- Que en virtude da Lei 31/1995, de 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais e o Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas en materia de seguridade e saúde nas obras de construción, a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria celebrada o día 08/08/2025 acordou adxudicar á empresa ATENEA SEGURIDAD Y MEDIOAMBIENTE, S.A., o Lote 2 do "Acordo marco que rexerá a prestación do servizo de seguridade e saúde nas obras da Deputación de Pontevedra (Zona Centro)".

Considerando.- Que o PCAP que rexe nesta contratación establece que atendendo ás necesidades existentes adxudicaranse os correspondentes contratos derivados.

Considerando.- Que por Resolución Presidencial número 2025007525 adxudicouse á empresa ATENEA SEGURIDAD Y MEDIOAMBIENTE, S.A. (CIF A82876905) o Contrato derivado Lote 2 AM seguridade e saúde na obra "Mellora da mobilidade peonil na EP-1002 A Magdalena-Aldán, dende o P.Q. 0+000 ata o P.Q. 1+850 (Concello de Cangas)", cun prazo de execución de DEZ (10) MESES:

Considerando.- Que os traballos obxecto dos contratos derivados que se adxudiquen terán lugar durante a total execución das obras e estarán suxeitos a estas.

Considerando.- Que ao ampliarse o prazo de execución do proxecto en 144 DÍAS, faise necesario adxudicar un novo contrato derivado de seguridade e saúde, propoñéndose á empresa ATENEA SEGURIDAD Y MEDIOAMBIENTE, S.A. para a adxudicación do Contrato derivado Lote 2 AM seguridade e saúde do proxecto modificado da obra "Mellora da mobilidade peonil na EP-1002 A Magdalena-Aldán, dende o P.Q. 0+000 ata o P.Q. 1+850 (Concello de Cangas)", por un importe de 3451,20 € IVE engadido.

Considerando.- O informe emitido pola xefa do Servizo de Fiscalización, (CSV) QDE0ZVNVU780LJ4R, no que se recolle que na aplicación orzamentaria 26/456.4530.601.02, dentro do proxecto de gasto código nº 2017003642/39, existe crédito adecuado e suficiente para facer fronte a este gasto, a cuxo efecto emitíuse o documento RC nº 12026000128995.



A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar o proxecto modificado da obra "Mellora da mobilidade peonil na EP-1002 A Magdalena-Aldán, dende o P.Q. 0+000 ata o P.Q. 1+850 (Concello de Cangas)" cun importe de 1.879.948,98 € IVE engadido. A proxecto asignóuselle o código CSV: VO0TECTSUSXNHIFR.
2. Modificar o contrato de obras "Mellora da mobilidade peonil na EP-1002 A Magdalena-Aldán, dende o P.Q. 0+000 ata o P.Q. 1+850 (Concello de Cangas)", establecendo o seu importe unha vez aplicada a baixa ofertada polo contratista, na contía de 1.739.516,79 € IVE engadido.
3. Ampliar o prazo de execución de todas as unidades de obras recollidas na memoria valorada modificada pendentes de executar en CENTO CUARENTA E CATRO (144) DIAS , a contar dende a formalización da acta de comprobación de replanteo, establecendo coma data para finalizar a obra o día 10/12/2026.

O contratista deberá constituír na Tesourería da Deputación de Pontevedra, garantía complementaria por importe de 20.871,75 €.

O contrato modificado deberá formalizarse no prazo máximo de 15 días hábiles seguintes á notificación deste acordo, condicionados a que polo contratista se constituíra a garantía complementaria.

4. Adxudicar á empresa ATENEA SEGURIDAD Y MEDIO AMBIENTE, S.A (A82876905), o Contrato derivado Lote 2 AM seguridade e saúde do proxecto modificado da obra "Mellora da mobilidade peonil na EP-1002 A Magdalena-Aldán, dende o P.Q. 0+000 ata o P.Q. 1+850 (Concello de Cangas)", (Extpe 2026050110), por un importe de 3.451,20 € IVE engadido, de acordo co seguinte detalle:

Importe.....	2.852,23 €
IVE (21 %).....	598,97 €
Importe total.....	3.451,20 €

Os traballos obxecto deste contrato derivado terán lugar durante CENTO CUARENTA E CATRO (144) DIAS, polos que se amplía o prazo de execución do contrato de obras do proxecto modificado da obra "Mellora da mobilidade peonil na EP-1002 A Magdalena-Aldán, dende o P.Q. 0+000 ata o P.Q. 1+850 (Concello de Cangas)".

Este contrato financiarase con carto á aplicación orzamentaria 26/456.4530.601.02 dentro do proxecto de gasto código número 2017003642/39 do vixente orzamento provincial.



Neste contrato derivado, nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:

Administración: L02000036 Deputación Provincial de Pontevedra CIF: P3600000H.; Órgano xestor: LA0006123; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable: LA0006135; número de expediente: 2026050110.

23.37333.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA EMPRESA CIVIS GLOBAL, S.L.U. (B-36684157), PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DO CONTRATO DE OBRAS CORRESPONDENTE A "URBANIZACIÓN E RECUPERACIÓN DE ESPAZOS E MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA AVENIDA CASTELAO EP9803 (ILLA DE AROUSA)". (EXPTE. 2021038293)(DEVOGARAN 2026034687)

Por acordo, número 6.31572, adoptado pola Xunta de Goberno, celebrado na súa sesión ordinaria, de data 08 de abril de 2022 (CSV.- 9XTOYU4AGIARHA1E), acordouse, entre outros asuntos, o procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do servizo de *"Urbanización de recuperación de espazos e mellora da mobilidade peonil na Avenida Castelao, E.P. 9803 (Concello Illa de Arousa)"*. (Núm. Exp. 2021038293)

Para garantir a correcta execución do deste contrato, a entidade mercantil *CIVIS GLOBAL, S.L. (B-36684157)*, constituíu na Tesourería desta Deputación, unha garantía definitiva polo importe equivalente ao 5% do seu prezo de adxudicación, do seguinte xeito:

EMPRESA	IMPORTE	CARTA PAGO	DATA
CIVIS GLOBAL, S.L. (B-36.684.157)	40.885,77€	202200065679	04/04/2022

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido polo Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais (CSV.- G5Z5L5WR76VISLGU), no cal sinala que *"(...) Realizada visita a obra, e confirmada a súa execución acorde ás necesidades que a motivaron, infórmase que non existen obras e/ou revisións de prezos pendentes a maiores das xa certificadas polo director de obra na certificación final, nin tampouco reclamacións pola calidade da obra contra o contratista, polo que pode procederse á liquidación da obra sen variación económica.*

En base ao anteriormente exposto, procede a devolución da garantía definitiva constituída polo contratista por importe de 40.885,77 €, segundo consta na carta de pagamento núm. 202200065679, de data 04 de abril de 2022. (...)".



Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención (CSV.- JA5OYKXVWEIH41O1), no cal indica que existe na caixa da Deputación a constitución por parte da entidade mercantil CIVIS GLOBAL, S.L. (B-36.684.157), dunha garantía por ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: "Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución".

A XUNTA DE GOBERNO, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade có establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

- PRIMEIRO.- Aprobado a liquidación do contrato que regulou a obra de *"Urbanización de recuperación de espazos e mellora da mobilidade peonil na Avenida Castela, E.P. 9803 (Concello Illa de Arousa)"* (Núm. Expte. 2021038293), sen que existan obrigas pendentes.

- SEGUNDO.- Proceder á devolución da garantía definitiva presentada pola entidade mercantil CIVIS GLOBAL, S.L. (B-36684157), por resultar adxudicataria de dito contrato derivado, que foi a seguinte:

- o A constituída mediante aval emitido pola entidade CAIXABANK, S.A. (A-08.663.619) *"Aval inscrito no Rexistro Especial de Avals co número 9340.03.2510182-82"*, por importe de corenta mil oitocentos oitenta e cinco euros con setenta e sete céntimos (40.885,77 €), que foi depositada na Tesourería Provincial con data 04/04/2022, segundo orde e constitución de valores, con número de operación 12024000030592 (*Carta de pago número 2022000065679*).

24.37334.- CORRECCIÓN DE ERRO NO ACORDO ADOPTADO POLA XUNTA DE GOBERNO NA SESIÓN ORDINARIA DE DATA 05/06/2026 (ACORDO NÚMERO 12.37225), POLO QUE SE ADXUDICA O PROCEDEMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE E CON EXCLUSIVIDADE, CONVOCADO PARA A ADQUISICIÓN DA COLECCIÓN VALLE-INCLÁN PARA O MUSEO DE PONTEVEDRA. (EXPTE. 2025070470)

Por acordo número 12.37225, da Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria do día 5 de xuño de 2026, adxudicase mediante procedemento negociado sen publicidade e sen concorrência, a adquisición por compravenda da colección Valle-Inclán para o Museo de Pontevedra, a Miguel María Lorenzo del Valle-Inclán Alsina (35249083L) o Lote 1, a Yago Baltasar del Valle-Inclán Redondo (54130891T)



e Lucía Mercedes del Valle-Inclán Redondo (54130892R) o Lote 2, e a Javier María del Valle-Inclán Alsina (35282511M) o Lote 3.

Unha vez adxudicado o contrato, observase un erro no DNI do adxudicatario do Lote3, Javier María del Valle-Inclán Alsina.

Considerando.- Que o artigo 109.2 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, recolle que as Administracións Públicas poderán rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á Presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de subministracións cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Corrixir o citado erro no seguinte senso:

ONDE DI:

(...)

1. Adxudicar por lotes o contrato da adquisición por compravenda da colección Valle-Inclán para o Museo de Pontevedra, conforme ao seguinte:

(...)

- Lote nº3, a favor de Javier María del Valle-Inclán Alsina con DNI; 35249083L, polos prezos e valores ofertados, conforme o seguinte:

Prezo ofertado*	134.633,00 €
-----------------	--------------



DEBE DICIR:

(…)

1. Adxudicar por lotes o contrato da adquisición por compravenda da colección Valle-Inclán para o Museo de Pontevedra, conforme ao seguinte:

(…)

- Lote nº3, a favor de Javier María del Valle-Inclán Alsina con DNI; 35282511M, polos prezos e valores ofertados, conforme o seguinte:

Prezo ofertado*	134.633,00 €
-----------------	--------------

25.37335.- RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO DA CERTIFICACIÓN Nº8 DA OBRA DE CONSERVACIÓN DA CASA DE COMBARRO. (EXPTE.2026047049)

Con data 19.04.2023 a Deputación de Pontevedra e o Concello de Poio asinan o convenio de colaboración da cesión gratuita do inmovible “casa de Combarro”, situado na rúa San Roque 59, para ser destinado a centro de promoción, información e difusión turística, cultural, do patrimonio histórico-artístico e, por tanto, ao desenvolvemento local do territorio. Dito convenio tiña unha duración de dous (2) anos, podendo acordar os asinantes unanimemente a súa prórroga por un periodo de ata dous (2) anos adicionais.

A edificación atópase nun estado de conservación normal, aínda que se considera necesario realizar obras de conservación e mantemento para a mellora da eficiencia enerxética e funcional. Dado que entre as obrigas da Deputación de Pontevedra se atopa a execución das obras necesarias para o acondicionamento da edificación, solicítase a redacción do proxecto de Conservación da “Casa de Combarro” ao arquitecto D. José Manuel Fernández Barreira que, con data xullo de 2023, asina o proxecto cun importe de orzamento base de licitación que ascende a 116.100,78 €, IVE engadido.

Con data 03.10.2023 a Xunta de Goberno Local do Concello de Poio aproba o proxecto de Conservación da “Casa de Combarro”.

Con data 24.11.2023, mediante Resolución Presidencial número 2023008861, apróbase o proxecto para a execución da obra de dito proxecto.

Con data 17.01.2024, mediante Resolución Presidencial número 2024000371, apróbase o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto simplificado das obras de Conservación da “Casa de Combarro”.



Con data 12.03.2024, mediante Resolución Presidencial número 2024002060, adxudícase á empresa REVCOM ENERGÍAS RENOVABLES, S.L. (B70045497) as obras de Conservación da “Casa de Combarro”, por importe de 111.260,78 €, IVE engadido, e un periodo de catro (4) meses, a contar dende a data de formalización da acta de comprobación de replanteo.

Con data 22.04.2024 asínase o acta de comprobación de replanteo.

Coa mesma data asínase o acta de paralización da obra con motivo da necesidade de trasladar á asociación que utilizaba o inmovible.

En maio de 2024, antes do inicio das obras, realízanse os traballos de inspección necesarios para dar cumprimento ao establecido na aprobación do proxecto acordada pola Xunta de Goberno Local (na sesión con data 03.10.2023) e, como resultado destes traballos, constátase a presenza de pranchas de fibrocemento que conteñen fibras de amianto. Por esta razón deben modificarse os traballos de demolición previstos para o cumprimento das disposicións mínimas de seguridade e saúde aplicables aos traballos con risco de exposición ao amianto, de acordo ao Real decreto 396/2006, de 31 de marzo.

Con data 09.09.2024, mediante Resolución Presidencial número 2024007134, autorízase a redacción do proxecto modificado da obra Conservación da “Casa de Combarro”.

Con data 26.02.2025, mediante Resolución Presidencial número 2025001363, apróbase o proxecto modificado da obra, cun importe de 138.138,04 €, IVE incluído, modificar o contrato das obras, unha vez aplicada a baixa ofertada polo contratista, nun importe de 132.379,35 €, e ampliar o prazo de execución en dous (2) meses.

Con data 28.04.2025 asínase a acta de reinicio das obras.

Con data 19 de abril de 2025 produciuse o vencemento do convenio sen que fose posible rematar a obra de conservación da Casa de Combarro comprometida pola Deputación dentro do prazo de vixencia do convenio, debido a continxencias sobrevidas que produciron diferentes problemas e retrasos na súa execución.

Con data 20 de novembro de 2025 a xefa de servizo de Arquitectura emite informe no que pon de manifesto as circunstancias que motivaron o retraso na execución de dita obra e a necesidade de subscribir un novo convenio co concello de Poio que proporcione cobertura xurídica para finalizar pola Deputación as obras pendentes no inmovible comprometidas no anterior convenio vencido.



O Deputado delegado da área de Novas Tecnoloxías e Contratación a través de providencia de data 21 de novembro de 2025 dispón iniciar expediente para a tramitación dun novo convenio de colaboración co concello de Poio para a continuación das obras de conservación do inmovible Casa de Combarro, iniciadas ao abeiro do convenio anterior.

Con data 24.04.2026, mediante Resolución Presidencial número 2026003226, resólvese aprobar o convenio de colaboración entre Deputación provincial de Pontevedra e o concello de Poio para finalizar as obras de conservación da “Casa de Combarro”.

Con data 08.06.2026 a Deputación de Pontevedra e o Concello de Poio asinan convenio de colaboración para finalizar as obras de conservación da “casa de Combarro”. O devandito convenio terá unha duración de dous (2) anos e poderá prorrogarse por un ano (1) adicional.

Con data 15.06.2025, a dirección facultativa e o representante da empresa Revcom Energías Renovables, S.L., asinan a certificación nº 8, relativa ás obras executadas durante o periodo comprendido entre 01.04.2026 e o 30.04.2026, que ascende á cantidade de 5.751,40 €.

Con data 19.06.2026 a Intervención recolle no seu informe de fiscalización da certificación nº 8 “[...] *A pesar de que se asinou un novo convenio con data 08/06/2026, na data que comprende esta certificación, o convenio anterior estaba caducado [...]*”.

De acordo co sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio 2025, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

-Autorizar o compromiso de gasto e o recoñecemento extraxudicial da seguinte obriga:

EMPRESA	Aplicación orzamentaria	Importe
Revcom Energías Renovables, S.L. (B70045497)	26/457.4500.632.03.2022	
	SUBTOTAL	4.460,13 €
Taxa Técnicos Directores (4% PEM Adx)	Id.	123,90 €



Control de calidade (3% PEM Lic)	Id.	96,97 €
Total descontos	Id.	220,87 €
TOTAL LÍQUIDO A PERCIBIR...		4.239,26 €

26.37336.- VALIDACIÓN DE EXPEDIENTES. (EXPTE. 2026048682)

Vista a relación de operacións con número 2026048682 (CSV: TI6MBMJTEIFZL794), que contén 1 operación por un importe de 3.002,00 euros, visto o informe que formula a Intervención desta Deputación e que acompaña a dita relación e vistos tamén os informes que formulan o/s xefe/s de servizo ou responsables dos centros xestores, nos que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a anulabilidade das obrigas, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

A relación de expedientes de referencia que presenta a seguinte estrutura económica:

Importe orzamentario3.476,00 €
IVE soportable deducible 0,00 €
Retencións 474,00 €
Total líquido.....3.002,00 €

27.37337.- RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS. (EXPTES. 2026048391, 2026048700)

a)Vista a relación de operacións con número 2026048391 (CSV: TWLAQ34XRYVCJVN8) que contén 1 operación por un importe de 12.921,43 euros, visto o informe que formula a Intervención desta Deputación e que acompaña a dita relación e vistos tamén os informes que formulan o/s xefe/s de servizo ou responsables dos centros xestores, nos que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

A relación de expedientes de referencia que presenta a seguinte estrutura económica:

Importe orzamentario12.921,43 €
IVE soportable deducible 0,00 €
Retencións 0,00 €
Total líquido.....12.921,43 €

...



b) Vista a relación de operacións con número 2026048700 (CSV: TFQB25BIDXZBV7RH), que contén 1 operación por un importe de 500,00 euros, visto o informe que formula a Intervención desta Deputación e que acompaña a dita relación e vistos tamén os informes que formulan o/s xefe/s de servizo o responsables dos centros xestores, nos que se pon de manifesto que os gastos se fixeron en exercicios pechados, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

A relación de expedientes de referencia que presenta a seguinte estrutura económica:

Importe orzamentario	500,00 €
IVE soportable deducible	0,00 €
Retencións	0,00 €
Total líquido.....	500,00 €

28.37338.- RENUNCIA Á CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN DA CONVOCATORIA DO PROGRAMA DE AXUDAS A COMUNIDADES DE USUARIOS DE AUGAS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA O ANO 2025 (PROGRAMA +AQUA 2025) DA COMUNIDADE DE USUARIOS DE AUGAS DO BARRIO DA ROTEÑA, DO CONCELLO DE A CANIZA. (EXPTE. 2025015409)

No expediente consta o informe da xefatura do servizo de Cooperación que literalmente se transcribe:

“ANTECEDENTES:

Primeiro.- A Xunta de Goberno desta Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 12 de decembro de 2024, aprobou as “Bases reguladoras e convocatoria de subvencións do programa de axudas a comunidades de usuarios de augas da provincia de Pontevedra para o ANO 2025 (PROGRAMA +AQUA 2025)”, publicadas no BOPPO núm. 247, do 20 de decembro de 2024, co obxecto de regular a concesión, a execución e a xustificación das subvencións que se concedan con cargo a elas.

Segundo.- A Xunta de Goberno desta Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 19 de decembro de 2025, adoptou, o acordo número 12.35888 de “concesión de subvencións da convocatoria do programa de axudas a comunidades de usuarios de augas da provincia de Pontevedra para o ano 2025 (programa +AQUA 2025) como consecuencia de remanentes do programa de Acción Comunitaria da provincia de Pontevedra (plan provincia comunitaria 2025)”.

Terceiro.- Á Comunidade de usuarios de augas do barrio da Roteña, do concello de A Caniza con CIF G94004561, concedéronse 10.000,00 euros. Sen embargo, en data 09/06/2026 mediante rexistro WEB2026049249 renuncia formalmente á subvención concedida.



FUNDAMENTOS DE DEREITO

Réxime xurídico

- Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo (RLXS).
- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).
- Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).
- Bases reguladoras e convocatoria de subvencións do programa de axudas a comunidades de usuarios de augas da provincia de Pontevedra para o ano 2025 (Programa +AQUA 2025).

Consideracións xurídicas

Instrución do expediente

- Base reguladora 6ª da convocatoria, que establece que o procedemento de concesión das subvencións é o de concorrencia competitiva, de acordo cos criterios de valoración recollidas nela.
- Base reguladora 7ª da convocatoria, que indica que lle corresponde á xefatura do Servizo de Cooperación á instrución do procedemento de concesión.

Petición e evacuación de informes

- Artigos 79 e 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LRXAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigo 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Bases 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinalan a competencia da Intervención para realizar esta función.
- Artigo 24 da LXS, que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes se estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base reguladora 7ª da convocatoria, que indica que indica que o xefe do Servizo de Cooperación, emitirá informe-proposta no que figurará a valoración das solicitudes á luz dos criterios de valoración establecidos nestas bases, explicando o sistema de valoración seguido, relacionando as solicitudes por orde decrecente de puntuación, e sinalando a subvención que lle corresponde a cada un dos beneficiarios segundo o solicitado, tendo en conta que ás solicitudes con maior



puntuación poderá asignárselles unha subvención de ata o cen por cen do orzamento presentado, dentro do importe máximo subvencionable e a contía solicitada. Unha vez efectuado o reparto, de existir importe sobrante que non cubra a totalidade do importe máximo subvencionable da seguinte solicitude á que lle correspondería a subvención, segundo a orde de prelación establecida, non se lle concederá subvención, se ben, pasará a formar parte da lista de agarda como primeira solicitude e poderá obter por esta vía a subvención polo importe total subvencionable, coas limitacións reguladas por estas bases. Así mesmo, relacionaranse as solicitudes desestimadas, motivando as razóns da desestimación. Para aquelas solicitudes que se desestimen por terse esgotado o crédito establecerase unha prelación e pasarán a constituír a lista de agarda.

Resolución do expediente

- Artigo 22 da LXS, que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 da LXS, polo que o órgano competente resolverá o procedemento e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 do RLXS, que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL, que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Base de execución 25ª do orzamento provincial para o exercicio 2025 que recolle as normas xerais reguladoras das subvencións.
- Base reguladora 1ª da convocatoria que define o obxecto e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este programa.
- Bases reguladoras 8ª e 10ª da convocatoria que recolle a necesaria documentación para a concesión da subvención e o prazo para a súa presentación.
- Artigo 21.1 da LPACAP, polo que a administración está obrigada a ditar resolución expresa e a notificala calquera que sexa a forma de iniciación, que no caso da desistencia consistirá na declaración da circunstancia da súa concorrencia, con indicación dos feitos producidos e as normas aplicables.
- Artigo 84.1 da LPACAP, polo que porán fin ao procedemento a resolución, a desistencia, a renuncia ao dereito en que se funde a solicitude, cando tal renuncia non estea prohibida polo ordenamento xurídico, e a declaración de caducidade.
- O artigo 94 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, que establece que todo interesado poderá desistir da súa solicitude e, cando non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos. Pola súa banda os puntos 2, 3, 4 e 5 deste artigo establecen que tanto a desistencia como a renuncia poderá facerse con calquera medio que permita a súa constancia e, en principio, a Administración as aceptará de plano e declarará concluso o procedemento, agás que,



personándose no mesmo terceiros interesados, estes insten a súa continuación no prazo de dez días desde que foron notificados da desistencia ou da renuncia.

- O artigo 63 do Real Decreto 887/2006 establece que mediante resolución acordarase tanto o outorgamento das subvencións, como a desestimación e a non concesión, por desistencia, a renuncia ao dereito ou a imposibilidade material sobrevinda; neste mesmo sentido se pronuncia o artigo 16 da Ordenanza Xeral.

CONCLUSIÓNS

O artigo 94 da LPACAP, contempla de forma conxunta a desistencia e a renuncia como modos de terminación do procedemento. A renuncia implica o abandono definitivo da pretensión que xa non poderá exercitarse novamente.

Con suxeición ao antedito, en data 09/06/2026, a Comunidade de usuarios De augas do barrio da Roteña, do concello de A Caniza con CIF G94004561 presenta a solicitude formal de renuncia á subvención concedida (WEB2026049249) ao abeiro da convocatoria de subvencións do programa de axudas a comunidades de usuarios de augas da provincia de Pontevedra para o ano 2025 (Programa +AQUA 2025).

Visto o que antecede e as consideracións xurídicas expostas, informo favorablemente e propoño:

1º.- Aceptar a renuncia da Comunidade de usuarios De augas do barrio da Roteña, do concello de A Caniza con CIF G94004561, á subvención concedida de 10.000,00 euros ao abeiro da convocatoria de subvencións do programa de axudas a comunidades de usuarios de augas da provincia de Pontevedra para o ano 2025 (Programa +AQUA 2025).

2º.- A aprobación da renuncia suporá para a comunidade a imposibilidade de aplicar para novos investimentos o crédito por importe de 10.000,00 euros previamente comprometido na aplicación 2026/942.4590.789.07.25.

Réxime competencial e proposta de acordo

En virtude das competencias recollidas no artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), no artigo 73 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL), no artigo 63 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (RLXS), no artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada no Pleno provincial do 28 de outubro de 2016 e publicada no BOPPO do 30 de decembro de 2016 (OXSDPO), nas bases específicas de



execución do vixente orzamento provincial e demais lexislación da aplicación, correspóndelle a Xunta de Goberno a aceptación da renuncia.

Non obstante, o presente informe non ten carácter vinculante para o órgano competente para resolver, que acordará o que proceda consonte ó seu superior criterio.

En Pontevedra, na data da sinatura electrónica
O xefe do servizo de Cooperación,
Marcos Areán González"

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes da xefatura do Servizo de Cooperación de data 10/06/2026, e a dilixencia de conformidade da intervención provincial de data 11/06/2026, a XUNTA DE GOBERNO acorda por unanimidade:

1. Aceptar a renuncia da Comunidade de usuarios De augas do barrio da Roteña, do concello de A Caniza con CIF G94004561, á subvención concedida de 10.000,00 euros ao abeiro da convocatoria de subvencións do programa de axudas a comunidades de usuarios de augas da provincia de Pontevedra para o ano 2025 (Programa +AQUA 2025).
2. A aprobación da renuncia suporá para a comunidade a imposibilidade de aplicar para novos investimentos o crédito por importe de 10.000,00 euros previamente comprometido na aplicación 2026/942.4590.789.07.25.

29.37339.- RENUNCIA Á CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN DA CONVOCATORIA DO PROGRAMA DE AXUDAS A COMUNIDADES DE USUARIOS DE AUGAS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA O ANO 2025 (PROGRAMA +AQUA 2025) DA COMUNIDADE DE USUARIOS DE FRAGA - VINCIOS, DO CONCELLO DE GONDOMAR. (EXPTE. 2025015255)

No expediente consta o informe da xefatura do servizo de Cooperación que literalmente se transcribe:

"ANTECEDENTES:

Primeiro.- A Xunta de Goberno desta Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 12 de decembro de 2024, aprobou as "Bases reguladoras e convocatoria de subvencións do programa de axudas a comunidades de usuarios de augas da provincia de Pontevedra para o ANO 2025



(PROGRAMA +AQUA 2025)", publicadas no BOPPO núm. 247, do 20 de decembro de 2024, co obxecto de regular a concesión, a execución e a xustificación das subvencións que se concedan con cargo a elas.

Segundo.- A Xunta de Goberno desta Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 21 de novembro de 2025, adoptou, o acordo número 7.35790 de "concesión de subvencións dentro do programa de axudas a comunidades de usuarios de augas da provincia de Pontevedra para o ano 2025 (Programa +AQUA 2025)", a 245 comunidades de usuarios de entre as 280 solicitudes que cumprían todos os requisitos esixidos polas bases por esgotarse a totalidade do crédito dispoñible do Programa (2.350.000,00€).

Terceiro.- Á Comunidade de usuarios de Fraga - Vincios, do concello de Gondomar con CIF V36842698, concedéronse 9.995,76 euros. Sen embargo, en data 21/05/2026 mediante rexistro WEB2026044357 renuncia formalmente á subvención concedida.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Réxime xurídico

- Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo (RLXS).
- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).
- Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).
- Bases reguladoras e convocatoria de subvencións do programa de axudas a comunidades de usuarios de augas da provincia de Pontevedra para o ano 2025 (Programa +AQUA 2025).

Consideracións xurídicas

Instrución do expediente

- Base reguladora 6ª da convocatoria, que establece que o procedemento de concesión das subvencións é o de concorrencia competitiva, de acordo cos criterios de valoración recollidas nela.
- Base reguladora 7ª da convocatoria, que indica que lle corresponde á xefatura do Servizo de Cooperación á instrución do procedemento de concesión.

Petición e evacuación de informes



- Artigos 79 e 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LRXAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigo 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Bases 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinalan a competencia da Intervención para realizar esta función.
- Artigo 24 da LXS, que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes se estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base reguladora 7ª da convocatoria, que indica que indica que o xefe do servizo de Cooperación, emitirá informe-proposta no que figurará a valoración das solicitudes á luz dos criterios de valoración establecidos nestas bases, explicando o sistema de valoración seguido, relacionando as solicitudes por orde decrecente de puntuación, e sinalando a subvención que lle corresponde a cada un dos beneficiarios segundo o solicitado, tendo en conta que ás solicitudes con maior puntuación poderá asignárselles unha subvención de ata o cen por cen do orzamento presentado, dentro do importe máximo subvencionable e a contía solicitada. Unha vez efectuado o reparto, de existir importe sobrante que non cubra a totalidade do importe máximo subvencionable da seguinte solicitude á que lle correspondería a subvención, segundo a orde de prelación establecida, non se lle concederá subvención, se ben, pasará a formar parte da lista de agarda como primeira solicitude e poderá obter por esta vía a subvención polo importe total subvencionable, coas limitacións reguladas por estas bases. Así mesmo, relacionaranse as solicitudes desestimadas, motivando as razóns da desestimación. Para aquelas solicitudes que se desestimen por terse esgotado o crédito establecerase unha prelación e pasarán a constituír a lista de agarda.

Resolución do expediente

- Artigo 22 da LXS, que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 da LXS, polo que o órgano competente resolverá o procedemento e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 do RLXS, que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL, que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Base de execución 25ª do orzamento provincial para o exercicio 2025 que recolle as normas xerais reguladoras das subvencións.
- Base reguladora 1ª da convocatoria que define o obxecto e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este programa.



- Bases reguladoras 8ª e 10ª da convocatoria que recolle a necesaria documentación para a concesión da subvención e o prazo para a súa presentación.
- Artigo 21.1 da LPACAP, polo que a administración está obrigada a ditar resolución expresa e a notificala calquera que sexa a forma de iniciación, que no caso da desistencia consistirá na declaración da circunstancia da súa concorrencia, con indicación dos feitos producidos e as normas aplicables.
- Artigo 84.1 da LPACAP, polo que porán fin ao procedemento a resolución, a desistencia, a renuncia ao dereito en que se funde a solicitude, cando tal renuncia non estea prohibida polo ordenamento xurídico, e a declaración de caducidade.
- O artigo 94 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, que establece que todo interesado poderá desistir da súa solicitude e, cando non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos. Pola súa banda os puntos 2, 3, 4 e 5 deste artigo establecen que tanto a desistencia como a renuncia poderá facerse con calquera medio que permita a súa constancia e, en principio, a Administración as aceptará de plano e declarará concluído o procedemento, agás que, personándose no mesmo terceiros interesados, estes insten a súa continuación no prazo de dez días desde que foron notificados da desistencia ou da renuncia.
- O artigo 63 do Real Decreto 887/2006 establece que mediante resolución acordarase tanto o outorgamento das subvencións, como a desestimación e a non concesión, por desistencia, a renuncia ao dereito ou a imposibilidade material sobrevinda; neste mesmo sentido se pronuncia o artigo 16 da Ordenanza Xeral.

CONCLUSIÓNS

O artigo 94 da LPACAP, contempla de forma conxunta a desistencia e a renuncia como modos de terminación do procedemento. A renuncia implica o abandono definitivo da pretensión que xa non poderá exercitarse novamente.

Con suxeición ao antedito, en data 21/05/2026, a Comunidade de usuarios de Fraga - Vincios, do concello de Gondomar con CIF V36842698 presenta a solicitude formal de renuncia á subvención concedida (WEB2026044357) ao abeiro da convocatoria de subvencións do programa de axudas a comunidades de usuarios de augas da provincia de Pontevedra para o ano 2025 (Programa +AQUA 2025).

Visto o que antecede e as consideracións xurídicas expostas, informo favorablemente e propoño:

1º.- Aceptar a renuncia da Comunidade de usuarios de Fraga - Vincios, do concello de Gondomar con CIF V36842698, á subvención concedida de 9.995,76 euros ao abeiro da convocatoria de



subvencións do programa de axudas a comunidades de usuarios de augas da provincia de Pontevedra para o ano 2025 (Programa +AQUA 2025).

2º.- A aprobación da renuncia suporá para a comunidade a imposibilidade de aplicar para novos investimentos o crédito por importe de 9.995,76 euros previamente comprometido na aplicación 2026/942.4590.789.07.25.

Réxime competencial e proposta de acordo

En virtude das competencias recollidas no artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), no artigo 73 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL), no artigo 63 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (RLXS), no artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada no Pleno provincial do 28 de outubro de 2016 e publicada no BOPPO do 30 de decembro de 2016 (OXSDEPO), nas bases específicas de execución do vixente orzamento provincial e demais lexislación da aplicación, correspóndelle a Xunta de Goberno a aceptación da renuncia.

Non obstante, o presente informe non ten carácter vinculante para o órgano competente para resolver, que acordará o que proceda consonte ó seu superior criterio.

En Pontevedra, na data da sinatura electrónica
O xefe do servizo de Cooperación,
Marcos Areán González"

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes da xefatura do Servizo de Cooperación de data 01/06/2026, e a dilixencia de conformidade da intervención provincial de data 11/06/2026, a XUNTA DE GOBERNO acorda por unanimidade:

1. Aceptar a renuncia da Comunidade de usuarios de Fraga - Vincios, do concello de Gondomar con CIF V36842698, á subvención concedida de 9.995,76 euros ao abeiro da convocatoria de subvencións do programa de axudas a comunidades de usuarios de augas da provincia de Pontevedra para o ano 2025 (Programa +AQUA 2025).



2. A aprobación da renuncia suporá para a comunidade a imposibilidade de aplicar para novos investimentos o crédito por importe de 9.995,76 euros previamente comprometido na aplicación 2026/942.4590.789.07.25.

30.37340.- RENUNCIA Á CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN DA CONVOCATORIA DO PROGRAMA DE AXUDAS A COMUNIDADES DE USUARIOS DE AUGAS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA O ANO 2025 (PROGRAMA +AQUA 2025) DA COMUNIDADE DE USUARIOS A CERNADA, DO CONCELLO DE GONDOMAR. (EXPTE. 2025015204)

No expediente consta o informe da xefatura do servizo de Cooperación que literalmente se transcribe:

“ANTECEDENTES:

Primeiro.- A Xunta de Goberno desta Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 12 de decembro de 2024, aprobou as “Bases reguladoras e convocatoria de subvencións do programa de axudas a comunidades de usuarios de augas da provincia de Pontevedra para o ANO 2025 (PROGRAMA +AQUA 2025)”, publicadas no BOPPO núm. 247, do 20 de decembro de 2024, co obxecto de regular a concesión, a execución e a xustificación das subvencións que se concedan con cargo a elas.

Segundo.- A Xunta de Goberno desta Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 21 de novembro de 2025, adoptou, o acordo número 7.35790 de “concesión de subvencións dentro do programa de axudas a comunidades de usuarios de augas da provincia de Pontevedra para o ano 2025 (Programa +AQUA 2025)”, a 245 comunidades de usuarios de entre as 280 solicitudes que cumprían todos os requisitos esixidos polas bases por esgotarse a totalidade do crédito dispoñible do Programa (2.350.000,00€).

Terceiro.- Á Comunidade de usuarios a Cernada, do concello de Gondomar con CIF G27722370, concedéronse 8.829,75 euros. Sen embargo, en data 01/06/2026 mediante rexistro WEB2026046987 renuncia formalmente á subvención concedida.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Réxime xurídico

- Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo (RLXS).
- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).



- Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).
- Bases reguladoras e convocatoria de subvencións do programa de axudas a comunidades de usuarios de augas da provincia de Pontevedra para o ano 2025 (Programa +AQUA 2025)

Consideracións xurídicas

Instrución do expediente

- Base reguladora 6ª da convocatoria, que establece que o procedemento de concesión das subvencións é o de concorrencia competitiva, de acordo cos criterios de valoración recollidas nela.
- Base reguladora 7ª da convocatoria, que indica que lle corresponde á xefatura do Servizo de Cooperación á instrución do procedemento de concesión.

Petición e evacuación de informes

- Artigos 79 e 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LRXAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigo 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Bases 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinalan a competencia da Intervención para realizar esta función.
- Artigo 24 da LXS, que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes se estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base reguladora 7ª da convocatoria, que indica que indica que o xefe do servizo de Cooperación, emitirá informe-proposta no que figurará a valoración das solicitudes á luz dos criterios de valoración establecidos nestas bases, explicando o sistema de valoración seguido, relacionando as solicitudes por orde decrecente de puntuación, e sinalando a subvención que lle corresponde a cada un dos beneficiarios segundo o solicitado, tendo en conta que ás solicitudes con maior puntuación poderá asignárselles unha subvención de ata o cen por cen do orzamento presentado, dentro do importe máximo subvencionable e a contía solicitada. Unha vez efectuado o reparto, de existir importe sobrance que non cubra a totalidade do importe máximo subvencionable da seguinte solicitude á que lle correspondería a subvención, segundo a orde de prelación establecida, non se lle concederá subvención, se ben, pasará a formar parte da lista de agarda como primeira solicitude e poderá obter por esta vía a subvención polo importe total subvencionable, coas limitacións reguladas por estas bases. Así mesmo, relacionaranse as solicitudes desestimadas, motivando as razóns da desestimación. Para aquelas solicitudes que



se desestimen por terse esgotado o crédito establecerase unha prelación e pasarán a constituír a lista de agarda.

Resolución do expediente

- Artigo 22 da LXS, que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 da LXS, polo que o órgano competente resolverá o procedemento e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 do RLXS, que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL, que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Base de execución 25ª do orzamento provincial para o exercicio 2025 que recolle as normas xerais reguladoras das subvencións.
- Base reguladora 1ª da convocatoria que define o obxecto e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este programa.
- Bases reguladoras 8ª e 10ª da convocatoria que recolle a necesaria documentación para a concesión da subvención e o prazo para a súa presentación.
- Artigo 21.1 da LPACAP, polo que a administración está obrigada a ditar resolución expresa e a notificala calquera que sexa a forma de iniciación, que no caso da desistencia consistirá na declaración da circunstancia da súa concorrencia, con indicación dos feitos producidos e as normas aplicables.
- Artigo 84.1 da LPACAP, polo que porán fin ao procedemento a resolución, a desistencia, a renuncia ao dereito en que se funde a solicitude, cando tal renuncia non estea prohibida polo ordenamento xurídico, e a declaración de caducidade.
- O artigo 94 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, que establece que todo interesado poderá desistir da súa solicitude e, cando non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos. Pola súa banda os puntos 2, 3, 4 3 5 deste artigo establecen que tanto a desistencia como a renuncia poderá facerse con calquera medio que permita a súa constancia e, en principio, a Administración as aceptará de plano e declarará concluso o procedemento, agás que, personándose no mesmo terceiros interesados, estes insten a súa continuación no prazo de dez días desde que foron notificados da desistencia ou da renuncia.
- O artigo 63 do Real Decreto 887/2006 establece que mediante resolución acordarase tanto o outorgamento das subvencións, como a desestimación e a non concesión, por desistencia, a renuncia ao dereito ou a imposibilidade material sobrevinda; neste mesmo sentido se pronuncia o artigo 16 da Ordenanza Xeral.



CONCLUSIÓN

O artigo 94 da LPACAP, contempla de forma conxunta a desistencia e a renuncia como modos de terminación do procedemento. A renuncia implica o abandono definitivo da pretensión que xa non poderá exercitarse novamente.

Con suxeición ao antedito, en data 01/06/2026, a Comunidade de usuarios a Cernada, do concello de Gondomar con CIF G27722370 presenta a solicitude formal de renuncia á subvención concedida (WEB2026046987) ao abeiro da convocatoria de subvencións do programa de axudas a comunidades de usuarios de augas da provincia de Pontevedra para o ano 2025 (Programa +AQUA 2025).

Visto o que antecede e as consideracións xurídicas expostas, informo favorablemente e propono:

1º.- Aceptar a renuncia da Comunidade de usuarios a Cernada, do concello de Gondomar con CIF G27722370, á subvención concedida de 8.829,75 euros ao abeiro da convocatoria de subvencións do programa de axudas a comunidades de usuarios de augas da provincia de Pontevedra para o ano 2025 (Programa +AQUA 2025).

2º.- A aprobación da renuncia suporá para a comunidade a imposibilidade de aplicar para novos investimentos o crédito por importe de 8.829,75 euros previamente comprometido na aplicación 2026/942.4590.789.07.25.

Réxime competencial e proposta de acordo

En virtude das competencias recollidas no artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), no artigo 73 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL), no artigo 63 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (RLXS), no artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada no Pleno provincial do 28 de outubro de 2016 e publicada no BOPPO do 30 de decembro de 2016 (OXSDEPO), nas bases específicas de execución do vixente orzamento provincial e demais lexislación da aplicación, correspóndelle a Xunta de Goberno a aceptación da renuncia.

Non obstante, o presente informe non ten carácter vinculante para o órgano competente para resolver, que acordará o que proceda consonte ó seu superior criterio.

En Pontevedra, na data da sinatura electrónica

O xefe do servizo de Cooperación,
Marcos Areán González"



A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes da xefatura do Servizo de Cooperación de data 01/06/2026, e a dilixencia de conformidade da intervención provincial de data 11/06/2026, a XUNTA DE GOBERNO acorda por unanimidade:

1. Aceptar a renuncia da Comunidade de usuarios a Cernada, do concello de Gondomar con CIF G27722370, á subvención concedida de 8.829,75 euros ao abeiro da convocatoria de subvencións do programa de axudas a comunidades de usuarios de augas da provincia de Pontevedra para o ano 2025 (Programa +AQUA 2025).
2. A aprobación da renuncia suporá para a comunidade a imposibilidade de aplicar para novos investimentos o crédito por importe de 8.829,75 euros previamente comprometido na aplicación 2026/942.4590.789.07.25.

31.37341.- RENUNCIA Á CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN DA CONVOCATORIA DO PROGRAMA DE AXUDAS A COMUNIDADES DE USUARIOS DE AUGAS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA O ANO 2025 (PROGRAMA +AQUA 2025) DA COMUNIDADE DE USUARIOS SAN LORENZO, DO CONCELLO DE A LAMA. (EXPTE. 2025015804)

No expediente consta o informe da xefatura do servizo de Cooperación que literalmente se transcribe:

"ANTECEDENTES:

Primeiro.- A Xunta de Goberno desta Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 12 de decembro de 2024, aprobou as "Bases reguladoras e convocatoria de subvencións do programa de axudas a comunidades de usuarios de augas da provincia de Pontevedra para o ANO 2025 (PROGRAMA +AQUA 2025)", publicadas no BOPPO núm. 247, do 20 de decembro de 2024, co obxecto de regular a concesión, a execución e a xustificación das subvencións que se concedan con cargo a elas.

Segundo.- A Xunta de Goberno desta Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 21 de novembro de 2025, adoptou, o acordo número 7.35790 de "concesión de subvencións dentro do programa de axudas a comunidades de usuarios de augas da provincia de Pontevedra para o ano 2025 (Programa +AQUA 2025)", a 245 comunidades de usuarios de entre as 280 solicitudes que cumprían todos os requisitos esixidos polas bases por esgotarse a totalidade do crédito dispoñible do Programa (2.350.000,00€).



Terceiro.- Á Comunidade de usuarios San Lorenzo, do concello de A Lama con CIF G36490019, concedéronselle 10.000,00 euros. Sen embargo, en data 15/05/2026 mediante rexistro WEB2026042747 renuncia formalmente á subvención concedida.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Réxime xurídico

- Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo (RLXS).
- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).
- Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).
- Bases reguladoras e convocatoria de subvencións do programa de axudas a comunidades de usuarios de augas da provincia de Pontevedra para o ano 2025 (Programa +AQUA 2025).

Consideracións xurídicas

Instrución do expediente

- Base reguladora 6ª da convocatoria, que establece que o procedemento de concesión das subvencións é o de concorrencia competitiva, de acordo cos criterios de valoración recollidas nela.
- Base reguladora 7ª da convocatoria, que indica que lle corresponde á xefatura do Servizo de Cooperación á instrución do procedemento de concesión.

Petición e evacuación de informes

- Artigos 79 e 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LRXAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigo 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Bases 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinalan a competencia da Intervención para realizar esta función.
- Artigo 24 da LXS, que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes se estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.



- Base reguladora 7ª da convocatoria, que indica que indica que o xefe do servizo de Cooperación, emitirá informe-proposta no que figurará a valoración das solicitudes á luz dos criterios de valoración establecidos nestas bases, explicando o sistema de valoración seguido, relacionando as solicitudes por orde decrecente de puntuación, e sinalando a subvención que lle corresponde a cada un dos beneficiarios segundo o solicitado, tendo en conta que ás solicitudes con maior puntuación poderá asignárselles unha subvención de ata o cen por cen do orzamento presentado, dentro do importe máximo subvencionable e a contía solicitada. Unha vez efectuado o reparto, de existir importe sobranste que non cubra a totalidade do importe máximo subvencionable da seguinte solicitude á que lle correspondería a subvención, segundo a orde de prelación establecida, non se lle concederá subvención, se ben, pasará a formar parte da lista de agarda como primeira solicitude e poderá obter por esta vía a subvención polo importe total subvencionable, coas limitacións reguladas por estas bases. Así mesmo, relacionaranse as solicitudes desestimadas, motivando as razóns da desestimación. Para aquelas solicitudes que se desestimen por terse esgotado o crédito establecerase unha prelación e pasarán a constituír a lista de agarda.

Resolución do expediente:

- Artigo 22 da LXS, que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 da LXS, polo que o órgano competente resolverá o procedemento e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 do RLXS, que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL, que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Base de execución 25ª do orzamento provincial para o exercicio 2025 que recolle as normas xerais reguladoras das subvencións.
- Base reguladora 1ª da convocatoria que define o obxecto e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este programa.
- Bases reguladoras 8ª e 10ª da convocatoria que recolle a necesaria documentación para a concesión da subvención e o prazo para a súa presentación.
- Artigo 21.1 da LPACAP, polo que a administración está obrigada a ditar resolución expresa e a notificala calquera que sexa a forma de iniciación, que no caso da desistencia consistirá na declaración da circunstancia da súa concorrencia, con indicación dos feitos producidos e as normas aplicables.



- Artigo 84.1 da LPACAP, polo que porán fin ao procedemento a resolución, a desistencia, a renuncia ao dereito en que se funde a solicitude, cando tal renuncia non estea prohibida polo ordenamento xurídico, e a declaración de caducidade.
- O artigo 94 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, que establece que todo interesado poderá desistir da súa solicitude e, cando non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos. Pola súa banda os puntos 2, 3, 4 e 5 deste artigo establecen que tanto a desistencia como a renuncia poderá facerse con calquera medio que permita a súa constancia e, en principio, a Administración as aceptará de plano e declarará concluso o procedemento, agás que, personándose no mesmo terceiros interesados, estes insten a súa continuación no prazo de dez días desde que foron notificados da desistencia ou da renuncia.
- O artigo 63 do Real Decreto 887/2006 establece que mediante resolución acordarase tanto o outorgamento das subvencións, como a desestimación e a non concesión, por desistencia, a renuncia ao dereito ou a imposibilidade material sobrevinda; neste mesmo sentido se pronuncia o artigo 16 da Ordenanza Xeral.

CONCLUSIÓNS

O artigo 94 da LPACAP, contempla de forma conxunta a desistencia e a renuncia como modos de terminación do procedemento. A renuncia implica o abandono definitivo da pretensión que xa non poderá exercitarse novamente.

Con suxeición ao antedito, en data 15/05/2026, a Comunidade de usuarios San Lorenzo, do concello de A Lama con CIF G36490019 presenta a solicitude formal de renuncia á subvención concedida (WEB2026042747) ao abeiro da convocatoria de subvencións do programa de axudas a comunidades de usuarios de augas da provincia de Pontevedra para o ano 2025 (Programa +AQUA 2025).

Visto o que antecede e as consideracións xurídicas expostas, informo favorablemente e propoño:

1º.- Aceptar a renuncia da Comunidade de usuarios San Lorenzo, do concello de A Lama con CIF G36490019, á subvención concedida de 10.000,00 euros ao abeiro da convocatoria de subvencións do programa de axudas a comunidades de usuarios de augas da provincia de Pontevedra para o ano 2025 (Programa +AQUA 2025).

2º.- A aprobación da renuncia suporá para a comunidade a imposibilidade de aplicar para novos investimentos o crédito por importe de 10.000,00 euros previamente comprometido na aplicación 2026/942.4590.789.07.25.



Réxime competencial e proposta de acordo

En virtude das competencias recollidas no artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), no artigo 73 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL), no artigo 63 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (RLXS), no artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada no Pleno provincial do 28 de outubro de 2016 e publicada no BOPPO do 30 de decembro de 2016 (OXSDEPO), nas bases específicas de execución do vixente orzamento provincial e demais lexislación da aplicación, correspóndelle a Xunta de Goberno a aceptación da renuncia.

Non obstante, o presente informe non ten carácter vinculante para o órgano competente para resolver, que acordará o que proceda consonte ó seu superior criterio.

En Pontevedra, na data da sinatura electrónica
O xefe do servizo de Cooperación,
Marcos Areán González"

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes da xefatura do Servizo de Cooperación de data 15/05/2026, e a dilixencia de conformidade da intervención provincial de data 11/06/2026, a XUNTA DE GOBERNO acorda por unanimidade:

1. Aceptar a renuncia da Comunidade de usuarios San Lorenzo, do concello de A Lama con CIF G36490019, á subvención concedida de 10.000,00 euros ao abeiro da convocatoria de subvencións do programa de axudas a comunidades de usuarios de augas da provincia de Pontevedra para o ano 2025 (Programa +AQUA 2025).
2. A aprobación da renuncia suporá para a comunidade a imposibilidade de aplicar para novos investimentos o crédito por importe de 10.000,00 euros previamente comprometido na aplicación 2026/942.4590.789.07.25.



32.37342.- INADMISIÓN DE SOLICITUDE DE INDEMNIZACIÓN POR RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL FORMULADA POR LESIÓNS E DANOS MATERIAIS PRODUCIDOS POR MOR DUNHA CAÍDA COA BICICLETA NO CONCELLO DE AS NEVES. (EXPTE. 2026049157)

Dada conta que con data 11/05/2026 (núm. rex. 2024010535), recibíuse nesta Deputación instancia en solicitude de indemnización por responsabilidade patrimonial, subscrita por D. Óscar Meca Juncal, por lesións e danos materiais producidos por mor dunha caída coa bicicleta, o día 25/07/2024, a consecuencia, segundo manifesta, das numerosas fochancas existentes no firme dun paso inferior -á altura do p.q. 4,7- da estrada provincial E.P. 4203, no Concello de As Neves, e que cuantifica economicamente en 9.217,75 €.

Resultando.- Que por estes mesmos feitos e causa de pedir presentouse reclamación na data 12/09/2025 (Expte. nº 2025062662), subscrita por D. Luis Gregorio Cantón Torné en representación de D. Óscar Meca Juncal, a cal foi arquivada por perención ó non recibirse resposta ó requirimento realizado por esta Deputación para subsanación da solicitude (o cal foi notificado ó interesado na data 28/10/2025 e tras diversos intentos de notificación, que incluíron a práctica en papel, en aras de non causarlle indefensión, a pesares de atoparse o interesado entre os obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos) e polo cal debía cumprimentar o requisito da acreditación da representación, en virtude do establecido no artigo 5.3 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas:

“... Para formular solicitudes, presentar declaraciones responsables o comunicaciones, interponer recursos, desistir de acciones y renunciar a derechos en nombre de otra persona, deberá acreditarse la representación”.

Resultando.- Que se realizaron as prevencións recollidas nos artigos 68.1 e 73 da Lei 39/2015 (subsanación no prazo de dez días ou arquivo das actuacións), constando acuse de recibo do citado requirimento na data 28/10/2025, sen aportarse o solicitado.

Resultando.- Que na reclamación que agora nos ocupa, alega D. Óscar Meca Juncal ter formulado, ademais da reclamación presentada na data 12/09/2025 polo que era o seu avogado, outra no seu propio nome o día 01/10/2025, por uns feitos similares y por unha contía superior, polo que o prazo de prescripción tería sido interrompido ese día, o 01/10/2025, ó non ter transcorrido un ano, nesa data, desde a alta médica.

Considerando.- Que a instancia cumprimenta os requisitos de capacidade e lexitimación activa, descritos nos artigos 3 e 4.1, letra a), en relación co artigo 66, da Lei 39/2015.



Considerando.- Que non se cumprimenta o requisito da temporalidade, pois a reclamación á que se refire, presentada na data 01/10/2025 (que interrompería a prescrición), é unha reprodución da anterior presentada o 12/09/2025 -solicitude que iniciou o procedemento-, tratándose do mesmo reclamante (D. Óscar Meca Juncal que autoriza a D. Luis Gregorio Cantón Torné) e mesma *causa petendi*, sendo idénticas ambas solicitudes, salvo pola adición dos gastos de desprazamento e o presuposto de reparación da bicicleta.

Considerando.- Que polo exposto, tería transcorrido o prazo dun ano desde a data da curación (04/02/2025), e por ende, o dereito a reclamar do interesado, segundo o establecido no artigo 67.1 da Lei 39/2015:

“Los interesados sólo podrán solicitar el inicio de un procedimiento de responsabilidad patrimonial cuando no haya prescrito su derecho a reclamar. El derecho a reclamar prescribirá al año de producido el hecho o el acto que motive la indemnización o se manifieste su efecto lesivo”.

Considerando.- Que o teor do citado artigo impide entrar sequera a valorar as circunstancias concorrentes no sinistro en cuestión, por canto non pode constituírse validamente a relación procedimental ó ter prescrito o dereito a reclamar do interesado.

Considerando.- Que as Administracións Públicas réxense en materia de responsabilidade patrimonial polos artigos 106.2 da Constitución Española, 32 e seguintes da Lei 40/2015, 54 da Lei 7/85 e 223 do R.d. 2568/86.

Considerando.- Que o presente acordo cumprimenta o establecido nos artigos 88.1 da Lei 39/2015 referido á inadmisión argumentada da reclamación.

Considerando.- Que, asemade, o apartado 5 do artigo 88 da Lei 39/2015 establece que *“En ningún caso podrá la Administración abstenerse de resolver so pretexto de silencio, oscuridad o insuficiencia de los preceptos legales aplicables al caso, aunque PODRÁ RESOLVER LA INADMISIÓN DE LAS SOLICITUDES (...) MANIFIESTAMENTE CARENTES DE FUNDAMENTO”.*

Considerando.- Os preceptos invocados e demais de xenérica e pertinente aplicación.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade inadmitir a trámite dita solicitude de indemnización.



33.37343.- DESESTIMACIÓN DE SOLICITUDE DE INDEMNIZACIÓN POR RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS EN VEHÍCULO PRODUCIDOS EN ACCIDENTE DE CIRCULACIÓN NO CONCELLO DE BUEU. (EXPTE. 2025025269)

Dada conta que con data de rexistro 21/04/2025 (rex. núm. 2025006437) recibíuse nesta Deputación instancia en solicitude de indemnización por responsabilidade patrimonial, subscrita por D. Diego Ferradas Almeida (S/REF. 681855), por danos en vehículo producidos en accidente de circulación, o día 21/01/2025, consistente na saída de vía e impacto contra o noiro da estrada E.P. 1301 Alto da Portela-Beluso, no Concello de Bueu, a consecuencia, segundo manifesta, da follasca presente na beiravía, e que cuantificou economicamente en 1.113 €.

Resultando.- Que xunto coa instancia, achega o reclamante atestado instruído pola Garda Civil-Destacamento Vilaboa, no que se recolle a seguinte descrición do accidente:

“El vehículo en cuestión circula por la citada vía en sentido descendente y cuando se dispone a trazar una curva hacia la izquierda, observa como el vehículo que circula en sentido contrario invade parte de su carril, obligándolo a arrimarse al arcén, el cual está lleno de hojarasca de los árboles y debido a la velocidad a la que circula no puede detenerlo sin perder el control del mismo, colisionando contra el talud de tierra”.



Resultando.- Que con data 21/07/2025, e con fundamento nos artigos 79, 80 e 81.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e 172.2, último inciso, do R.d. 2568/86, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, solicitouse informe ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais desta Deputación.

Resultando.- Que mediante Resolución Presidencial nº RP2025008481, de data 21/10/2025, e en virtude do artigo 32.1 da Lei 39/2015, ampliouse o prazo para resolver o procedemento por atoparse o mesmo, nese intre procedimental, pendente da emisión do informe por parte do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, circunstancia esta que aconsellou a ampliación do prazo para resolver.

Resultando.- Que con data 15/12/2025, o Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais remite o citado informe, que a continuación se reproduce:

PRIMEIRO.- A estrada E.P. 1301 ALTO DA PORTELA – BELUSO pertence á rede provincial de estradas.





Segundo.- Non existen incidencias rexistradas nesa estrada provincial polas causas descritas na documentación que se achega.

Este servizo foi notificado ás 17:43 horas do 21 de xaneiro do ano 2025 (desde o 112-SOS GALICIA) por “limpeza de vía e restos de accidente”.

A brigada de garda responsable acude ao lugar para atender a incidencia (achégase o parte de vías e obras).

Listados de Partes / Partes

Parte de Vías e Obras

Ano	2025	Parte	42	Finalizado
-----	------	-------	----	------------

Datos Rexistro

Data	21/01/2025	17:43	Pereira
Comunica	112 - SOS GALICIA		
	limpeza de vía anterior e por restos de accidente		
Incidencia			

Concello	BUEU	Estrada	1301 - Alto Portela - Beluso
Ubicación		K.M.	2.0
Brigada	Audeca Naron	Zona	Centro

Seguimento


				Horas	Minutos
Comunicado	21/01/2025	17:45	Pereira	Horas Normal	2 15
Finalizado	21/01/2025	20:30	Pereira	Horas Extra	0 0

Notas

O tempo de resposta segundo o capataz responsable da conservación da estrada provincial que acudiu a cubrir o incidente estímase en 45 minutos aproximadamente.




Terceiro.- O tipo de sinalización existente no lugar descríbese a continuación:



- *PQ 0+880 (M.D.):*
- *Sinal vertical (R-301) de velocidade máxima 50 km/h.*



- *P.Q. 1+462 (M.E.):*
- *Sinal vertical (R-301) de velocidade máxima 50 km/h.*



Cuarto.- FRECUENCIA NA REVISIÓN PERIÓDICA DA ESTRADA PROVINCIAL:

- *Recorrido vixiante de zona: mínimo unha vez cada 2 semanas. O vixiante de estradas responsable da zona é D. José Carballa Balboa.*
- *Recorrido brigada responsable: unha vez cada 2/3 semanas.*

Quinto.- A estrada provincial E.P. 1301 ALTO DA PORTELA – BELUSO pertence á rede provincial de estradas e por tanto está suxeita ao seguinte contrato de: CONSERVACIÓN INTEGRAL DA REDE VIARIA DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA (LOTE 2) adxudicado á UTE CONSERVACIÓN PONTECENTRO.

No CAPÍTULO III: "GRUPO III. OPERACIÓNS PROGRAMABLES" deste contrato están as actuacións correspondentes aos traballos de conservación necesarios para o mantemento do estado dos distintos elementos que constitúen a estrada.



Cabe destacar que o desbroce, segado e limpeza de vexetación herbácea e arbustiva de marxes de estrada ten unha frecuencia de entre 2 a 3 veces ao ano.

Informe que lle traslado aos efectos oportunos.

Sexto.- Subliñar que segundo o recollido na normativa sectorial en materia de estradas defínese:


Beiravía: Franxa lonxitudinal pavimentada, contigua á calzada, non destinada ao uso de vehículos automóviles, agás en circunstancias excepcionais (artigo 5.3 LEG).

Por tanto esta franxa en ningún caso está destinada para o tráfico rodado.

Sétimo.- Por último destacar o interesado afirma no seu escrito de alegacións que:

SEGUNDA.- En el lugar del siniestro se personó una patrulla de Guardia Civil que redactó el correspondiente atestado/informe en el que los agentes actuantes constatan que la causa eficiente del presente siniestro fue la suciedad del arcén lleno de hojarasca.

Nembargantes (e segundo a documentación aportada no atestado remitido), a Garda Civil afirma que a causa do accidente ven motivada pola invasión do carril por parte doutro vehículo no sentido contrario.



María Belén Pampín Camino

*Enxeñeiro*_____

Considerando.- Que no presente procedemento seguiuse o cauce legal descrito nos artigos 65, 67, 81 e 91 da Lei 39/2015 e na Sección 1ª do Título IV, da Lei 40/2015, referida á responsabilidade patrimonial das Administracións Públicas, así como o relativo ó procedemento administrativo xeral, agás no referido á cumprimentación do prazo para resolver, debido á acumulación de tarefas nos servizos participantes na súa tramitación.

Considerando.- Que a instancia se presenta cumprimentando os requisitos de capacidade, lexitimación activa e pasiva e temporalidade (sen ter transcorrido o prazo de prescrición), descritos nos artigos 66, 3, 4.1 a) e 67.1 da Lei 39/2015.



Considerando.- Que non quedou acreditada a relación de causalidade (artigo 32.1 da Lei 40/2015) co material probatorio achegado ó expediente, antes ó contrario, queda demostrada a non responsabilidade desta Deputación no acontecido, e iso polos seguintes argumentos:

- Segundo o atestado da Garda Civil – Destacamento Vilaboa, o accidente produciuse a plena luz do día.
- O firme atopábase mollado e a visibilidade restrinxida pola configuración do terreo.
- Características das marxes: arboradas.
- Existencia de sinal R-301 de limitación de velocidade a 50 km/h.
- Non houbo mais accidentes pola mesma causa.

Considerando.- Que os danos reclamados teñen a súa orixe no comportamento exclusivo do condutor do vehículo que non circulaba correctamente pola calzada senón que, na súa manobra, perdeu o control do mesmo, invadindo a zona de beiravía –zona non destinada ao uso de vehículos– o que impide a declaración de responsabilidade que se pretende respecto da Administración Pública, non podendo imputárselle a esta a responsabilidade pola mera detentación material dunha infraestrutura, o que a convertería nunha especie de aseguradora universal de todos os riscos.

Considerando.- Que o artigo 30 do Real Decreto 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación, establece, respecto da utilización dos carrís de circulación, que *se circulará por la calzada (...).*

Considerando.- Que se recolle no citado atestado que *“El vehículo en cuestión circula por la citada vía en sentido descendente y cuando se dispone a trazar una curva hacia la izquierda, observa como el vehículo que circula en sentido contrario invade parte de su carril, obligándolo a arrimarse al arcén, el cual está lleno de hojarasca de los árboles y debido a la velocidad a la que circula no puede detenerlo sin perder el control del mismo, colisionando contra el talud de tierra”,* o que induce a pensar nunha conducción inadecuada por parte do prexudicado.

Considerando.- Que se trata dun tramo con trazado sinuoso e o firmo mollado, recolléndose no atestado a velocidade inadecuada que lle impide deter o vehículo sen perder o control do mesmo, polo que de terse adecuado a conducción ás circunstancias esixidas pola vía, o accidente podería non terse producido; o que fai descansar a responsabilidade no condutor do vehículo. Así, segundo recolle o artigo 45 do R.d. 1428/03, de 21 de novembro, que aprobou o Regulamento Xeral de Circulación, *“todo condutor está obrigado a respetar los límites de velocidad establecidos y a tener en cuenta sus propias condiciones físicas y psíquicas, las características y el estado de la vía, del vehículo y de su carga, las condiciones meteorológicas, ambientales y de circulación y, en general, cuantas circunstancias concurren en cada momento. A FIN DE ADECUAR LA VELOCIDAD DE SU VEHÍCULO A ELLAS, DE MANERA QUE SIEMPRE PUEDA DETENERLO DENTRO DE LOS LÍMITES DE SU CAMPO DE VISIÓN Y ANTE CUALQUIER OBSTÁCULO QUE PUEDA PRESENTARSE”.*



Asemade, o artigo 46 do citado Regulamento sinala que: *"1. Se circulará a velocidade moderada y, si fuera preciso, se detendrá el vehículo cuando las circunstancias lo exijan, especialmente en los casos siguientes:*

i) En el cruce con otro vehículo, cuando las circunstancias de la vía, de los vehículos o las meteorológicas o ambientales no permitan realizarlo con seguridad.

Considerando.- Que o artigo 132.1 do R.d. 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación establece o seguinte:

"...Todos los usuarios de las vías objeto de la Ley están obligados a obedecer las señales de la circulación que establezcan una obligación o una prohibición y a adaptar su comportamiento al mensaje del resto de señales reglamentarias que se encuentren en las vías por las que circulan..."

Polo seu lado, a Lei 18/1989 de 25 de xullo, de Bases sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Vial, no artigo 3.3 da base cuarta recolle o seguinte:

"...Los conductores quedarán especialmente obligados a circular de manera diligente..."

En idénticos termos se expresa o xa referido R.d. 1428/2003 de 21 de novembro polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación, que no seu articulado recolle:

Artigo 3.1 *"...Se deberá conducir con la diligencia y precaución necesarias para evitar todo daño propio o ajeno, cuidando de no poner en peligro, tanto al mismo conductor..."*

Artigo 18.1: *"...El conductor de un vehículo está obligado a mantener su propia libertad de movimientos, el campo necesario de visión y la atención permanente a la conducción, que garanticen su propia seguridad..."*

Considerando.- Que a xurisprudencia sentada polo T.S. en supostos similares, fai descansar o título de imputación da responsabilidade á Administración -entre outros motivos-, na inoperancia, inacción, renuencia ou retardo na limpeza da vía máis aló dos 45-60 minutos a partir da chamada ou aviso para a súa limpeza, feito de modo real e probado, o que non se produce no presente suposto xa que a brigada que acudiu a cubrir o incidente tardou 45 minutos en chegar ó lugar, polo que de nada se pode responsabilizar a esta Deputación, podendo neste sentido invocarse "ad exemplum" as seguintes sentenzas: Sentenza do T.S. Sala 3ª de 11/02/87; sentenza do T.S. Sala 3ª de 07/10/97; sentenza do T.S. Sala 6ª de 03/12/02; sentenza do T.S. Sala 3ª de 24/02/03 F.X.1º; sentenza do T.S. Sala 3ª de 11/12/07 F.X.2º; sentenza do TSXG de 24/12/03 F.X.5º; sentenza do TSXG do 27/12/07; sentenza do TSXG de 04/10/07; ditame do Consello de Estado de 26/04/07; Sentenza da sección 8ª da Sala do contencioso-administrativo da Audiencia Nacional de 23/06/98; do Xulgado do contencioso-administrativo nº1 de Pontevedra, sentenzas números 121/04; 20/07; 140/08; 114/09;



123/11; 77/12; 68/13 e 185/13; do Xulgado do contencioso-administrativo nº2 de Pontevedra, sentenzas números 170/04; 2/05; 183/06; 74/09 e 264/14; e do Xulgado do contencioso-administrativo nº3 de Pontevedra, sentenzas números 179/04; 74/08; 250/13, 112/14 e 202/20; abundancia de precedentes que, de interpoñerse recurso contencioso, facultaría á Deputación á solicitude de imposición de custas pola temeridade e mala fe na interposición da acción, considerando a pluralidade de precedentes e a identidade de razón entre eles e a “causa petendi” da presente reclamación.

Considerando.- Que non se produciron mais accidentes pola mesma causa.

Considerando.- Que as Administracións Públicas réxense en materia de responsabilidade patrimonial polos artigos 106.2 da Constitución Española, 32 e seguintes da Lei 40/2015, 54 da Lei 7/85 e 223 do R.d. 2568/86.

Considerando.- Que o presente acordo cumprimenta o establecido nos artigos 88.1 e 35.1 b) da Lei 39/2015, referido á desestimación argumentada da reclamación.

Considerando.- Os preceptos invocados e demais de xeral e pertinente aplicación.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade desestimar a solicitude de indemnización.

34.37344.- VALIDACIÓN DA CERTIFICACIÓN FINAL DA OBRA “MELLORA PEONIL E DRENAXE NA EP-9702 AS SINAS-VILANOVA DE AROUSA (CONCELLO DE VILANOVA DE AROUSA)”. (EXPTE.2025003086)

Resultando.- Que mediante Resolución Presidencial núm. 2025005771 de data 7 de xullo de 2025, acordouse adxudicar a empresa “CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, SAL” (NIF A36008886) a obra “*Mellora peonil e drenaxe na EP-9702 As Sinas-Vilanova de Arousa (Concello de Vilanova de Arousa)*”, por un importe de 116.524,44 € (IVE engadido) e un prazo de execución de CATRO (4) meses (CSV: TGUTOM4LQ75JKWCJ).

Resultando.- Que con data 22/08/2025 formalizouse a acta de comprobación de replanteo, establecéndose coma data para finalizar a obra o día 22/12/2025 (CSV: 4KRN53MQIFOE0KL).

Resultando.- Que consta no expediente a acta favorable con observacións da recepción da obra de data 10/04/2026 (CSV: GB76VRDT27AIF0I2).

Resultando.- Que en data 11/05/2026 a empresa adxudicataria achega polo rexistro electrónico desta Administración a Certificación FINAL dos excesos da obra polo período comprendido entre o 22/08/2025 e o 22/12/2025, por importe de 7.177,72 € (CSV: HHBIKK7PSTXA3KKV).



Resultando.- Que remitida a Intervención a solicitude de fiscalización da certificación FINAL esta devólvea informada en data 05/06/2026 (CSV: EJKX2DI14THVW6Y) facendo constar as seguintes observacións: *"Debido a que a recepción da obra efectúouse fóra do prazo establecido (1 mes a partir da súa finalización (art. 210.2 da Lei 9/2017) e á demora na tramitación da certificación, resulta imposible o cumprimento do prazo establecido para a aprobación destas (art. 243 Lei 9/2017)", e concluíndo: "Polo exposto, tendo en conta as observacións sinaladas, dado que as unidades de obra que se certifican se executaron, procedería a aprobación da certificación seguindo o procedemento de validación do gasto pola Xunta de Goberno".*

Considerando o disposto no artigo 54 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administración públicas, relativo á validación de actos anulables.

Considerando que por Disposición Adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, no seu apartado 1, faculta á Ilmo. Presidente para actuar como órgano de contratación respecto deste contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185.1 e 3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora de facendas locais e o establecido nas bases de execución do vixente orzamento, concretamente na base 17.

Con base nos antecedentes precedentes, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a validación da obriga de gasto relativa á certificación FINAL da obra *"Mellora peonil e drenaxe na EP-9702 As Sinas-Vilanova de Arousa (Concello de Vilanova de Arousa)"*, polo importe bruto de 7.177,72 €, de conformidade co seguinte detalle:

Terceiro	Aplicación orzamentaria	Importe
CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, SA (NIF A36008886)	2026/456.4530.61201.2025	7.177,72 €
Descontos		
Taxa dirección de obra (4% PEM adx.)		199,40 €
Control de calidade (3% PEM licit.)		156,27 €
Total descontos		355,67 €
TOTAL LÍQUIDO A PERCIBIR		6.822,05 €

Segundo.- Aprobar a liquidación dos ingresos correspondentes practicándose a retención ou desconto sobre o importe bruto da certificación, segundo detalle referido no apartado anterior.

Terceiro.- Ordenar o pago polo importe líquido.

Cuarto.- Dar traslado da presente Resolución ao interesado.



35.37345.- COMUNICACIÓNS: non houbo

36.37346.- FÓRA DA ORDE DO DÍA: non houbo

37.37347.- ROGOS E PREGUNTAS: non se formularon

E non habendo máis asuntos que tratar polo Sr. Presidente, sendo as dez horas e cincuenta e dous minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente acta, que asina o Ilmo. Sr. Presidente, comigo, a Secretaría que dou fe.

